- 46532 (11/POC-008661)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as reformas pendentes no Instituto de Educación Secundaria Alfredo Brañas, de Carballo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 46533 (11/POC-008662)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre os motivos para non completar a reforma integral do Centro de Educación Infantil e Primaria Francisco Vales Villamarón, en Bentanzos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 46534 (11/POC-008663)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as dificultades que están a atravesar os centros polo aumento do alumnado con necesidades específicas e especiais

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 46535 (11/POC-008664)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre o orzamento e os prazos previstos para a construción do novo instituto de ensino secundario de Navia, en Vigo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 46536 (11/POC-008665)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a proposta de zonificación, no concello de Marín, elaborada pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 46537 (11/POC-008666)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a valoración do aumento de casos de agresión por odio contra as persoas do colectivo LGTBI e do grao de cumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, no ámbito escolar

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 46538 (11/POC-008667)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a valoración do aumento de casos de agresión por odio contra as persoas do colectivo LGTBI e o grao de cumprimento da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non-discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, no ámbito escolar

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 46539 (11/POC-008668)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre a materia de Música nos distintos currículos educativos

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 46541 (11/POC-008669)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para mellorar a situación económica e laboral da mocidade galega

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 46542 (11/POC-008670)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre o aumento do alumnado con necesidades educativas especiais matriculado este curso no Centro Público Integrado Cruz do Sar, de Bergondo

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 46544 (11/POC-008671)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 3 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do aumento dos delitos de odio contra as persoas LGTBI

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 46546 (11/POC-008672)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades respecto da cobertura nos centros educativos dos equipos de orientación específicos

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 46547 (11/POC-008673)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre a valoración por parte do Goberno galego do nivel de execución orzamentaria do Observatorio Galego contra a Discriminación por Orientación Sexual e Identidade de Xénero

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 46548 (11/POC-008674)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre os motivos para non atender e completar as necesarias reformas dos centros de educación infantil e primaria Plurilingüe de Silleda e Ramón de Valenzuela, da Bandeira, no concello de Silleda

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 46549 (11/POC-008675)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e Díaz Varela, Noa Susana

Sobre o grao de cumprimento da Lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia

Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación Radio e Televisión de Galicia



- 46551 (11/POC-008676)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as previsións para facer público o estudo respecto da realidade laboral das persoas LGTBI anunciado pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 46553 (11/POC-008677)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as actividades de información, formación e sensibilización feitas en 2022 pola Xunta de Galicia para paliar o aumento dos delitos e das actitudes LGTBIfóbicas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 46555 (11/POC-008678)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Lago, Noelia e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades respecto do apoio á Asociación Évame-Oroza, impulsada con motivo do centenario do poeta Carlos Oroza

Comisión 4ª, Educación e Cultura

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.3. Preguntas para resposta por escrito

Admisión a trámite e publicación

- 46186 (11/PRE-014820)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Otero Lago, Noelia

Sobre a contratación de produción externa realizada pola CRTVG desde o ano 2010

- 46362 (11/PRE-017654)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para cubrir dúas prazas de médico do Centro de Saúde de Riotorto

- 46459 (11/PRE-017656)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Lourenzo Sobral, Manuel Antonio

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto das medidas de protección dos murais de Urbano Lugrís situados no interior do edificio da rúa dos Olmos, número 25, da Coruña

- 46467 (11/PRE-017657)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Rivas Cruz, Xosé Luís e Castro García, Daniel

Sobre as previsións da Xunta de Galicia a respecto dos procesos de reestruturación da propiedade da chamada “zona norte do concello de Mondoñedo” e que abrangue as parroquias da Couboeira, Masma e Vilamor

- 46511 (11/PRE-017658)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Prado Cores, María Montserrat

Sobre as previsións da Xunta de Galicia para mellorar a atención ás urxencias no Centro de Saúde de Cerdedo

- 46525 (11/PRE-017659)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre os criterios que vai establecer a Xunta de Galicia para bonificar co quince por cento do canon de Sogama os concellos

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2023

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

No marco establecido polo artigo 51 da Constitución Española de 1978, as entidades locais, no ámbito das súas competencias, levan anos desenvolvendo actividades de utilidade pública en materia de defensa das persoas consumidoras e usuarias, tales como vixilancia e inspección como, nalgúns casos, os de informar, asesorar, atender queixas e tramitar reclamacións dos consumidores.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 30.1.4, outórgalle á Comunidade Autónoma galega competencias exclusivas en materia de defensa do consumidor e do usuario.

O texto refundido da Lei xeral para a defensa dos consumidores e usuarios aprobado polo RDL 1/2007, do 16 de novembro, recolle a colaboración das autoridades competentes en materia de consumo coas entidades locais:

TÍTULO III A cooperación institucional

CAPÍTULO I Conferencia Sectorial de Consumo

Artigo 40. Conferencia Sectorial de Consumo.

1. A Conferencia Sectorial de Consumo, presidida polo ministro de Sanidade e Consumo e integrada por este e polos asesores competentes nesta materia das comunidades autónomas, é o máximo órgano de cooperación institucional entre o Estado e as comunidades autónomas.
2. Sen prexuízo da participación da asociación de ámbito estatal de entidades locais de maior implantación na Conferencia Sectorial de Consumo, de conformidade co disposto no artigo 5.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Ministerio de Sanidade e Consumo. promoverá a cooperación institucional coas corporacións locais a través da dita asociación, establecendo, se é o caso, órganos de cooperación institucional permanentes, de conformidade co disposto nas bases reguladoras de réxime local.



O artigo 24 do Estatuto de Consumidores e Usuarios de Galicia establece que, co fin de facilitarles aos consumidores e usuarios unha información precisa para o correcto exercicio dos seus dereitos, a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia promoverá, fomentará e, se é o caso, habilitará ou apoiará a creación de oficinas e servizos de información ao consumidor e usuario, sexan de titularidade pública ou dependentes dunha organización ou asociación de consumidores.

A Lei 2/2012, do 28 de marzo, de protección xeral dos consumidores e usuarios, establece as competencias das entidades locais e de coordinación e cooperación coa Administración autonómica competente en materia de consumo.

Artigo 71. Competencias das corporacións locais en materia de consumo.

1. Correspóndelles ás entidades locais promover e desenvolver a protección e defensa dos consumidores nos seus respectivos ámbitos territoriais, co alcance e contido que lles atribúan esta lei e o resto da normativa legal de aplicación, no marco da ordenación e programación establecida pola Administración autonómica.

2. As administracións locais exercerán, en particular, as seguintes competencias:
- a) A execución das medidas que fosen adoptadas pola Administración autonómica competente en materia de consumo en colaboración coa Inspección de Consumo.
 - b) A inspección, comprobación, corrección e sanción do incumprimento dos requisitos establecidos na normativa de protección do consumidor en materia de venda ambulante ou non sedentaria, feiras e mercados.
 - c) A fixación, de acordo cos límites legalmente establecidos, da contía das sancións a que se refire a letra anterior, que poderán ser obxecto de regulación mediante a correspondente ordenanza local de consumo.
 - d) A adopción de medidas urxentes, que deberán ser comunicadas inmediatamente ao organismo autonómico competente en materia de consumo.
 - e) Información e asesoramento aos consumidores, a súa formación e educación.
 - f) O establecemento de oficinas ou servizos de atención ao consumidor, que deberá ser comunicado ao organismo autonómico competente en materia de consumo.
 - g) A recepción de reclamacións dos consumidores no seu ámbito territorial e a realización de mediacións entre os consumidores e as empresas de todos eles, como paso previo á súa remisión á administración competente para a súa tramitación.



h) O fomento dos sistemas extraxudiciais de resolución de conflitos, en particular do sistema de arbitraje de consumo.

i) O apoio e promoción das organizacións de consumidores radicadas no seu territorio.

j) O fomento dos órganos de participación cidadá en materia de consumo.

3. As entidades locais, con respecto á normativa estatal e autonómica de aplicación, poderán aprobar ordenanzas en materia de consumo para un mellor cumprimento da normativa de defensa do consumidor.

4. Con carácter xeral, as administracións locais poderán ordenar a realización de actuacións de inspección no ámbito da súa competencia. O resultado destas actuacións darase conta ao órgano da Administración autonómica competente en materia de consumo.

5. Naqueles supostos en que a Administración local afectada non dispoña dos medios técnicos ou económicos necesarios, poderá solicitar do organismo autonómico competente a execución subsidiaria de determinadas funcións das mencionadas nos apartados anteriores.

O organismo autonómico competente en materia de protección das persoas consumidoras en Galicia é o Instituto Galego do Consumo e da Competencia (IGCC), que establecera unha liña de axudas en concepto de subvención económica para os concellos galegos de menor poboación, co que se fomentaba que nas devanditas entidades locais se puidera crear e/ou manter as oficinas municipais de información ao consumidor (OMIC), lugares próximos aos veciños que permitisen unha información directa, así como a tramitación inmediata das reclamacións, existindo deste xeito unha rede destas oficinas en decenas de concellos galegos, moitos deles rurais.

O que aconteceu foi que a maioría das oficinas desapareceron como consecuencia da mala xestión da Xunta de Galicia ó non convocan esta liña de subvencións dende fai máis de dez anos, sen ter en conta que os pequenos concellos non teñen orzamentos para destinar a estas oficinas e contratar ó persoal necesario.

Na actualidade, o propio IGCC dispón de 7 oficinas propias de atención (Santiago, Coruña, Ferrol, Vigo, Pontevedra, Lugo e Ourense) que non son suficientes para absorber as necesidades de tramitación e información da cidadanía galega, especialmente as persoas que residen nas zonas máis rurais que ven como estes puntos de información están lonxe da súa residencia.



Este feito, unido ao incremento exponencial dos motivos polos que os consumidores e as consumidoras deben acudir a estes puntos de información (facturación da luz, contratación fraudulenta a distancia, servizos non prestados sen devolución de cantidades,...) fan necesario fomentar unha vez máis a creación destas oficinas municipais de información ao consumidor e para iso é fundamental que a Xunta de Galicia, que é quen ten a competencia nesta materia, achegue fondos aos concellos galegos.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Xunta de Galicia a establecer unha liña suficiente de axudas ás entidades locais para que permitan reabrir as OMIC, para que as administracións locais poidan exercer as competencias que se lles atribuíron na Lei 2/2012 de 28 de marzo, de protección xeral das persoas consumidoras e usuarias?
2. Cando ten pensado a Administración autonómica volver a sacar esta liña de axudas para que as entidades locais podan reabrir as OMIC?
3. Cal foi o motivo polo que a Xunta de Galicia deixou de convocar esta liña de axudas?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro do 2023

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 02/01/2023 12:00:48

Martín Seco García na data 02/01/2023 12:00:55



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Paloma Castro Rey e Martín Seco García, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Festa do Gaiteiro en Soutelo de Montes no Concello de Forcarei, celebrouse o 20 de agosto, converteuse nun dos actos principais de homenaxe ao famoso gaiteiro Avelino Cachafeiro, coincidindo co 50 aniversario da súa morte.

O músico foi autor, entre outras moitas composicións, dunha das muiñeiras máis emblemáticas da cultura popular galega, a Muñeira de Chantada. Ademais, chegou a ser recoñecido como un dos mellores artistas da súa época, coincidindo e sendo homenaxeado por outros referentes da música ou da literatura. Co seu alcume de Gaiteiro de Soutelo, fixo xiras tanto por España como por América do Sur.

Esta *Festa do Gaiteiro de Soutelo* é considerada pola Xunta de Galicia como Festa de Interese Turístico Galego, ata o ano pasado recibía unha subvención por parte da Administración autonómica, pero este ano non contou con ningún tipo de subvención por parte do Goberno galego.

Por outra banda, a *Festa do Choco* celebrouse do venres 29 de abril ao domingo 8 de maio de 2022 no concello de Redondela. Os asistentes a esta festa gastronómica puideron degustar este exquisito cefalópodo durante eses días. Nesta festa, que comezou a celebrarse nos anos 80, a orixinalidade vese recompensada na elaboración de pratos cociñados con choco, que despois as persoas asistentes ao evento poden degustar de diversas formas.

Esta festa tamén está catalogada coma Festa de Interese Turístico Galego e neste ano 2022 non recibiu ningunha subvención por parte da Administración autonómica.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales foron as Festas de Interese Turístico subvencionadas pola Xunta de Galicia este ano?
2. Cales foron os criterios que seguiu o Goberno galego para subvencionar as Festas de Interese Turístico?
3. Cales foron as Festas de Interese Turístico solicitadas e non subvencionadas pola Xunta de Galicia este ano?
4. Vai o Goberno galego a repartir as subvencións para as Festas de Interese Turístico do vindeiro ano 2023 a través dun proceso de concorrencia competitiva?
5. Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia non subvencionou á *Festa do Gaiteiro de Soutelo* en Forcarei?
6. Cales son os motivos polos que a Xunta de Galicia non subvencionou a *Festa do Choco* de Redondela?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro do 2023

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Paloma Castro Rey

Martín Seco García

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 02/01/2023 12:01:44

Paloma Castro Rey na data 02/01/2023 12:01:52

Martín Seco García na data 02/01/2023 12:02:00



Á Mesa do Parlamento

María Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A sobrecarga asistencial vivida nas últimas semanas nas Urgencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro, onde a finais de outubro alcanzaron un pico de 300 atencións en tan só unha xornada e acumulou esperas de máis de catro horas, puxo no punto de mira a necesidade de dotar de máis medios este servizo para que poidan funcionar mellor as tarefas como a triaxe e a asistencia, agora en mans de grandes profesionais que sofren a saturación pola falta de recursos. Esta é unha realidade que foi denunciada tanto por usuarios e usuarias como por profesionais nos últimos días. As persoas usuarias chegaron a asegurar que: “tan só se atendía por estrita orde de chegada, atopando na cola cativos e cativas con neumonía, crisis respiratorias ou por un golpe”.

A principios de novembro a Xerencia afirmaba que foi un problema puntual na triaxe debido a ausencia dunha profesional o que provocou un desaxuste na atención. Esta explicación foi criticada polos profesionais que destacaron que non se axusta á realidade, xa que de luns a venres pola mañá hai dúas enfermeiras, unha en boxes e unha en camas de observación e nese horario a triaxe non existe, por iso non se puido crear tal problema. O persoal sanitario non é o culpable dos colapsos que se están producindo na sanidade pública, o único culpable é o Sergas pola súa mala xestión.

O persoal lembrou que dende antes da apertura do *Hospital Álvaro Cunqueiro* o cadro de persoal era insuficiente, necesitando contratar todas as fins de semana persoal eventual non coñecedor do servizo, porque polas mañás hai tres zonas funcionado (boxes, camas e triaxe) e só figuran dúas enfermeiras.

A dirección do Cunqueiro solicitou colaboración de enfermería para abrir o servizo de triaxe e así poder atender as urgencias por prioridade e non por orde de chegada e para iso prometeron probar o funcionamento con persoal da unidade e se realmente funcionaba comprometíanse a ampliar o cadro. Sete anos despois, os e as profesionais denuncian que a triaxe só se está facendo nalgúns quendas a costa do persoal xa existente no servizo.



Esta problemática das urxencias pediátricas é outra consecuencia da ineficiente xestión en termos de recursos humanos, froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan, formulan as seguintes preguntas:

1ª) Vai a Xunta de Galicia incorporar inmediatamente o persoal de enfermería necesario para poder levar a cabo a triaxe de doentes nas Urxencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo?

2ª) Cales son os motivos polos que o Sergas non ampliou durante estes sete anos o persoal para poder facer as triaxes de doentes nas Urxencias Pediátricas do Hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 02/01/2023 12:02:50

Julio Torrado Quintela na data 02/01/2023 12:02:59

Marina Ortega Otero na data 02/01/2023 12:03:08



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A única estrada autonómica que atravesa Vilaboa, concretamente á altura de Paredes, é a estrada PO-264, que une Paredes con Arcade por un viario secundario. Este viario presenta unha acusada inseguridade para a circulación tanto peonil dos veciños e veciñas de Vilaboa como do tráfico; un viario que rexistra un incremento considerable do tráfico de vehículos pesados o que eleva o risco para os viandantes.

O alcalde de Vilaboa trasladou á Xunta de Galicia diversas propostas de actuación inmediata, entre as que destacan as de calmado de tráfico coa instalación de lombos de asno nos lugares de maior risco para forzar a redución da velocidade onde hai maior circulación peonil, que coincide coa delimitación do núcleo rural de Paredes.

O goberno municipal tamén solicitou o ensanche do viario e a construción de beirarrúas, e a conexión peonil entre o trazado da estrada autonómica PO-264 e a estrada estatal N-550 para posibilitar a conexión coas restantes vivendas e equipamentos ao leste da vila.

Estas solicitudes foron feitas polo alcalde desta vila nunha reunión co Xefe Territorial de Infraestruturas, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade o 20 de outubro deste ano.

Sen embargo desde a Xefatura Provincial de Infraestruturas remitiron ao alcalde directamente á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade ao tratarse dunha actuación que excede as competencias do departamento provincial.

Logo desta resposta o alcalde de Vilaboa solicitou de inmediato unha reunión coa conselleira de Infraestruturas para darlle traslado da situación de inseguridade que se rexistra no mencionado viario.



O Grupo Parlamentario Socialista considera que a Xunta de Galicia ten que actuar de forma urxente no tramo desta estrada que pasa por Vilaboa para garantir a seguridade neste trazado.

Os veciños e veciñas da zona conviven no seu día a día cunha gran inseguridade debido a esta estrada. O simple feito de camiñar por ela a fai moi perigosa e priva aos peóns de poder transitar por estar rúa en condicións de seguridade.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que a veciñanza de Vilaboa, merecen o compromiso de todas as forzas políticas do Parlamento de Galicia para conseguir que esta obra sexa canto antes unha realidade, por iso presentamos unha emenda aos orzamentos do 2023 da Xunta de Galicia solicitando a mellora da seguridade na PO-264, sendo rexeitada a emenda polo Goberno autonómico.

Agora mesmo, a veciñanza desta vila están sendo discriminados por un Goberno autonómico que non atende as súas demandas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai a Xunta de Galicia a realizar todas as obras que o concello de Vilaboa solicita para a PO-264 para mellorar a seguridade viaria nesta vila?
2. Vai a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a ensanchar o viario PO-264 e a construír beirarrúas nesta estrada de Vilaboa para mellorar a seguridade viaria?
3. Ten pensado a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a instalación na PO-264 de varios lombos de asno que permita a mellora da seguridade peonil en Vilaboa?
4. Vai a Xunta de Galicia a realizar unha conexión peonil entre o trazado da estrada autonómica PO-264 e a estrada estatal N-550 para posibilitar a conexión coas restantes vivendas e equipamentos ao leste da vila?
5. Vai a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a pechar unha reunión antes de que remate o ano co alcalde de Vilaboa para que lle dea traslado da situación de inseguridade desta estrada autonómica PO-264 e estudar as posibles actuacións para mellorar a seguridade viaria?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro do 2023





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/01/2023 13:10:37
Nº Rexistro: 46318
Data envío: 02/01/2023 13:10:37.251

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 02/01/2023 12:04:12

Patricia Otero Rodríguez na data 02/01/2023 12:04:19

Eduardo Ojea Arias na data 02/01/2023 12:04:32

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-L2nzmhUJO-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

O Centro de Infantil e Primaria Reibón é o centro de infantil e primaria do Morrazo con máis alumnado. Este centro necesita unha reforma integral da cociña, esta reclamación foi realizada en varias ocasións por parte da dirección do colexio e polos pais e nais. A Consellería de Educación comprometera un cambio nestas instalacións de máis de 50 anos este verán, pero finalmente optou por unha obra menor.

En primavera a Consellería de Sanidade recomendou tomar medidas hixiénicas na cociña deste centro, neste momento é cando a Consellería de Educación prometeu a dirección do colexio que este verán substituíríasse todo o piso, o alicatado das paredes e se reformaría a antiga instalación eléctrica, a fontanería e a de gas.

Sen embargo, dende a Xunta de Galicia finalmente só cambiaron o chan, polo que o Consello Escolar deste centro esixe á Xunta a prometida reforma integral da cociña. Tamén hai que ter en conta que esta cociña é utilizada para distintos eventos en Moaña, como por exemplo para a Festa do Mexillón.

O noso grupo parlamentario presentou unha emenda aos orzamentos do 2023 da Xunta de Galicia solicitando a reforma integral da cociña deste centro, sendo rexeitada a emenda polo Goberno autonómico.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia reformar totalmente a cociña do Centro de Infantil e Primaria Reibón de Moaña?
2. Cal foi o motivo do Goberno galego para non facer unha reforma integral da cociña do Centro de Infantil e Primaria Reibón, cando xa se comprometeran?



Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 02/01/2023 12:05:53

Noelia Otero Lago na data 02/01/2023 12:06:01

Noa Susana Díaz Varela na data 02/01/2023 12:06:09



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Este verán o CEIP de Pazos de Reis foi obxecto de diversas obras de mellora dentro das actuacións que o Concello de Tui realiza nos centros educativos con fondos propios. As obras realizadas neste centro consistiron no acondicionamento do patio frontal, cunha zona axardinada e bancos para o xardín escolar. Tamén se procedeu a pintar as varandas, lixar e pintar as portas, e adecuar o parque infantil do patio traseiro con chan de formigón, e adecuar os baños, pintar as aulas infantís e instalar pisos flotantes na aula prefabricada.

O CEIP de Pazos de Reis, é un dos centros máis antigos do Concello de Tui, lembrar que no ano 2008 cumpriu o seu 50 aniversario, polo tanto ten 64 anos. O edificio non está en boas condicións e quedou obsoleto debido ás novas competencias curriculares, o que dificulta ter un maior número de alumnos, aínda que cada ano aumenta a matrícula dentro das posibilidades do centro.

Dende a comunidade educativa, e co apoio do Concello de Tui, estase reclamando a construción dun novo colexio por presentar graves deficiencias pola antigüidade das súas instalacións e para que teña novos espazos educativos e capacidade suficiente para cubrir as demandas da comunidade educativa.

No ano 2016 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tiña previsto investir 2,6 millóns de euros na construción dun CEIP en Pazos de Rei, obra que xa estaba incluída no Programa operativo 2014-2020 da Consellería de Educación e para o que xa contaba cunha parcela de 14.000 metros cadrados. Nesa época, a secretaria xeral técnica da Consellería explicou que o novo colexio de infantil e primaria de Pazos de Rei sería un centro de 1 liña, é dicir, contaría con 9 aulas, unha por curso, para un aforo máximo de 25 alumnos por aula. O proxecto do novo centro tería a posibilidade de ampliarse a 2 liñas de infantil e primaria se fose necesario por un incremento de alumnado.



Ano 2022, non hai absolutamente nada por parte da Xunta de Galicia para levar a cabo a construción deste colexio no concello de Tui, é máis nin aparece nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2023.

O Goberno galego debe garantir que os rapaces e rapazas de Tui asistan ás súas clases en condicións dignas dunha educación pública e de calidade.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten pensado a Xunta de Galicia construír un novo centro educativo en Pazos de Rei en Tui, xa que o existente está obsoleto pola súa antigüidade? En caso afirmativo, cando?
2. Cales foron os motivos do Goberno galego para non construír este novo centro educativo en Tui, cando xa estaba planificado?

Pazo do Parlamento, 2 de xaneiro do 2023

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 02/01/2023 12:07:16

Noelia Otero Lago na data 02/01/2023 12:07:24

Noa Susana Díaz Varela na data 02/01/2023 12:07:32





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende a pandemia da COVID-19 as autoridades sanitarias da EOXI de Lugo, Cervo, Monforte determinaron o peche de varios consultorios médicos da provincia de Lugo.

Podemos discutir se o adecuado foi o peche por non poder establecer o dobre circuíto de circulación para separar os/as doentes potencialmente infectados dos/as que non o estaban, ou o seu sería establecer as reformas e as medidas precisas para mantelos funcionando e evitar así a confluencia de máis persoal e pacientes nos centros principais, en todo caso, ben ou mal feito, os consultorios permaneceron pechados durante moitos meses.

Enténdese pois que dende a Dirección da EOXI se asumiu como normal o prexuízo que estes peches causaron á poboación, cuestión que se demostra pola demora e a forma coa que se están a reabrir.

Así temos o exemplo da semirreapertura do consultorio de Parga, que abre catro días á semana coa metade de persoal médico, e que polo tanto non dá o servizo sanitario completo que si daba antes do seu peche.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No intento de facer ver que se volve dar unha situación de normalidade procedeuse tamén a moito menos que semirreapertura do Consultorio de Castro de Rei, xa que agora mesmo conta con unha enfermeira como único persoal 3 días á semana. O cal non garante unha carteira de servizos completa e quizá deixa exposta á enfermeira a unha situación de inseguridade xurídica no exercicio do seu traballo.

Todo isto unido a que no Centro de Saúde de Castro Riberas de Lea o persoal médico segue a ser deficitario, dá como resultado unha calidade asistencial diminuída para todo o concello.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Considera o goberno da Xunta que o Concello de Castro de Rei ten un servizo sanitario de Atención Primaria á altura das necesidades da súa poboación e que o consultorio de Castro pode ofrecer unha asistencia sanitaria completa?

. O feito de non reabrir os consultorios co nivel asistencial co que contaban antes do seu peche significa que se planea o seu peche nun futuro?

. Como valoran a atención sanitaria que se oferta no Concello de Castro de Rei?

. Son suficientes os ratios de persoal para atender a máis de 5000hab cos que conta o Concello?

. Que medidas tomaron e pensan tomar para a mellora da situación de falta de persoal na Atención Primaria do concello?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2023 13:22:21

María del Carmen Aira Díaz na data 02/01/2023 13:22:26

Olalla Rodil Fernández na data 02/01/2023 13:22:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza concrete de xeito decidido e ambicioso unha partida orzamentaria para a posta en marcha do Proxecto Nós no vindeiro ano.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A importancia de que a lingua galega estea presente en todos os medios dixital, ben sexa nos diferentes soportes, plataformas, xogos ou aplicacións é vital por dous motivos.

En primeiro lugar, polo feito de que os e as falantes de galego teñan cumpridos os seus dereitos lingüísticos máis básicos, como son a posibilidade de poder acceder ou recibir información na súa lingua.

En segundo lugar, porque o feito de que o galego estea presente en todo o mundo dixital é algo básico e necesario para a promoción e o fortalecemento da lingua na infancia e na xuventude e, de igual maneira, para facilitar que non exista unha ruptura da transmisión interxeracional da nosa lingua.

Estes argumentos nos que aparentemente todos os grupos parlamentarios coinciden viuse reflexado, a priori, na presentación do Proxecto Nós. Un Proxecto Nós que segundo a propia Xunta “vai xerar os recursos necesarios para colocar o galego na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

vangarda das Tecnoloxías Intelixentes, nomeadamente naquelas áreas relacionadas coas Tecnoloxías Lingüísticas e, de modo xeral, na sociedade e economía da Intelixencia Artificial.”

Pola contra, este proxecto que se presentaba o pasado 23 de maio a bombo e prato foi un novo exemplo da política do Partido Popular de grandes presentacións con cero contido. Esta realidade comprobámola ao ver como nos pírricos orzamentos da Xunta de Galiza no relacionado coa normalización lingüística non se concreta nin un só euro para o Proxecto Nós, un feito co que queda claro que a presenza do galego no dixital non é nin moito menos unha prioridade para o Partido Popular.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

- Cal é a razón que explica que o Proxecto Nós non teña orzado nin un só euro para o ano 2023?
- Cando pensa a Xunta de Galiza desenvolver e rematar o Proxecto Nós?
- Cal é o nivel de desenvolvemento actual do Proxecto Nós?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**
Mercedes Queixas Zas





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/01/2023 13:31:57

Daniel Castro García na data 02/01/2023 13:32:11

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/01/2023 13:32:23





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a protección da muralla de Betanzos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A muralla de Betanzos está documentada desde o século XIII, cando Afonso VIII de Galiza e León autoriza o traslado da vila de Betanzos ao castro de Untia. O seu primeiro trazado seguía precisamente o debuxo da muralla e foxos castrexos, percorrendo as rúas Travesa, Pescadería e Nova.

O aumento de poboación que experimentou a cidade ampliouse cun segundo recinto no século XIV, estendéndose a nova muralla polo seu percorrido actual.

No século XV coñeceuse unha importante rehabilitación, correspondendo a esta época as portas da muralla que se conservaron: a da Ponte Vella, a do Paio Formoso ou do Cristo da Ribeira e dos Ferreiros ou da Ponte Nova, todas elas góticas, e mais a do Hórreo.

Desde o século XVI o Concello consentiu no arrimo de vivendas á muralla por ambos lados, como unha vía para incrementar os tributos municipais, motivo polo cal hoxe non é visible.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A muralla de Betanzos é, malia a demolición da Porta da Vila no século XIX, a cerca medieval que máis portas orixinais conserva de todo o país. Por este motivo foi declarada Ben de Interese Cultural o 17-10-1994.

Construída maioritariamente con cachotería, o seu estado actual é desigual. En boa parte do seu trazado, que aínda revela a trama urbana, é imposible vela debido ao arrimo de vivendas, se é que non foi demolida para facelas máis amplas. Mais nalgúns tramos aínda se conserva e é posíbel identificala.

Así, hai un tramo conservado entre as rúas Fonte de Unta e das Monxas, onde son prezábeis mesmo as torres intercaladas na muralla, de corte rectangular e perpiaños graníticos. O outro tramo onde a muralla se pode ver é ao longo da rúa do Valdoncel, onde se poden intuír tamén varias torres, unha delas a que defendía a escaleira da Porta do Hórreo, demoucada irregularmente no ano 2000.

Precisamente neste último tramo da muralla vén de se rexistrar unha nova agresión contra o patrimonio, ao desenvolverse traballos de limpeza nun soar situado na rúa do Valdoncel que remataron coa pedra da muralla amoreada a xeito de entullo. Outro tanto acontecera, no soar contiguo, no ano 2014, onde se intuía a presenza doutro torreón da muralla.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

- Tiña o propietario da finca a autorización de patrimonio para facer estas obras colindantes coa muralla (BIC)?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten coñecemento o goberno dalgunha denuncia por este derrubo da muralla declarada BIC?

- Que actuacións pensa realizar e en que prazo?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 02/01/2023 13:42:18

Daniel Castro García na data 02/01/2023 13:42:21

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 02/01/2023 13:42:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Diante da insuficiencia do caudal do río Lérez para satisfacer as necesidades de consumo da poboación da fábrica de ENCE, a empresa anunciou a súa intención de poñer en marcha un proxecto piloto para o abastecemento con auga depurada na EDAR dos Praceres, unha iniciativa que conta co beneplácito de Augas de Galicia como entidade xestora da depuradora declarada de interese público excepcional na Disposición adicional primeira da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

En relación con este tema, hai que ter en conta o anuncio feito no seu día por ENCE do proxecto “Novo ciclo da auga”, que segundo a empresa permitiría reducir nun 90% o volume do efluente á ría de Pontevedra e tomar do río Lérez só o 10% do caudal consumido.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

En que consiste o acordo entre Augas de Galicia e ENCE para a utilización pola empresa de auga depurada da EDAR dos Praceres?

Que forma técnico-xurídica ten este acordo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Está previsto algún cobro por este subministro de auga, cuxa depuración paga a veciñanza dos concellos de Pontevedra, Marín e Poio?

Cal é o balance do proxecto “Novo ciclo da auga” anunciado pola empresa ENCE?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2023 13:48:20

Paulo Ríos Santomé na data 02/01/2023 13:48:29

Alexandra Fernández Gómez na data 02/01/2023 13:48:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as medidas relacionadas co cumprimento do previsto na Lei 9/2019 de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario (DOG, 10 de xaneiro de 2020).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1.A Disposición adicional sétima da Lei 9/2019 de medidas de garantía de abastecemento nos episodios de seca e nas situacións de risco sanitario (DOG, 10 de xaneiro de 2020) establece que as empresas privadas que teñan concesións para o abastecemento de auga deberán realizar a auditoría e o plan de actuación nos termos previstos na disposición adicional segunda.

A disposición adicional segunda prevé que “as administracións públicas responsábeis dos sistemas de abastecemento deberán levar a cabo, no prazo máximo de dous anos, unha auditoría co obxecto de cuantificaren as perdas de auga nas súas instalacións de abastecemento en alta e de subministración en baixa. As administracións deberán asemade elaborar un plan de actuacións para minimizar as perdas, no prazo máximo de dous anos desde a entrada en vigor da lei”.

2. Transcorridos xa case tres anos desde a entrada en vigor da lei resulta do máximo interese coñecer o grao de aplicación da lei non só no caso das administracións públicas senón tamén das empresas privadas que teñan concesións para o abastecemento de auga.

Un caso de especial interese é o da empresa ENCE, pola grande cantidade de auga captada no Lérez e a súa relación cos problemas de abastecemento que se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

produciron nos últimos meses nos concellos da contorna. Unha situación de escaseza prolongada durante tres meses e que obrigou a suspender o abastecemento da empresa desde a captación no río.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que cantidades anuais pagou ENCE polo canon da auga entre 2013 e 2021?

Cales son as novas condicións da concesión de auga a ENCE?

Cales son os resultados da auditoría realizada por ENCE sobre a captación de auga na presa de Bora e as perdas no subministro á fábrica de Lourizán?

Cales son as conclusións do Plan de actuación de ENCE para minimizar as perdas no abastecemento desde a presa de Bora?

Cantas empresas presentaron a auditoría e o plan de actuación previstos na Disposición adicional sétima da Lei 9/2019 e cantas están obrigadas a presentalos?

Que cantidades ingresou anualmente Augas de Galicia en concepto de canon da auga de grandes consumidores (usos non domésticos) desde a entrada en vigor desta taxa?

Cal é o balance do proxecto “Novo ciclo da auga” de ENCE?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 02/01/2023 13:53:19

Alexandra Fernández Gómez na data 02/01/2023 13:53:26

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2023 13:53:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza cubra a totalidade dos postos de traballo do Centro de Saúde de Riotorto.

O pasado doce de decembro o Centro de Saúde de Riotorto pasaba a non contar con ningún médico ou médica, deixando deste xeito a preto de 1200 veciñas e veciños abandonados, xa que pasaban a quedar sen unha asistencia sanitaria de calidade. Este feito evidentemente tivo consecuencias inmediatas como as demoras nas consultas ou na xestión das receitas.

Alén disto, a non cobertura das prazas de médicos no Centro de Saúde provocou e segue a provocar situacións máis que perigosas, como que a única solución para as urxencias sexa o 061, e todo isto debido a que a pesar do paso dos días a Xunta de Galiza segue sen cubrir as ausencias dos dous facultativos titulares.

Esta situación que supón un dos maiores ataques á sanidade pública do concello en anos tivo xa unha grande resposta por parte dos veciños e veciñas do concello, que seguen a ver como o Partido Popular continúa a atacar á sanidade pública galega e máis concretamente á nosa Atención Primaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Cal é a razón que explica que a día de hoxe a Xunta de Galiza siga sen cubrir as dúas prazas de médico/a do Centro de Saúde de Riotorto?
- Pensa a Xunta de Galiza cubrir canto antes as dúas prazas sen facultativos do Centro de Saúde de Riotorto?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2023 18:12:09

Daniel Castro García na data 02/01/2023 18:12:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Alexandra Fernández Gómez, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. En Galiza existen 201 especies ameazadas, das cales 75 están en perigo de extinción e 126 en situación vulnerábel. Tanto a Lei 42/2007 do patrimonio natural e a biodiversidade como a Lei 5/2019 do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia prevén a aprobación de plans de recuperación para as especies en perigo de extinción e plans de conservación para as especies vulnerábeis.

2. Logo da aprobación do Decreto 88/2007 polo que se regula o Catálogo de Especies Ameazadas de Galicia aprobáronse os seguintes plans:

- Decreto 70/2013 polo que se aproba o plan de recuperación do sapoconcho común
- Decreto 75/2013 polo que se aproba o plan de recuperación da escribenta das canaveiras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Decreto 9/2014 polo que se aproba o plan de conservación da píllara das dunas.

No ano 2013 iniciouse o procedemento de revisión do plan de recuperación dos oso pardo transcorridos máis de 8 anos aínda non foi aprobado.

3. A Xunta de Galiza adxudicou outros plans de conservación e de recuperación de especies ameazadas, sen que chegara a aprobarse oficialmente coa publicación do DOG. O que pode supoñer un grave risco para as especies vulnerábeis e en risco de extinción e un grave incumprimento do establecido na lexislación vixente.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

1. Que avaliación fai a Xunta do plan de recuperación do sapoconcho común, dos seus obxectivos e das normas de protección da especie e dos seu hábitat?

2. Que avaliación fai a Xunta do plan de recuperación da escribenta das canaveiras, dos seus obxectivos e das normas de protección da especie e do seu hábitat?

3. Que avaliación fai a Xunta do plan de recuperación da píllara das dunas, dos seus obxectivos e das normas de protección da especie e dos seus hábitats?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

4. En que prazo prevé o goberno galego aprobar a revisión do plan de conservación do oso pardo?

5. Que plans de conservación e de recuperación de especies ameazadas ten previsto aprobar a Xunta no ano 2022?

6. Por que razón o goberno galego non aprobou os plans de recuperación e conservación de 196 especies ameazadas?

7. Ten coñecemento o goberno galego da afección de proxectos industriais e nomeadamente proxectos de desenvolvemento eólico a hábitats de especies ameazadas?

8. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta para evitar a afección de proxectos industriais eólicos a hábitats de especies ameazadas?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Alexandra Fernández Gómez

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2023 18:28:53

Alexandra Fernández Gómez na data 02/01/2023 18:29:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A LU-636, estrada que comunica a vila de Sarria coa de Becerreá, pero que ten bastante máis transcendencia xa que serve para comunicar a montaña lucense co val de Lemos e tamén serve de saída a A6.

Leva anos nun estado deplorable, con evidentes problemas de firme, trazado e anchura. Hai uns meses a consellería de infraestruturas e mobilidade logrou botar rego asfáltico nun tramo que estaba co firme especialmente deteriorado cuestión esta que supuxo un parche pequeno pero que non resolveu o relativo a calidade da vía de comunicación.

Podemos hoxe comprobar que leva máis de 30 minutos percorrer pouco máis de 30km, que esta estrada autonómica ten unhas variacións no firme e na anchura que non se xustifican en nada obxectivo.

Os primeiros 16 km dende Sarria sentido Becerreá discorren ata un lugar chamado Saa no concello de Láncara e contan cunha anchura e firme adecuado que sen máis explicación se perden nese momento, pasando a reducir a súa anchura ata o punto de atopar unha ponte con aqueles vellos sinais que indican quen ten prioridade no paso,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tampouco acompaña o trazado que se converte nunha sinuosa estrada de montaña, parte dela con bo firme pero con curvas pronunciadas, moitos tramos tampouco contan con barandas quitamedos aínda que á súa beira a pendente sexa ben pronunciada.

O tramo final tampouco foi mellorado máis alá do firme, esta vía de comunicación podendo ser segura convértese nunha vía de incomunicación que sen dúbida ten un potencial de sinistralidade para as persoas que habitan en moitos dos lugares polos que discorre.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

. Vai acometer o goberno da Xunta unha mellora substancial da estrada LU 636 en canto a trazado, anchura e firme que facilite as comunicacións entre as vilas e núcleos de poboación afectados?

. A que número de habitantes afecta de xeito directo o estado desta vía?

. Que sinistralidade ben rexistrando?

. Que frecuentación ten e no caso de que sexa escasa a que llo achacan?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 02/01/2023 18:38:32

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2023 18:38:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ás graves afectacións do trazado da autovía AG 59.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza está levando a cabo a ampliación da autovía AG 59 en fases, para ser acometida por tres subtreitos.

Deste xeito a Consellaría de Infraestruturas elaborou o proxecto de ampliación da AG-59 desde a Ramallosa (concello de Teo) até o Rollo (concello da Estrada), cunha autovía que atravesa o río Ulla cun viaduto de 40 metros e catro carrís, e o río Veá, con outro pequeno viaduto de menores dimensións, ambos incluídos na Rede Natura 2000.

Toda a ribeira do Ulla que descorre polos concellos da Estrada e Teo está inserida no sistema fluvial Ulla-Deza da Rede Natura 2000, e a maiores o río Veá, desde o lugar de Cardelle até a desembocadura no Ulla, así como río Liñares, desde Pina até o citado río.

O trazado desta ampliación da AG-59 discorre por un espazo protexido no que se concentra vexetación autóctona como carballos, ameneiros e freixos, e tamén fauna como salmón, troita, lamprea, parrulos, morcegos ou mexillón de río entre outras especies. Por outra parte, o trazado tamén afecta gravemente a patrimonio etnográfico de enorme importancia cultural, como os Muíños do Veá, posto en valor pola asociación A Xesteira de Couso, sufragado con fondos europeos, da Xunta e do Estado. Ademais





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

arrasa terreos agrarios en ambos os dous concellos, en especial en Cora onde se concentran varias explotacións agro-gandeiras, que verán diminuída a súa base produtiva. Por outra parte, este proxecto de autovía deseñado pola Xunta do PP, divide parroquias, afectando gravemente á habitabilidade destas, xa que discorre moi preto das casas, como por exemplo no Rollo, onde remata a autovía.

Tamén se verá afectado o Camiño da Geira e dos Arrieiros que vén de Braga (Portugal) até Santiago Compostela, camiño que foi posto en valor pola asociación Codeseda Viva, que logo dun intenso traballo de documentación demostrou que ten a súa orixe no século IX.

No val de Santa Lucía no concello de Teo tamén hai afectacións a Bens Patrimoniais: muíños de Santa Lucía; presa e pesqueira da Veiguiña; poza de regadío; presa, muiñou e ponte do Pontillón; camiños tradicionais; presa, canle e muiño de Ferreiriño; presa, muíños, canle e gabiá de rega do Pontillón; pesqueira do río Ulla. Ao que hai que engadir elementos afectados que non figuran na planimetría: rego e manancial do Regueiro; paso de pedra sobre o Regueiro, gabias de rego...

O proxecto de ampliación da AG-59 ao seu paso polos concellos de A Estrada e Teo é unha agresión en toda regra ao medio ambiente, ao patrimonio cultural e etnográfico, así como aos nosos sectores produtivos e á convivencia. Trae máis problemas que beneficios á veciñanza de ambos concellos, arrasa fincas, espazos naturais e patrimoniais... consideramos que non é o mellor xeito de traballar por un rural vivo e con futuro.

O trazado deste proxecto non está pensando para dinamizar a economía de ambos concellos, ao contrario, senón que afecta gravemente á mesma, nin sequera comunica o polígono industrial de Toedo, ademais de supoñer un problema de seguranza viaria, xa que este subtreito remata nunha forte pendente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Considera que o actual proxecto de trazado do subtreito de ampliación da autovía AG 59 entre a Ramallosa (concello de Teo) até o Rollo (concello da Estrada) é o máis acaído

Cal é a xustificación deste nivel de agresión ao medio ambiente, ao patrimonio cultural e etnográfico, aos nosos sectores produtivos e a convivencia da veciñanza?

Parécelle normal investir cartos públicos na posta en valor do patrimonio como é a ruta dos Muíños do Veá ou o Camiño da Geira e dos Arrieiros e logo arrasalo?

Vai proceder á modificación do trazado do subtreito de ampliación da autovía AG 59 entre a Ramallosa (concello de Teo) até o Rollo (concello da Estrada)?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2023 18:45:19

Iria Carreira Pazos na data 02/01/2023 18:45:31

Xosé Luis Bará Torres na data 02/01/2023 18:45:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Ramón Fernández Alfonzo, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a dotación dunha infraestrutura ferroviaria áxil e útil para a conurbación A Coruña-Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 17 de outubro, nunha visita á Coruña, a Ministra de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, Raquel Sánchez, sinalou literalmente que “non se atopa dispoñibilidade da Xunta” para crear un servizo ferroviario de proximidade no eixo A Coruña – Ferrol, estando o goberno estatal “estudando proxectos de proximidade en Galiza como os que se están a implantar noutros territorios e comunidades similares en tamaño e poboación”. A ministra remarcou que “estamos dispostos a dialogar, pero non atopamos esa dispoñibilidade por parte da Xunta”.

Estas declaracións, que coinciden co anuncio por parte da administración central de implantar as cercanías ferroviarias en 5 rexións urbanas con menos poboación que a conurbación A Coruña – Ferrol (menos tamén que Vigo – Pontevedra), foron replicadas pola Xunta de Galiza o mesmo día 17, a través da Conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, Ethel Vázquez, que as cualificou de “falsas e fóra de lugar”, manifestando que “levamos máis dun ano agardando para reunirmos co delegado do goberno para falar do tema”.

Sendo importante dilucidar cal das dúas administracións, a estatal ou a autonómica, se nega a dialogar sobre unha cuestión vital para a toda a zona urbana da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Coruña e Ferrol, o certo é que ambas administracións, a española e a galega, a do PSOE – UP e a do PP, non teñen avanzado un paso nos últimos anos para poñeren fin a un agravio vergonzante para a área metropolitana máis puxante do noso país. Continúa así unha inercia de inacción e pasividade no tocante ás proximidades ferroviarias coruñesas que dura xa décadas que están a supor un freo para o desenvolvemento sostíbel e socioeconómico dunha área motor de Galiza.

Ao feito escandaloso de o goberno estatal poñer en marcha estes servizos ferroviarios en zonas con menor poboación que no eixo A Coruña – Ferrol, engádese unha previsión orzamentaria estatal para 2023 no que non se recolle ningún investimento significativo na liña que une ambas cidades, con especial desleixo cara á denominada variante de Betanzos, destinada a evitar a inversión do sentido da marcha na estación de Infesta.

Ao tempo, a Xunta de Galiza é incapaz de tomar a iniciativa política, por unha banda, e técnica, pola outra, ao non presentar unha proposta de actuación ou un estudo da situación nin, como mínimo, facer uso das competencias estatutarias da comunidade autónoma, esixindo a Madrid a transferencia das competencias ferroviarias propias.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Coñece a Xunta cales son eses proxectos sobre as cercanías ferroviarias na área A Coruña – Ferrol que afirma dispoñer a Ministra de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana?

. É certo que a Xunta de Galiza non ten dispoñibilidade ao diálogo co goberno estatal para abordar a implantación das cercanías ferroviarias na área A Coruña – Ferrol?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ou pola contra, é o goberno español quen leva máis dun ano negándose a se reunir co executivo autonómico para abordar a creación dun servizo de tren de proximidade na Coruña – Ferrol?

. Ten pensado a Xunta realizar algunha proposta concreta, avalada tecnicamente, para implantar o tren de proximidade no eixo A Coruña – Ferrol?

. Que estratexia está a desenvolver a Xunta para que a conurbación A Coruña-Ferrol resolva o atraso histórico na dotación dunha infraestrutura ferroviaria útil e áxil como eixo de comunicación socioeconómica e evite esta nova discriminación con Galiza?

. Valora o goberno galego esixir as transferencias en materia ferroviaria tal e como vén consagrado no vixente Estatuto de Autonomía?

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Ramón Fernández Alfonso

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 27/10/2022 09:04:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 27/10/2022 09:05:09

Paulo Ríos Santomé na data 27/10/2022 09:05:22

Xosé Luis Bará Torres na data 27/10/2022 09:05:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Mercedes Queixas Zas e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as actuacións realizadas pola Xunta de Galiza dirixidas á protección e conservación da Torre do Castro no concello de Sandiás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Sobre unha pequena loma, na que en tempos existiu un poboado castrexo, entre os séculos XI e XII construíuse a denominada Torre do Castro, dentro do concello de Sandiás. O valor estratéxico da fortaleza era evidente pois ao erixirse nun espazo elevado, nunha zona esencialmente chaira, permitía o control e vixilancia de boa parte da lagoa de Antela e mesmo parte da romana Via Nova. Valor estratéxico que compartía coas Torres de Portela, Porqueira e Celme.

A Torre do Castro ou de Sandiás sufriu as consecuencias de numerosas batallas, p.e. ás do Rei Alfonso VII de Castela e León contra o Rei Afonso I de Portugal, as do Duque de Lancaster e o rei de Portugal contra o Rei de Castela, ou da propia Revolta Irmandiña. Actualmente só se conservan tres das catro caras da torre de homenaxe, obxecto dunha intervención no ano 2020 cun importe de 75.000 €, financiados con cargo ao fondo Feder 2014-2020.

Esta Torre foi declarada Ben de Interese Cultural, coa categoría de monumento, sendo propiedade da Xunta de Galiza, en virtude da cesión efectuada no ano 2010. A





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pesares da súa catalogación, como ben de interese cultural e do seu evidente valor histórico, foi obxecto de numerosos actos vandálicos, o último hai apenas uns días. Os actos sufridos, tanto pola Torre como pola súa contorna, así como a impunidade de tal accións evidencian a escasa protección e coidado que recibe tanto do súa propietaria, como de quen se debe ocupar da conservación do patrimonio cultural galego.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. De cantas accións contra o BIC “Torre do Castro” e a súa contorna ten constancia a Xunta de Galiza?

. Que medidas ou actuacións adoptou a Xunta de Galiza para a protección e coidado da Torre do Castro e evitar a reiteración dos actos vandálicos e a persecución e identificación dos responsábeis das mesmas?

. Que medidas ten previsto realizar para a protección e conservación da Torre do Castro e súa contorna?

. Cando e con que resultado a Xunta de Galiza realizou inspeccións para coñecer o estado e conservación do BIC?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas
Noa Presas Bergantiños
Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/01/2023 10:10:20

Mercedes Queixas Zas na data 03/01/2023 10:10:34

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2023 10:10:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a declaración do patrimonio termal de Cuntis como Ben de Interese Cultural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En abril do 2014 o pleno da corporación de Cuntis aprobou por unanimidade unha moción na que se acordaba iniciar o procedemento para a solicitude da declaración das burgas e a súa contorna como Ben de Interese Cultural (BIC), ao abeiro da lei de patrimonio cultural de Galiza.

O obxectivo desa iniciativa era protexer e conservar o valioso patrimonio termal de Cuntis, que inclúe numerosos vestixios e bens de época romana, estudados e documentados en numerosas investigacións e publicacións. Entre elas cómpre salientar a ampla e documentada investigación de Héitor Picallo vertida en “Cuntis en época romana” (2016), prologada polo profesor Juan Manuel Abascal Palazón, profesor da Univeritat d’Alacant e membro correspondente tanto do Deutsches-Archäologisches Institut Alemán como da RAH.

No mes de abril de 2015, o concello de Cuntis remitiu á consellaría de Cultura o documento base para a incoación da declaración do conxunto histórico termal de Cuntis como Ben de Interese Cultural. A solicitude estaba acompañada polo informe elaborado por unha consultora, que recolle a seguinte documentación:

-Estudo histórico do ámbito e da contorna.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Estudo arqueolóxico da zona e contextualización.

-Análise arquitectónica e urbanística, desde a orixe histórica até a configuración actual.

-Proposta de figura de Ben de Interese Cultural máis axustada aos valores do lugar.

-Delimitación concreta e exhaustiva do ámbito e da contorna de cautela.

No ano 2016, o concello de Cuntis anunciou que solicitara á consellaría de Cultura a catalogación como bens patrimoniais da burga Lume de Deus e da burga da rúa Real.

No mes de marzo do ano 2022, o concello de Cuntis anunciou a licitación da redacción dun Plan Director do conxunto histórico de Cuntis, co obxecto de trazar as grandes liñas de actuación para “humanizar e adaptar o casco histórico ás condicións de habitabilidade e benestar necesarias na actualidade”.

Semella obvio que calquera planificación deberá estar determinada pola protección patrimonial do ámbito de actuación, para garantir a preservación dos seus valores históricos e culturais.

Transcorridos xa máis de 7 anos da solicitude de declaración como BIC do conxunto histórico termal de Cuntis, non temos constancia de que a Xunta incoara o procedemento correspondente.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten coñecemento a Xunta da solicitude de incoación do procedemento para a declaración do patrimonio termal de Cuntis como Ben de Interese Cultural?

-Que actuacións levou a cabo o goberno galego en relación coa petición do concello de Cuntis sobre a incoación do citado procedemento?

-Que actuacións levou a cabo a Xunta en relación coa solicitude de catalogación como bens patrimoniais da burga Lume de Deus e da burga da rúa Real?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2023 10:23:04

Mercedes Queixas Zas na data 03/01/2023 10:23:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, María González Albert e Olalla Rodil Fernández, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre os incumprimentos da residencia Nuestra Señora de Fátima de O Barco de Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Xulgado de Primeira Instancia e Instrución núm.1 de O Barco de Valdeorras incoáronse Dilixencias Previas contra a Fundación Benéfica Nuestra Señora de Fátima, na condición de titular do centro, e contra a directora da residencia, pola comisión de 17 delitos de homicidio por imprudencia grave en concurso ideal con 59 delitos de lesións imprudentes. O procedemento penal, actualmente en fase de instrución, incoouse en virtude de denuncia presentada polo Ministerio Fiscal tras a realización dunha previa investigación realizada nos anos 2020 e 2021 sobre os incumprimentos detectados nas medidas de prevención e control fronte ao Covid -19 detectados na referida residencia.

A Xunta de Galiza é administración pública que ten atribuídas a competencia de velar pola atención e coidado das persoas nos centros residenciais, para o que, entre outras, ten atribuídas as facultades de inspección e sanción.

Así, e segundo información aparecida en diferentes medios de comunicación o Servizo de Inspección de Maiores, Discapacidade e Dependencia realizou inspeccións ordinarias na residencia de Nuestra Señora de Fátima o día 4 de maio de 2016 e o 11 de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

setembro de 2019 apreciando diversas infraccións, como por exemplo incumplir a ratio mínima de persoal de atención directa a xornada completa.

Sendo grave e obxecto de preocupación para o BNG, tanto a frecuencia coa que se detectan incumprimentos en materia de atención ás persoas maiores residentes en centros residencias, como a pasividade e tolerancia da Xunta de Galiza ante os mesmos, malia que foran denunciados polo Servizo de Inspección; nada é comparable cos investigados no Xulgado Mixto de O Barco de Valdeorras, e por iso fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

En cantas ocasións a inspección de servizos sociais examinou a Residencia de Nuestra Señora de Fátima de O Barco de Valdeorras na última década?

Cales foron as apreciacións realizadas e, no seu caso, deficiencias ou irregularidades detectadas nas inspeccións realizadas na referida residencia?

Incoouse algún expediente administrativo sancionador? En caso afirmativo, cal foi a data de incoación do procedemento, a infracción que motivou o mesmo, e finalmente a data e sentido da resolución administrativa e/ou xudicial que o concluíu?

Canto tivo coñecemento a Xunta de Galiza da incoación dun procedemento penal nos Xulgados de O Barco de Valdeorras polos pasamentos e lesións acontecidas na Residencia Nuestra Señora de Fátima?

Ao ter coñecemento da existencia do procedemento penal, que accións realizou para contribuír ao mellor esclarecemento dos feitos acaecidos e das responsabilidades nos mesmo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

María González Albert

Olalla Rodil Fernández

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2023 11:49:41

María González Albert na data 03/01/2023 11:49:50

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/01/2023 11:49:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Daniel Castro García e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a recuperación urxente da dotación do persoal de atención ás necesidades educativas do IES Rego da Traba de Culleredo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O IES Rego da Trabe (Culleredo) é un centro educativo cuxa docencia se desenvolve en dous edificios separados entre si por unha distancia de 350 metros aproximadamente conectados por unha estrada de dúas direccións.

O edificio principal dedícase a impartir clases de ESO e o edificio anexo chamado As Mariñas imparte o bacharelato.

Dende hai 5 cursos, é dicir, desde a súa incorporación a este instituto, un alumno e unha alumna contaban con coidadora a tempo completo, pois os dous teñen grao de dependencia III e alta discapacidade conforme determinan os diagnósticos médicos oficiais. No curso actual tamén se incorpora a 1º de ESO outra alumna con necesidades educativas que requiren de atención de persoal coidador como xa tiña no centro de primaria de orixe.

No presente curso académico, estes dous alumnos comezaron a cursar 1º de BAC e ás agardadas novidades que se corresponden co inicio dunha nova etapa académica, tamén tiveron que afrontar a decisión unilateral dos responsábeis da





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consellería de Educación de eliminar a atención do persoal coidador que até este curso acompañaba os dous alumnos.

Ás dificultades que isto supón xa de seu aínda habería que engadir outra: a decisión da Consellería de Educación de deixar un grupo de 1º de BAC no edificio principal e os demais no edificio das Mariñas coa intención de que unha única coidadora atenda de forma agrupada todo o alumnado con necesidades educativas. Unha única coidadora para facer o traballo de atención e acompañamento que até o curso pasado facían dúas.

Mais, lonxe de resolver as deficiencias creadas pola Consellería, esta situación provoca que, por unha banda, os rapaces do grupo de 1º de BAC do edificio das Mariñas teñan que andar subindo e baixando varias veces ao longo da xornada lectiva ao outro edificio do instituto. E, pola outra, o alumnado que quedou no edificio do Rego de Trabe tamén ten que desprazarse ao edificio das Mariñas para asistir a distintas asignaturas, algo que para os dous alumnos que perderon a figura do profesional coidador é imposíbel.

Dende o pasado mes de xuño, as familias destes dous alumnos mantiveron informadas desta situación a inspectora de centro, quen lles asegurou que non habería ningún problema, xa que continuarían os seus estudos de bacharelato coa súa coidadora, mais en setembro o comezo de curso demostrou o incumprimento das súas palabras pola vía dos feitos, ademais de recortar tamén horas de atención de pedagogía terapéutica ao pasar de dúas prazas de PT a 1 a tempo completo e outra a tempo parcial e compartida con outro centro.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ante as protestas das familias, unha vez comezado o curso a Consellería de Educación mandou un coidador a tempo parcial, totalmente insuficiente para atender debidamente as necesidades dos dous alumnos.

No Grupo Parlamentar do BNG compartimos a profunda e máis que xustificada preocupación destas familias. Primeiro ven os seus fillos apartados dos demais compañeiros de bacharelato nun edificio diferente; logo, son obrigados a desprazarse entre os dous edificios cando polas súas capacidades diversas lles resulta imposíbel facelo sen persoal coidador de acompañamento; finalmente, comprobamos como a Consellería, de forma totalmente deshumanizada, non resolve o problema creado por ela mesma favorecendo a segregación e a exclusión dos dous alumnos e comprometendo o dereito a recibir unha educación de calidade e adaptada á diversidade.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- Por que non mantivo o goberno as prazas de coidadores no IES Rego da Trabe de Culleredo cando o alumnado que o precisa non só se mantivo, en relación ao curso anterior, senón que mesmo aumentou?

- Ten contrastado o goberno coas familias do IES Rego da Trabe, e co propio centro, as severas consecuencias que está a producir no alumnado con necesidades educativas a súa decisión de eliminar prazas de profesional coidador e a redución de horario de atención do especialista de Pedagogía Terapéutica?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- É consciente o goberno da Xunta dos graves prexuízos académicos, persoais e familiares que está a provocar coas súas decisións de prescindir de persoal coidador neste instituto?

- Entende o goberno que se está a garantir o dereito a unha educación de calidade, inclusiva e respectuosa coa diversidade?

- Comprométese o goberno a resolver estas deficiencias con carácter de urxencia?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 03/01/2023 12:07:51

Daniel Castro García na data 03/01/2023 12:08:04





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 03/01/2023 12:08:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz e Manuel Lourenzo Sobral, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O concello de Curtis vén sendo un deses concellos bicéfalos que desenvolveron dous núcleos de poboación urbana. Neste caso debido a motivos diferentes. Un dos núcleos, o propio Curtis, de corte tradicional e no seu momento cun motor dinamizador que era o transporte de mercadorías pola estación do tren.

O outro polo, máis recente e con forte dinamismo actual, en Teixeira, motivado pola antiga Sidegasa (hoxe reconvertida) e por un polígono industrial con crecente actividade.

Teixeiro está aumentando de poboación. O polígono medra e as ofertas de traballo van parellas polo que conta cun goteo constante de inmigración de familias.

Teixeiro conta cun CEIP dunha soa liña e menos de 200 alumnos e alumnas.

Sería de agardar unha previsión educativa adaptada a este dinamismo poboacional, mais non é así. En calquera época do curso escolar poden aparecer e aparecen novos alumnos que necesitan escolarización e os servizos que este dereito fundamental con leva.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É triste dicir que ano tras ano estes dereitos son cubertos deficientemente nalgúns casos con solucións de urxencia e improvisacións.

A barreira infranqueable que a Consellería de Educación marca é a da tesoiria e do recorte. Imposible desdobrar unidades. É preferible transportar, de calquera maneira, estes alumnos e alumnas que aparecen a desora, ao colexio de Curtis en taxi, no coche do 112 do concello ou na furgoneta do mesmo. Total, son inmigrantes e non protestan.

Mais os seus dereitos son conculcados:

-Por necesidades de horarios de transporte de volta non poden quedar ao comedor de Curtis. A ese comedor que non é beneficencia e si un recurso educativo e de equilibrio alimentario.

-Os nenos e nenas en idade escolar teñen dereito a asistiren ao centro de proximidade cos compañeiros e compañeiras do seu barrio ou localidade de residencia.

-Débese evitar a estigmatización ou distinción dos demais que poida motivar ou acrecentar acosos.

E así, nestas circunstancias tiñamos alumnos o curso pasado e temos este ano. Todo porque en 1º e en 5º a ratio está no límite e non vaia ser que desdobrems.

O Ceip de Teixeiro ten a sorte de contar con comedor escolar e cociña, aínda que cando o persoal da mesma colle baixa xustificada non hai substitución e o alumnado pasa a comer en frío e tipo catering.

Por certo que as novas matrículas de setembro están sen praza no comedor. A Consellería, firme na lexislación que ela mesma promove e aproba, non fai bo o dito das nosas nais que “onde comen tres comen catro”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Un sistema educativo para os cidadáns e as cidadás é o que está sendo recortado e conculcado degradando este servizo público esencial cunha clara intención de desesperar a pais e nais con todas estas irregularidades para que así vaian admitindo os recortes, léase perda de dereitos cidadáns, sen facer moito barullo e co cansazo que supón atoparse anos tras ano con tropelías deste tipo.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- Cal é a razón pola que se escolariza no colexio de Curtis localidade tres alumnos residentes na área de influencia de Teixeira?
- É legal o transporte destes alumnos de ensino obrigatorio en taxi e/ou automóbil do 112 do concello?
- Considera a Consellería adecuada esta medida?
- Cal é a razón pola que dous alumnos que reclaman praza no Ceip de Teixeira no mes de setembro non teñen dereito a comedor?
- Que se fixo para que puidesen ter ese dereito ?
- É unha realidade constatada múltiples veces a celeridade coa que a Consellería agrupa unidades educativas cando o número non lle parece suficiente, por que non actúa do mesmo xeito cando o número de alumnos/as aconsella o desdoblamento?
- Visto que as necesidades educativas do Ceip de Teixeira aconsellan unha praza de atención preferente, cal é a razón do recorte de xuño?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2022

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 19/10/2022 12:29:40

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/10/2022 12:29:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de avanzar no camiño da accesibilidade, diversidade e inclusión na acción cultural do goberno.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O apoio ao sector cultural ten que articularse desde o compromiso da acción cultural coa comunidade na que se desenvolve.

Os criterios de sustentabilidade deben vertebrar as liñas de actuación cultural desde as administracións públicas para garantir o dereito básico e irrenunciábel de acceso á cultura da sociedade atendendo á súa diversidade.

A sustentabilidade é un código ético global que conta cun plan de acción mundial desde setembro de 2015 coa aprobación da Axenda 2030 e os 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sustentábel.

Requírese, pois, avanzar cara a un cambio de modelo, cara a unha toma de decisións e responsabilidades para construír un futuro inclusivo e resiliente para as persoas e o planeta. Un cambio transformador que precisa da acción cultural como ferramenta de creación continua, de cohesión social e participativa, isto é, como pilar central.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Obxectivo de Desenvolvemento Sustentábel 10 céntrase na necesidade de avanzar na redución da desigualdade de oportunidades e promover a inclusión social, económica e política de todas as persoas, especialmente dos grupos vulnerables.

Precisamos, xa que logo, avanzar na mellora da accesibilidade (física, motora, cognitiva, sensorial e orgánica) aos nosos eventos, para alén de fomentar a diversidade (con independencia da súa raza, etnia, xénero ou identidade de xénero, orientación sexual, idade, relixión, discapacidade, nacionalidade, gustos...) e a inclusión.

No BNG entendemos que o goberno debe ser axente principal do cambio transformador da sociedade galega, referente en positivo desde a práctica de accións de impulso cultural que contemplan este obxectivo de desenvolvemento sustentábel centrado na accesibilidade e inclusión.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Que medidas está a desenvolver o goberno galego para garantir o dereito de acceso á cultura atendendo aos criterios de accesibilidade, diversidade e inclusión propios da Axenda 2030?

Santiago de Compostela, 19 de outubro de 2022

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 19/10/2022 09:47:23

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 19/10/2022 09:47:27

Mercedes Queixas Zas na data 19/10/2022 09:47:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral e Paulo Ríos Santomé, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre os problemas de transporte escolar no ensino non universitario de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Hai xa varios anos que a comunidade educativa está a denunciar os problemas que padecen co transporte escolar; un problema que afecta a todas as etapas pero que acadada niveis condicionantes no caso do ensino “non obrigatorio”.

Estamos a falar de problemas que teñen un importante impacto para as familias de todo o país, sobre todo nas zonas máis rurais. A lexislación vixente establece o dereito ao transporte escolar gratuíto para o alumnado do ensino non obrigatorio que cumpra cos requirimentos de distancia ao centro, etc. establecidos na normativa vixente.

Esta normativa, que establece unha distancia de dous quilómetros ao centro, ocasiona todos os anos problemas ás familias. Problemas porque obviamente camiñar dous quilómetros para un neno/a non é o mesmo nun espazo urbano ca no rural deshabitado; ou porque o criterio de ensino obrigatorio deixa fóra a unha importante parte do alumnado que precisa do transporte escolar para levar adiante o seu proxecto académico.

A actual crise de prezos non fixo senón agravar esta situación. Hoxe estamos a ver como hai familias que teñen que gastar 200 euros ao mes para que os seus fillos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

poidan estudar. O restritivo da normativa sobre transporte fai que as familias teñan que sufragar os gastos derivados destas eivas, pero ademais, fai que o alumnado teña que perder en ocasións horas en desprazamentos por falta dun transporte compatíbel cos horarios académicos.

Esta situación está a ocasionar tamén discriminacións importantes xa que é habitual comprobar como dous alumnos que estudan na mesma aula de bacharelato teñan nun caso dereito á transporte porque sobran prazas na súa liña e no outro non, porque a súa liña está completa.

Dende o BNG entendemos que a día de hoxe o criterio de ensino obrigatorio non debe ser a referencia para que o alumnado poida exercer o seu dereito á educación, e por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. Vai o goberno galego iniciar os trámites para facer extensíbel o dereito ao transporte escolar gratuíto a todo o ensino non universitario?

. Ten pensado a Xunta de Galiza establecer unha liña de axudas para que o alumnado, sobre todo do rural, que non pode facer uso de ferramentas como a Tarxeta Xente Nova para ir aos seus centros de ensino por falta de liñas, non teña que sufragar integramente os custes do transporte?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 03/01/2023 12:19:40

Paulo Ríos Santomé na data 03/01/2023 12:19:54





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a adquisición por parte da Xunta de Galiza da Torre e Pazo de Guimarei, situados no concello da Estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No concello de A Estrada, na parroquia de San Xiao de Guimarei, a un quilómetro escaso do casco urbano atópase a Torre de Guimarei, de época medieval, século XII, catalogada como BIC pola Xunta de Galiza en 1994.

Ao carón da Torre está situado o Pazo de Guimarei, unha edificación do século XVII, que na actualidade atópase en estado ruinoso, non só pola vexetación que foi medrando ao seu carón, senón polos roubos que sufriu ao longo dos anos. Mais a pesar de todo conserva a súa estrutura, así como outros elementos anexos, que tamén se atopan nun estado lamentábel, despois de décadas de abandono por parte dos seus propietarios.

Ambos elementos, así como a finca na que están situados, son propiedade privada. Arredor de 2005 foi de novo vendida e en 2007 o concello da Estrada gañou o dereito de retracto sobre a Torre, mais en 2015 venceu o prazo e xa no pode exercer ese dereito, que consistía basicamente en adquirir a torre ao mesmo prezo de venda.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Torre e o Pazo levan décadas abandonados. En reiteradas ocasións o BNG tense dirixido ao concello para que instase á familia propietaria a facer labores de consolidación da Torre. En agosto de 2021, a familia comprometeuse a elaborar un estudo e facer labores de mantemento, mais a día de hoxe o estado da Torre é calamitoso e empeora cada día que pasa.

É máis que evidente o nulo interese dos propietarios da Torre e do Pazo de Guimarei, de consolidar e conservar en condicións dignas ambos elementos patrimoniais e culturais. Diante desta situación non coñecemos que por parte da Xunta se teña realizado ningunha actuación diante dos propietarios diante do incumprimento da conservación establecida pola declaración BIC.

A Xunta ten instrumentos para actuar e ten a obriga de facelo. Dada a situación actual o camiño é a adquisición para o patrimonio público. En caso de non ser posíbel o acordo cos propietarios para a súa adquisición, a Lei 5/2016 facúltaa a realizar a expropiación, cando se pon de manifesto o incumprimento do deber de conservación dos bens de interese cultural.

A Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galiza, no artigo 51, apartado 1, indica que “É causa de interese social para os efectos de expropiación o incumprimento do deber de conservación dos bens de interese cultural”.

A citada lei tamén contempla no apartado 3 do mesmo artigo 51, que “Así mesmo, serán causa xustificativa de interese social para os efectos da expropiación as melloras nos accesos aos bens de interese cultural, a dignificación do seu contorno e, en xeral, a mellora das condicións para a súa valorización e función social.”

Tamén no apartado 4 do mesmo artigo 51 contempla que, “Tamén se considerará causa xustificativa de interese social para os efectos da expropiación a promoción por





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

parte da Administración pública de actuacións destinadas á posta en valor do patrimonio arqueolóxico co obxecto de facilitar a súa visita pública e desfrute pola sociedade.”

O BNG considera inaceptábel que unhas edificacións históricas desta categoría, a torre incluso está representa no escudo do concello da Estrada, estean neste estado de abandono. Faise preciso que por parte da Xunta de Galiza, que ten a competencia en materia de patrimonio histórico, artístico, arquitectónico e arqueolóxico de interese do noso país, tome medidas para preservar estas dúas estruturas, polo seu interese patrimonial, cultural, histórico e turístico, para alén doutros usos sociais e culturais que se lles poida dar, unha vez debidamente consolidados e restaurados.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

. É coñecedora a Xunta de Galiza do abandono no que se encontra a Torre e do Pazo de Guimarei?

. Considera a Xunta de Galiza que pode permitir que a Torre de Guimarei declarada BIC, así como o Pazo estean en estado de ruína?

. Ten realizado a Xunta algunha actuación diante dos propietarios diante do incumprimento da conservación establecida pola declaración BIC?

. Tenlle aberto algún expediente por esta razón?

. Vai realizar algunha actuación a Xunta para adquirir estas dúas construcións, ben sexa mercándoa ou pola vía da expropiación, dado o máis que evidente nulo





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

interese dos propietarios de consolidar e conservar en condicións dignas ambos elementos patrimoniais e culturais?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2023 12:23:03

Mercedes Queixas Zas na data 03/01/2023 12:23:10

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 03/01/2023 12:23:20





Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, María Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, María Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo**

A Consellería do Mar remitiu o 9 de decembro de 2022 ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e á Representación Permanente de España na Unión Europea (Reper) un informe socioeconómico do impacto que tería na economía de Galicia a proposta de establecer en 2023 un total admisible de capturas (TAC) cero para o xurelo tanto en augas do Cantábrico -entre Fisterra e o golfo de Biscaia- como no Atlántico Nororiental.

A comunidade aportou este documento co obxectivo de defender os intereses da súa frota e que os aspectos socioeconómicos fosen tidos en conta nas negociacións dos TAC e cotas en augas exclusivas da Unión Europea que se celebrou en decembro de 2022 no Consello de Ministros de Pesca.

Galicia remitiu este informe socioeconómico tanto a Bruxelas como ao Goberno central co obxectivo de facer fronte á tendencia rexistrada nos últimos anos de que na fixación das posibilidades de captura unicamente se teñen en conta os aspectos biolóxicos das especies malia que a Política Pesqueira Común (PPC) establece a necesidade de que haxa un equilibrio entre os eidos ambiental, económico e social.

Este estudo lembra que o sector marítimo-pesqueiro incide en 76 das 83 ramas de actividade da economía galega e ten como obxectivo suavizar e mellorar as propostas da Comisión Europea evitando así o impacto que poden ter tanto na frota galega como nas doutras comunidades. De feito, a conselleira do Mar xa expuxo no Consello Consultivo de Política Pesqueira para Asuntos Comunitarios do 5 de decembro de 2022 que Galicia defende a necesidade de evitar recortes drásticos nas cotas como a proposta de TAC 0 para o xurelo.

Ante esta situación, Galicia pediu manter aberta a pesqueira do xurelo no Cantábrico e Gran Sol aplicando outras alternativas de asignación de TAC sinaladas no propio informe do Consello Internacional para a Exploración do Mar (CIEM) así como defender que se poida facer actividade pesqueira específica e non só accesoria.





Por todo anterior, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Cal sería o impacto socioeconómico na economía de Galicia da proposta de establecer para 2023 un total admisible de capturas (TAC) cero para o xurelo tanto en augas do Cantábrico como no Atlántico Nororiental?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

Teresa
Egerique
Mosquera

Firmado digitalmente por
Teresa Egerique Mosquera
Nombre de reconocimiento
(DN): o=Parlamento de
Galicia, cn=Teresa Egerique
Mosquera,
email=teresa.egerique.mosqu
era@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2023.01.03 12:32:13
+01'00'

José Manuel
Balseiro Orol

Firmado digitalmente por
José Manuel Balseiro Orol
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=José Manuel Balseiro
Orol,
email=jose.manuel.balseiro.or
ol@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2023.01.03 12:32:43
+01'00'

Ana Belén
García
Vidal

Firmado digitalmente por
Ana Belén García Vidal
Nombre de
reconocimiento (DN):
cn=Ana Belén García Vidal,
email=belen.garcia.vidal@
parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2023.01.03 12:33:11
+01'00'

Freire
Vázquez,
María
Begoña

Firmado digitalmente por
Freire Vázquez, María Begoña
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=Freire Vázquez,
María Begoña,
email=begona.freire.vazquez
@parlamentodegalicia.gal
Fecha: 2023.01.03 12:33:43
+01'00'

Manuel
Santos
Costa

Firmado digitalmente por
Manuel Santos Costa
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=Manuel Santos Costa,
email=manuel.santos.costa@pa
rlamentodegalicia.gal
Fecha: 2023.01.03 12:34:29
+01'00'

María Elena
Suárez
Sarmiento

Firmado digitalmente por María
Elena Suárez Sarmiento
Nombre de reconocimiento
(DN): cn=María Elena Suárez
Sarmiento,
email=elena.suarez.sarmiento@
parlamentodegalicia.es
Fecha: 2023.01.03 12:35:12
+01'00'

Daniel
Vega
Pérez

Firmado digitalmente por Daniel
Vega Pérez
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Daniel Vega Pérez,
email=daniel.vega.perez@parlament
odegalicia.es
Fecha: 2023.01.03 12:35:49 +01'00'



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 03/01/2023 12:32:13

José Manuel Balseiro Orol na data 03/01/2023 12:32:43

Ana Belén García Vidal na data 03/01/2023 12:33:11

Freire Vázquez, María Begoña na data 03/01/2023 12:33:43

Manuel Santos Costa na data 03/01/2023 12:34:29

María Elena Suárez Sarmiento na data 03/01/2023 12:35:12

Daniel Vega Pérez na data 03/01/2023 12:35:49



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP) referente en atención especializada para a Estrutura Organizativa de Xestión Integrada (EOXI) de Pontevedra e O Salnés, xestiona os servizos sanitarios de 26 concellos.

Os centros de referencia para estas áreas atópanse nos concellos de Pontevedra (CHOP, integrado polo Hospital de Montecelo e o hospital Provincial) e Vilagarcía de Arousa (Hospital do Salnés).

Este área atende a máis de 300.000 persoas, que levan anos padecendo a necesidade de novas infraestruturas sanitarias así como que dende o Sergas se corrixan as carencias existentes nos centros hospitalarios existentes na actualidade.

Este verán, tras máis dunha década de atraso no Hospital de Montecelo, iniciáronse as tan esperadas obras de ampliación, pero aínda non se ten acadado ningún acordo en relación aos futuros usos do hospital provincial.

Os sindicatos e asociacións máis representativas do persoal sanitario veñen reclamando dende hai anos un plan de usos deste centro, e que o destino do mesmo sexa sanitario ou socio-sanitario.

No ano 2017 aprobouse o Plan funcional do Gran Montecelo, e no mesmo establecíanse a estrutura e os servizos que ían desenvolverse no hospital de Montecelo e no hospital do Salnés pero non se definía o uso que ía a ter no futuro o actual hospital provincial nin o Centro de Especialidades de Mollabao.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista reclamamos ao goberno da Xunta de Galicia que o futuro deste centro se decida de forma consensuada cos sindicatos e asociacións máis representativas e se comprometa a un uso sanitario ou socio-sanitario público do hospital provincial, convocando con carácter urxente unha mesa de traballo co fin de estar rematado este plan de usos antes de que finalicen as obras do gran Montecelo, e así poder facelo efectivo no menor tempo posible.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Por que no Plan de Usos do Hospital Montecelo, aprobado pola Xunta de Galicia no 2017, non se prevé o futuro uso do hospital provincial?
2. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia que o futuro uso do hospital provincial sexa de carácter público?
3. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia limitar o uso do hospital provincial a actividades de carácter sanitario ou socio-sanitario?
3. Vai o goberno da Xunta de Galicia a reunirse con representantes do sindicatos e asociacións sanitarias máis representativas co fin de chegar a un consenso sobre os futuros usos do hospital provincial?
4. Ten previsto o goberno da Xunta de Galicia ter delimitado estes usos do hospital provincial antes de que rematen as obras do Gran Montecelo?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2023

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 03/01/2023 12:09:40

Julio Torrado Quintela na data 03/01/2023 12:09:47

Marina Ortega Otero na data 03/01/2023 12:09:56



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O Instituto de Educación Secundaria Frei Martín Sarmiento en Pontevedra, leva dende o ano 1998 cunha oferta educativa de E.S.O, Bacharelato e Formación Profesional Básica.

Situado no centro da cidade conta na actualidade con 480 de alumnos e alumnas que cursan os seus estudos de E.S.O e Bacharelato, a meirande parte residentes nos barrios achegados (pasarela, Juan Carlos I, Joaquín Costa...) e tamén nalgunha das parroquias deste concello (Mourete, Marcón...), a maiores disto o alumnado de FP.

No último ano a comunidade educativa está moi preocupada xa que dende inspección educativa se lles advertiu da posibilidade de suprimir os estudos de ESO e Bacharelato.

O equipo directivo do centro non ten coñecemento sobre cal é o plan previsto pola Xunta de Galicia para este centro educativo, e a pesar de solicitar información en repetidas ocasións unicamente obtiveron por resposta que o próximo curso 2022/2023 seguirá a mesma oferta educativa.

Esta incerteza está a causar moitos prexuízos tanto entre os pais e nais do alumnado que dubidan á hora de matricular aos seus fillos nun centro que pode non ter continuidade. Pero tamén entre o profesorado, xa que afecta a entre 35 e 40 profesores e profesoras que no caso de finalizar a oferta de ESO e Bacharelato terían que ser trasladados a outros IES.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista non compartimos esta actitude da Xunta de Galicia de opacidade e de gobernar de costas aos intereses da comunidade educativa, xa que defendemos que este centro é o axeitado pola súa situación e traxectoria para continuar prestando esta oferta educativa, entendendo tamén que existen outros centros na cidade máis axeitados para a ampliación da oferta de grados de Formación Profesional.



E por outra banda esiximos a este Goberno que informe ao centro do plan de futuro que teñen previsto para o mesmo, e así rematar coa incerteza existente e a desinformación que están a sufrir.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto a Xunta de Galicia suprimir a oferta de estudos de E.S.O e Bacharelato no IES Frei Martín Sarmiento?
2. No caso de suprimir a oferta de estudos de E.S.O e Bacharelato no IES Frei Martín Sarmiento, onde van adscribir a eses case 500 alumnos e alumnas?
3. No caso de suprimir a oferta de estudos de E.S.O e Bacharelato no IES Frei Martín Sarmiento, que van facer cos 40 mestres e mestras?
4. Cando ten previsto o Goberno galego informar á Dirección do IES Frei Martín Sarmiento do plan educativo previsto para este centro a medio e longo prazo?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2023

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 03/01/2023 12:08:02

Noelia Otero Lago na data 03/01/2023 12:08:09

Noa Susana Díaz Varela na data 03/01/2023 12:08:17



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O trato dispensado ás vítimas de violencia de xénero nas sedes xudiciais é indispensable para crear unha atmosfera de seguridade e protección.

Así mesmo a creación dun clima de empatía e tranquilidade serve á seguridade das vítimas ou os recursos que existen a súa disposición, tomar a declaración sen presas, respectando os seus tempos...

Dende o Grupo Socialista defendemos que un modelo de atención axeitado esixe:

- a) Unha especial consideración dos colectivos especialmente vulnerables (entre outros, mulleres estranxeiras, discapacitadas...)
- b) Que as dependencias nas que as vítimas deberán esperar ou prestar declaración sirvan así mesmo á creación da atmosfera propicia para que poidan exteriorizar cara terceiros aspectos negativos da súa vida e experiencias persoais.
- c) Que as sedes xudiciais contén con lugares axeitados para os tempos de agarda garantindo que non existirá confrontación visual entre denunciante e denunciado.

En Galicia na meirande parte dos xulgados que resolven procesos en materia de Violencia sobre a Muller non se cumpren estes requisitos, sobre todo cando se trata de xulgados mixtos que coñecen tamén outras materias.

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes da Xunta de Galicia, é a Administración con competencias en materia de medios materiais para atender o correcto funcionamento da Administración de Xustiza e, polo tanto, para garantir a implementación dos recursos necesarios para dispensar un axeitado trato ás usuarias do sistema de xustiza penal e, en especial, ás vítimas de violencia de xénero.



Dezaioito anos despois da entrada en vigor da Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero non é asumible que aínda nos atopemos nesta situación polo que dende o Grupo Socialista esiximos a este goberno que redacte un plan de medidas de protección ás vítimas de violencia de xénero dentro das sedes xudiciais previsto para un período de 4 anos e no que se contemple unha adecuación progresiva dos xulgados que coñecen en materia de violencia de xénero en todo o territorio galego co obxectivo de mellorar a seguridade e protección das vítimas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Entende o Goberno galego que as sedes xudiciais deste país cumpren os requisitos axeitados de seguridade e protección para as vítimas de violencia de xénero?
2. Ten previsto o Goberno a adecuación das sedes xudiciais deste país para que cumpran os requisitos axeitados de seguridade e protección para as vítimas de violencia de xénero?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2023

Asdo.: Paloma Castro Rey
Noa Díaz Varela
Noelia Otero Lago
Pablo Arangüena Fernández
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 03/01/2023 12:06:09

Noa Susana Díaz Varela na data 03/01/2023 12:06:16





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 12:50:01
Nº Rexistro: 46411
Data envío: 03/01/2023 12:50:01.450

Noelia Otero Lago na data 03/01/2023 12:06:29

Pablo Arangüena Fernández na data 03/01/2023 12:06:37

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-L2nzmhUJO-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Dende o Goberno de José Luís Rodríguez Zapatero no ano 2007, cando impulsamos a Lei de Memoria Histórica, os socialistas vimos traballando sen descanso pola recuperación da memoria e o recoñecemento das vítimas da represión franquista, máis de 7.000 en Galicia.

Cidadáns que foron torturados e asasinados por defender os principios democráticos, sendo o caso galego dos máis cruel, por canto non foi un territorio en guerra e todas as vítimas obedeceron ó exterminio ideolóxico.

Coa chegada do PP a Xunta de Galicia freáronse tódalas actuacións públicas relacionadas coa Memoria Histórica que o goberno progresista de Emilio Pérez Touriño fomentara.

Deste xeito, lugares como a Illa de San Simón sufriron un continuo abandono, e as asociacións que levaban anos traballando sen axudas de ningún tipo, coa excepción dos anos de goberno bipartito, volveron a quedar desamparadas por parte da Administración autonómica.

Esta situación empeorou aínda máis coa chegada do PP ó Goberno de España, no 2011, que paralizou totalmente as políticas de memoria. A vitoria dos socialistas nas últimas eleccións xerais permitiu que se retomaran estas iniciativas, dando conta do compromiso electoral adquirido.

Así estes días asistimos á aprobación da nova Lei de Memoria Democrática, todo un avance nos dereitos deste país.

Esta lei xa estivo precedidas por outras accións moi relevantes como o traslado do ditador do Val dos Caídos. E a vitoria nos tribunais da recuperación para os bens públicos do Pazo de Meirás, que fora espoliado no seu día pola familia Franco e o novo procedemento instado polo Estado para a recuperación tamén dos bens mobles que alí se atopan.

Dende o Grupo Socialista cremos que agora é o tempo de que os galegos e as



galegas rendamos homenaxe ás nosas vítimas, recuperemos a nosa historia e sigamos gañando dereitos en prol das persoas que sufriron a represión, pois é imposible construír un futuro dende o silencio e o esquecemento do noso pasado.

Para elo dende este grupo entendemos necesario a elaboración dun Plan 2023-2027 para a recuperación da nosa memoria histórica en concordancia co establecido na recente aprobada Lei de Memoria Democrática, co obxectivo principal de contribuír a definir, ordenar e priorizar, a partir do marco legal da nova Lei de Memoria Democrática e dereito internacional dos dereitos humanos, un mapa de actuacións prioritarias en materia de Memoria Histórica para os próximos anos, en coordinación coas diferentes institucións e os axentes sociais.

Así mesmo entendemos necesario a creación do Instituto da Memoria, a Convivencia e os Dereitos Humanos, como organismo autónomo para a realización da actuación administrativa correspondente a desenvolvemento da política pública consistente na garantía, impulso e desenvolvemento dos dereitos humanos, promoción da memoria e no progreso e desenvolvemento da convivencia democrática.

Por todo isto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que accións ten previsto desenvolver o Goberno galego para o cumprimento da nova Lei de Memoria Democrática?
2. Ten previsto elaborar un plan para a recuperación da nosa memoria histórica, que marque as diferentes iniciativas nesta materia que se van a impulsar dende o goberno da Xunta de Galicia nos próximos anos?
3. Como valora este goberno a creación do Instituto da Memoria, a Convivencia os Dereitos Humanos para o desenvolvemento de políticas públicas nestas materias?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2023

Asdo.: Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 03/01/2023 12:04:30

Pablo Arangüena Fernández na data 03/01/2023 12:04:38



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Patricia Otero Rodríguez e Eduardo Ojea Arias, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A estrada PO-303 que une o Concello de Poio co Concello de Meaño é un dos viarios autonómicos con maior afluencia de circulación e atravesa varios núcleos de poboación.

Dende hai varios anos o Grupo Socialista vén denunciando a necesidade de acometer unha mellora integral nesta estrada ao seu paso pola parroquia de Samieira para mellorar a seguridade viaria.

A necesidade de actuación urxente afecta ao longo de todo o tramo que transcorre pola parroquia de Samieira, dende a rotonda na PO-308 ata Meis, xa que practicamente non existe ningún tipo de espazo para os peóns.

A situación é especialmente grave nalgúns zonas onde a anchura da estrada se reduce considerablemente, sen que exista espazo suficiente para que se crucen dous vehículos se hai peóns ou bicicletas circulando (cousa que é habitual) ao que se suma a necesidade de mellorar a visibilidade en varios acesos de rúas secundarias e a ampliación da ponte na praza Alfredo Romay.

Son moitos os veciños e veciñas que viven preocupados pola situación xa que son frecuentes os choques por alcance que se soen producir neste tramo, debido á gran cantidade de curvas, á escasa visibilidade e ao reducido espazo que existe.

A ausencia de beirarrúas na práctica totalidade do tramo fai que a veciñanza teña que camiñar pola estrada co perigo que iso supón ao que se suma a mala sinalización horizontal.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista temos claro que a situación actual da PO-303 neste tramo supón un risco para persoas condutoras, peóns e veciñanza e



consideramos que a Xunta de Galicia ten que actuar de forma urxente na mesma para garantir a seguridade.

Entendemos que a situación na que se atopa non é propia dunha estrada autonómica senón que parece mais un camiño secundario, a pesar do volume de tráfico que soporta de maneira diaria, xa que son moitos os veciños e veciñas que se desprazan ata Meaño, para tomar a Autovía do Salnés.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten previsto este goberno acometer unha actuación integral na PO-303 ao seu paso pola parroquia de Samieira co fin de mellorar a seguridade viaria?
2. Como valora este goberno a situación na que se atopa a PO-303 ao seu paso pola parroquia de Samieira?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2023

Asdo.: Paloma Castro Rey
Patricia Otero Rodríguez
Eduardo Ojea Arias
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 03/01/2023 12:03:16

Patricia Otero Rodríguez na data 03/01/2023 12:03:24

Eduardo Ojea Arias na data 03/01/2023 12:03:35



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Hai uns meses o goberno da Xunta de Galicia anunciaba un gran investimento para a reforma e ampliación do centro de saúde do Concello de Campolameiro, un investimento que non vai acompañado co reforzo no persoal sanitario que vén demandando dende hai tempo a veciñanza.

Este centro non conta co número de persoal sanitario necesario para prestar un servizo de calidade, na actualidade conta cun cadro de persoal que se reduce unicamente a un médico, unha enfermeira e un administrativo, para unha poboación de aproximadamente 2.000 habitantes.

Esta situación precaria empeorou no mes de agosto coa baixa do facultativo que se prevía ausente como mínimo durante un mes.

Nese momento as citas médicas atrasáronse ata o mes de outubro sen que no mes de setembro estivera previsto que se cubrira esta ausencia e, polo tanto, este centro atoparíase unicamente cunha enfermeira e unha persoa de Administración.

A veciñanza de Campolameiro mostrou a súa desconformidade a esta medida e dende o Grupo Socialista rexistrabamos unha iniciativa na que solicitabamos a cobertura desta baixa.

Todo o anterior fixo que o Sergas dese cobertura á baixa desta provisional cunha médica que comezou aos poucos días a exercer as súas funcións e ata hai 1 día que manifestou o seu cese por ter que cubrir a praza que anteriormente tiña asignada.

Isto deixa novamente ao Concello de Campolameiro sen médico xa que o titular segue cunha baixa que se prevé longa.

Esta situación obriga novamente á veciñanza de Campolameiro a ter que desprazarse ao centro de saúde de A Parda en Pontevedra, co agravio que isto supón tendo en conta a distancia (25 quilómetros) e a maiores a colapsar aínda



máis un centro como é o de Pontevedra que está a absorber as demandas dos concellos da área sanitaria que se ven coas baixas sen cubrir.

Dende o Grupo Socialista levamos anos denunciando o deterioro da sanidade pública que no concello de Campolameiro pode constatare facilmente cos seguintes datos: ata o ano 2017 contaba con 2 médicos e ata 2018 tamén con pediatra, pero o Sergas na súa política de desmantelamento da atención primaria decidiu prescindir destes servizos, a pesar da oposición da veciñanza.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista esiximos ao Sergas que cubra, de forma permanente, esta baixa e evite así que este concello quede novamente sen un facultativo médico ou cun que asista de forma puntual e a maiores recupere o 2º médico e o pediatra que prestaban servizo neste centro, necesario para ter unha atención médica axeitada.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Entende o goberno da Xunta que con só un médico para 2.000 habitantes pode garantirse unha asistencia sanitaria de calidade?
2. Ten previsto o goberno da Xunta restablecer o médico e o pediatra no Centro de Saúde de Campolameiro?
3. Ten previsto o goberno da Xunta cubrir, de forma permanente, a baixa do facultativo médico que presta servizo no centro de saúde de Campolameiro?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2023

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Paloma Castro Rey na data 03/01/2023 12:02:00

Julio Torrado Quintela na data 03/01/2023 12:02:10

Marina Ortega Otero na data 03/01/2023 12:02:19





Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, María Begoña Freire Vázquez, Manuel Santos Costa, María Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, de Pesca e Marisqueo**

Entre os días 11 e 13 de decembro de 2022 celebrouse en Bruxelas o tradicional Consello de Ministros de Pesca da Unión Europea (UE) no que se negociaban os totais admisibles de capturas (TACs) e cotas de pesca que se permitirán á frota Europa, española e, por tanto, á galega en 2023.

Previamente, a Comisión Europea publicara a finais de outubro a súa proposta de TACs para as 17 pesqueiras que operan sobre poboacións xestionadas unicamente pola UE, baseada no ditame científico do Consello Internacional para a Exploración do Mar (CIEM).

O sector do mar en Galicia aspiraba a mellorar dita proposta do Executivo comunitario, e con este fin, foron aportados datos e documentos aos negociadores por España, liderados polo ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación. Con eles probábase que a frota galega se axusta aos límites que establece Bruxelas e que a recuperación é boa en practicamente todos os recursos que se están a explotar.

De especial interese para Galicia, como se fixo constar ao Ministerio, era a situación da pesqueira da anguía, recurso que se mantén en equilibrio desde 2020 na comunidade; e a cota de xurelo no Cantábrico e augas do nordeste Atlántico, para a que se pretendía un TAC cero que era imprescindible evitar, pois é fundamental para a frota de cerco da autonomía.

Despois de dous días e unha madrugada de negociacións, na que se presentaron aos responsables ministeriais distintas propostas de compromiso elaboradas pola presidencia de turno checa de UE, acordábanse unhas posibilidades de pesca para o ano 2023 sen que apenas se producisen cambios ou avances sobre as intencións iniciais manifestadas pola Comisión Europea.





Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión

Cal e o balance que fai o Goberno galego dos totais admisibles de capturas (TACs) e cotas de pesca aprobados para 2023?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

Teresa
Egerique
Mosquera

Firmado digitalmente por Teresa
Egerique Mosquera
Nombre de reconocimiento (DN):
o=Parlamento de Galicia, cn=Teresa
Egerique Mosquera,
email=teresa.egerique.mosquera@pa
rlamentodegalicia.gal
Fecha: 2023.01.03 12:21:30 +01'00'

José Manuel
Balseiro Orol

Firmado digitalmente por
José Manuel Balseiro Orol
Nombre de reconocimiento (DN): cn=José Manuel Balseiro
Orol,
email=jose.manuel.balseiro.or
ol@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2023.01.03 12:22:12
+01'00'

Ana Belén
García
Vidal

Firmado digitalmente por Ana Belén
García Vidal
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Ana Belén García Vidal,
email=belen.garcia.vidal@parlament
odegalicia.gal
Fecha: 2023.01.03 12:22:54 +01'00'

Freire
Vázquez,
María Begoña

Firmado digitalmente por Freire
Vázquez, María Begoña
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Freire Vázquez, María
Begoña,
email=begona.freire.vazquez@p
arlamentodegalicia.gal
Fecha: 2023.01.03 12:23:42
+01'00'

Manuel
Santos
Costa

Firmado digitalmente por
Manuel Santos Costa
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Manuel Santos
Costa,
email=manuel.santos.costa@p
arlamentodegalicia.gal
Fecha: 2023.01.03 12:24:24
+01'00'

María Elena
Suárez
Sarmiento

Firmado digitalmente por María
Elena Suárez Sarmiento
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=María Elena Suárez Sarmiento,
email=elena.suarez.sarmiento@p
arlamentodegalicia.es
Fecha: 2023.01.03 12:25:14 +01'00'

Daniel
Vega Pérez

Firmado digitalmente por
Daniel Vega Pérez
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Daniel Vega Pérez,
email=daniel.vega.perez@parla
mentodegalicia.es
Fecha: 2023.01.03 12:25:52
+01'00'



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 03/01/2023 12:21:30

José Manuel Balseiro Orol na data 03/01/2023 12:22:12

Ana Belén García Vidal na data 03/01/2023 12:22:54

Freire Vázquez, María Begoña na data 03/01/2023 12:23:42

Manuel Santos Costa na data 03/01/2023 12:24:24

María Elena Suárez Sarmiento na data 03/01/2023 12:25:14

Daniel Vega Pérez na data 03/01/2023 12:25:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Iria Carreira Pazos e Noa Presas Bergantiños, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa ás deficiencias no servizos de urxencias extrahospitalarias, aéreas e terrestres no sur de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A CIG ten denunciado que dende o sábado día 1 de outubro pola tarde, até o día 4, martes, tamén pola tarde, e dicir, durante tres días, o helicóptero que cubre as urxencias sanitarias con base en Ourense estivo inoperativo. Iso significou que a área sur de Galiza quedou sen posibilidade de transporte aéreo urxente medicalizado.

Esta situación fixo que en todo o país tan só estivera operativo un único helicóptero con base en Santiago de Compostela, xa que Galiza tan só conta con dous helicópteros para atender as urxencias, un con base en Santiago de Compostela e outro en Ourense.

A causa alegada para a xustificar a inoperatividade do helicóptero foi unha revisión técnica en cumprimento dos requisitos legais establecidos nos pregos de contratación. Estamos polo tanto diante dunha actuación que tiña que ter sido programada, totalmente previsible.

Non é aceptábel que a empresa concesionaria do servizo, Eliance, non tivera outra nave dispoñíbel para non deixar sen atención a metade do país, Ourense, parte da montaña de Lugo, zonas do interior de Pontevedra, o Baixo Miño...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Non é de recibo que o 061 tivera que solicitarlle á empresa concesionaria en Ourense do servizo de transporte sanitario urxente unha ambulancia SVA para “cubrir” a ausencia do helicóptero, cando está foi unha das melloras ofertadas pola empresa, e porque evidentemente non é unha alternativa ao servizo que presta o helicóptero, nin por tempos de resposta, nin ámbito xeográfico.

A falta deste helicóptero é especialmente grave, xa que o mesmo ten un ámbito de cobertura dos seus servizos nunha zona moi deficitaria en canto a dotación de transporte sanitario urxente terrestre, toda a área sur de Galicia, Ourense, área Sur da provincia de Pontevedra e sueste de Lugo. Zonas afastadas dos hospitais e sen ambulancias de Soporte Vital Avanzado, só hai unha en toda a provincia de Ourense, ningunha ni no Baixo Miño nin nas zonas do interior da provincia de Pontevedra, nin na montaña de Lugo. Miles de galeg@s quedaron desprovist@s dun servizo de transporte medicalizado rápido en caso dunha emerxencia.

É máis que evidente a falta de previsión da empresa ao saber que a vida útil deste helicóptero remataba o 1 de outubro e da Xunta de non ter tomado medidas, diante da empresa titular da concesión do servizo, para garantir a continuidade con outro helicóptero que cumprira as condicións do contrato.

Segundo a denuncia da CIG isto supón un claro incumprimento do contrato xa que segundo os pregos a concesionaria ten que ter un helicóptero medicalizado en Ourense os 365 días do ano. Denuncian tamén que non é a primeira vez que se produce, e que a empresa tampouco garante que estean a dispor na aeronave medios como parches para desfibrilar ou outro material funxible que sempre levan a mínimos.

Que Galiza conte cunha rede de transporte sanitario urxente de calidade é unha preocupación constante do BNG. Levamos anos demandando o dimensionamento





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

preciso, tanto en dotación, persoal e recursos para a atención ás urxencias extrahospitalarias porque é un servizo vital na cadea asistencial e o servizo é deficitario.

O tempo de resposta deste servizo poden marcar a diferenza entre un desenlace positivo ou un fatal. Diante dunha emerxencia o factor tempo e eficiencia é fundamental: nas paradas cardiorrespiratorias, ictus, politraumatismos... cada minuto de demora na atención agrava o pronóstico e a supervivencia.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

. Que labor de vixilancia e control realiza a Xunta de Galiza sobre as empresas concesionarias do servizo de transporte sanitario urxente, tanto aéreo como terrestre para verificar a calidade da prestación do servizo?

. Que accións ten realizado a Xunta de Galiza diante do incumprimento do contrato polo que Eliance ten que ter un helicóptero medicalizado en Ourense os 365 días do ano?

. Tenlle aberto algún expediente sancionador?

. Tendo en conta que o tempo é un factor esencial, considera que @s veciñ@s destas zonas deficitarias poden recibir unha atención sanitaria rápida e con garantías, diante dunha patoloxía de gravidade, carecendo de ambulancia medicalizada, SVA?

. Cales son as isócronas operativas destas comarcas en caso de precisar unha ambulancia de SVA?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Ten intención o Goberno galego de dotar estas zonas de ambulancias medicalizadas? de ser así cantas, onde e en que prazo?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 03/01/2023 13:30:42

Noa Presas Bergantiños na data 03/01/2023 13:30:52

Iria Carreira Pazos na data 03/01/2023 13:31:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as condicións laborais do persoal TCAE que traballa en centros sociosanitarios da Xunta de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Representantes das traballadoras e traballadores do persoal TCAE que atende as persoas usuarias dos centros sociosanitarios da Xunta de Galiza trasladaron ao G.P. do Bloque Nacionalista Galego o seu malestar polas súas condicións laborais, especialmente pola situación na que se atopa o persoal das listaxes de contratación temporal.

En primeiro lugar, polas diferenzas que teñen a respecto do persoal coa súa mesma formación mais dependente do SERGAS e tamén a respecto das e dos TCAE con praza fixa en centros dependentes da Consellaría de Política Social.

Así mesmo, denuncian:

- 1.- A existencia de tres tipos de xornadas laborais (completa, media xornada e de sábado a domingos) fronte, por exemplo, as listaxes do SERGAS (xornada completa e pull).
- 2.- Non percibiren os plus salariais por xornadas laborais en domingos e festivos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3.- A existencia de listaxes paralelas en determinados centros sociosanitarios que priorizan a contratación dunhas persoas sobre outras.

Esta situación deriva, en boa medida, de que o persoal temporal que traballa nos centros sociosanitarios da Xunta de Galiza depende da área de Función Pública e non atende as características propias de servizos centrados na atención e coidados das persoas, especialmente maiores mais non só.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Como valora a Xunta de Galiza as condicións laborais do persoal TCAE que se atopa nas listaxes de contratación temporal en centros sociosanitarios?
- Pensa adoptar a Xunta de Galiza algunha medida para atender as demandas das e dos profesionais?
- E especificamente no que ten a ver co tipo de xornada (completa, media xornada, fins de semana)?
- Cónstalle ao Goberno galego a existencia de listaxes de contratación paralelas ás oficiais nalgún centro residencial?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2023 13:37:04

Iria Carreira Pazos na data 03/01/2023 13:37:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as prazas de emerxencia social nas residencias de maiores e o perfil de persoas usuarias que ocupan as mesmas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai tempo, diversos colectivos profesionais e tamén representantes de familiares de persoas usuarias das residencias de maiores, veñen advertindo o G.P. do Bloque Nacionalista Galego da ocupación de prazas de emerxencia social nos centros de maiores con persoas que padecen graves problemas psiquiátricos e doutras características.

A preocupación, especialmente do persoal, é que non contan nin con formación nin con recursos necesarios para atender este perfil preguntándose, tamén, se son as residencias de maiores os lugares idóneos para prestar o mellor servizo a estas persoas.

Cómpre lembrar que Galiza non conta cunha lexislación específica que regule as residencias de maiores senón que están ordenadas pola normativa básica de servizos sociais alén dalgunha orde específica.

Por todo o exposto anteriormente fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cantas prazas de emerxencia social existen en Galiza nas residencias de maiores?
- Cantas están ocupadas?
- Que perfís se atopan entre as persoas usuarias deste recurso?
- Cales son as razóns da súa derivación a residencias de maiores?
- Cre a Xunta de Galiza que son o recurso máis acaído para atender as súas necesidades?
- Valora o Goberno galego crear outros recursos e servizos para atender estas necesidades?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 03/01/2023 13:41:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre as demandas do persoal traballador do INIBIC do cumprimento do convenio colectivo laboral.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A investigación hospitalaria galega está xestionada por tres Fundacións Biomédicas ás que se asocian as áreas sanitarias e hospitais: a **Fundación Profesor Novoa Santos** (Área Sanitaria da Coruña e Cee e Área Sanitaria de Ferrol), a **Fundación Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela** (Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza e Área Sanitaria de Lugo, A Mariña e Monforte de Lemos) e a **Fundación Biomédica Galicia Sur** (Área Sanitaria de Vigo, Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras e Área Sanitaria de Pontevedra y O Salnés).

Para ese fin estas tres fundacións xestionan o **Instituto de Investigación Biomédica de A Coruña (INIBIC)**, o **Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS)** e o **Instituto de Investigación Sanitaria Galicia Sur (IISGS)**.

A regulación laboral do persoal investigador e de xestión das tres Fundacións Sanitarias está amparada polo primeiro Convenio Colectivo de Fundacións de Investigación Sanitarias Galegas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido, a aplicación deste convenio para a área de investigación hospitalaria da Coruña-Cee e Ferrol, vinculado ao persoal investigador e de xestión no CHUAC e no CHUF, correspóndelle á Fundación Novoa Santos (FPNS), órgano xestor do Instituto de Investigación Biomédica (INIBIC).

O persoal investigador e de xestión da FPNS está a comprobar con preocupación como desde esta Fundación non se está a dar cumprimento correcto do regulado neste convenio.

No grupo parlamentar do BNG compartimos a máxima preocupación amosada polo comité de empresa da FPNS ante a vulneración da aplicación deste convenio a respecto da adscrición, cada vez maior, do seu persoal investigador á categoría de persoal de apoio, sen ter en conta os méritos no tipo de traballo que desenvolve, alegando que o persoal de apoio pode de forma altruísta desenvolver tarefas de investigador sen que iso implique que teñan que estar na categoría de persoal investigador tal e como regula o convenio vixente.

Na actualidade, a Fundación Profesor Novoa Santos, órgano xestor do INIBIC, vén encadrando o seu persoal, de forma unilateral, nas categorías que considera segundo o seu criterio, de tal xeito que de 153 profesionais que constan no censo da empresa, só 20 teñen categoría de persoal de investigación, o que representa o 13% do total.

Esta dato cobra unha preocupación relevante se atendemos a que o cadro de persoal investigador contratado pola Fundación Profesor Novoa Santos durante os anos 2016-2019 supoñía entorno ao 46% do persoal total.

Como preocupación engadida é a xustificación desta mingua achegada pola propia dirección da Fundación Profesor Novoa Santos, razoada nunha compoñente altruísta que debe acompañar a función investigadora.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta práctica conduce á infravaloración e precariedade laboral, para alén dun bloqueo absoluto da carreira investigadora do persoal da FPNS, agravada pola arbitrariedade na actuación e aplicación do convenio, xa que non está a acontecer isto nas outras dúas fundacións biomédicas de Santiago e Vigo.

Esta actuación claramente discriminadora por parte da dirección da Fundación Profesor Novoa Santos está a desgastar e minguar a investigación sanitaria hospitalaria na Coruña e Ferrol e impedir o desenvolvemento dunha carreira profesional como investigador/investigadora.

Asemade, está tamén a limitar o obxectivo último da investigación biomédica que non é outro máis que xerar novo coñecemento sobre a orixe das enfermidades, os posíbeis tratamentos e a súa transferencia á práctica clínica.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- É consciente o goberno da Xunta de que a Fundación Profesor Novoa Santos, que xestiona a investigación nas áreas sanitarias de Coruña/Cee e Ferrol, non está a aplicar de forma correcta o convenio colectivo?

- Que accións ten posto en práctica a Xunta para que na Fundación Profesor Novoa Santos se aplique de forma correcta o convenio colectivo ao persoal investigador?

- Como valora o goberno o importante descenso na contratación da categoría de persoal de investigación nos últimos anos por parte da Fundación Profesor Novoa Santos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Comparte a Xunta o criterio de contratación, seguido na Fundación Profesor Novoa Santos, de acrecentar o persoal de apoio en detrimento da categoría profesional de persoal investigador?
- Entende o goberno, ao igual que a dirección da Fundación Profesor Novoa Santos, que o persoal investigador traballa desde unha perspectiva altruísta?
- Concorde o goberno con que esta medida imposibilita o acceso das profesionais a unha carreira profesional e, consecuentemente, reduce a competitividade na captación de fondos e novo persoal investigador?
- Comprométese o goberno a atender as demandas do comité de empresa da Fundación Profesor Novoa Santos a respecto do estrito cumprimento do convenio laboral aprobado?

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2023

Asdo.: Mercedes Queixas Zas
Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 03/01/2023 13:44:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 13:45:40
Nº Rexistro: 46429
Data envío: 03/01/2023 13:45:40.450

Iria Carreira Pazos na data 03/01/2023 13:44:58



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez, Noa Díaz Varela, Noelia Otero Lago, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O Goberno galego conxelou as taxas universitarias de grao e máster en distintos cursos académicos no Sistema Universitario Galego co fin de facilitar o acceso á universidade e eliminar barreiras e custes económicos ás familias. Mais esa medida que implica menos ingresos nas universidades públicas debe ser compensada dende os orzamentos da Xunta de Galicia, non sendo de recibo que o goberno galego anuncie esas medidas pero logo non sexa corresponsable financeiro coa mesma e que acaben as universidades soportando esa medida sen compensación suficiente. Esa conxelación ou minoración de ingresos universitarios non debera recaer sobre as universidades, como así advirte o Consello de Contas nos seus informes de fiscalización das universidades públicas galegas.

Segundo o Consello de Contas, a conxelación das taxas das matrículas acabouse financiando cos recursos das propias universidades, impoñéndolles unha desvantaxe competitiva en relación co resto do sistema universitario español. Este ente fiscalizador contabiliza en 159.7 millóns de euros a perda de financiamento das universidades públicas galegas no período 2010-2017 con respecto á media de universidades públicas presenciais españolas debido a esa política de conxelación de taxas da Xunta de Galicia e a non compensación suficiente por parte das contas autonómicas.

Din os informes do Consello de Contas que o alivio na carga financeira ao estudante realizado pola Xunta de Galicia e o descenso no número do alumnado non foron compensados ás universidades galegas mediante o axeitado incremento das transferencias do Goberno galego nun nivel suficiente para que non existise unha perda de financiamento global en termos comparados coas universidades españolas.



Por outra banda, o Consello de Contas advirte de que a pesar de estar prevista na lexislación básica estatal, non existe un marco regulatorio autonómico sobre os instrumentos de planificación e programación económica das universidades nin sobre o desenvolvemento e execución dos orzamentos, o que motiva diferenzas importantes nas universidades galegas nos procesos de planificación económica e na información e xestión orzamentaria.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora o Goberno galego os informes de fiscalización das universidades públicas galegas que apuntan unha perda de financiamento de 159.7 millóns de euros pola política de conxelación de taxas da Xunta de Galicia?
2. Contemplouse expresamente esta perda de financiamento das universidades públicas galegas no Plan de Financiamento Universitario 2022-2026 e de que maneira se fixo?
3. Ten previsto a Xunta de Galicia o desenvolvemento do marco regulatorio autonómico sobre os instrumentos de planificación e programación económica das universidades e o desenvolvemento e execución orzamentaria?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Noa Díaz Varela

Noelia Otero Lago

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Leticia Gallego Sanromán

Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Gonzalo Caballero Míguez na data 03/01/2023 13:11:41

Noa Susana Díaz Varela na data 03/01/2023 13:11:51

Noelia Otero Lago na data 03/01/2023 13:12:01

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/01/2023 13:12:10

María Leticia Gallego Sanromán na data 03/01/2023 13:12:21



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Carmen Rodríguez Dacosta, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Os últimos datos de afiliación á Seguridade Social amosan unha caída en Galicia do colectivo afiliado ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) en máis dun millar de persoas no primeiro semestre do ano 2022; unha cifra que contrasta coa suba en máis de 8.000 persoas nese réxime no mesmo período en España.

A tendencia inversa na evolución do número de persoas autónomas en España e Galicia é unha realidade que nos preocupa. Mentres en España aumenta, en Galicia se reduce, o cal hai que entendelo nunha serie histórica na que, nos últimos 13 anos, mentres a poboación ocupada aumentou en España, tamén caeu en Galicia.

Dado que se trata dun factor específico da nosa economía, o goberno galego non pode permanecer de brazos cruzados, senón comprometerse coas persoas autónomas; máxime nun contexto como o que estamos vivindo polas consecuencias da suba dos prezos derivado da guerra en Ucraína.

Por iso, é urxente que o goberno da Xunta de Galicia poña en marcha medidas encamiñadas a respaldar e fomentar o autoemprego e apoiar ao sector dos autónomos. Os datos reflicten a falla do goberno galego á hora de tomar medidas para acompañar ás persoas que queren emprender en Galicia no réxime de autónomos.

Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Como valora o Goberno galego a evolución do número de afiliados ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos (RETA) no primeiro semestre de 2022?



2. Que medidas vai poñer en marcha o goberno da Xunta de Galicia para frear a perda de persoas traballadoras autónomas no país neste 2022?
3. Que avaliación fai dos programas da Xunta encamiñados a promover o emprego autónomo á vista da caída da afiliación?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Carmen Rodríguez Dacosta
Deputado e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/01/2023 13:13:04

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/01/2023 13:13:12

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/01/2023 13:13:21



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

En maio desde 2022 contabilizáronse 766.919 pensionistas en Galicia. A estrutura poboacional amosa un alto nivel de envellecemento da poboación galega, que se intensificará nos vindeiros anos, e esta situación convive cun nivel da pensión media en Galicia por debaixo da media estatal.

A pensión media da Seguridade Social situouse en Galicia en 929,73 euros en maio de 2022, o que supón unha contía un 15 % inferior aos 1.089,86 euros mensuais que perciben, de media, os e as pensionistas de toda España. A diferenza con outras comunidades é aínda máis ampla. Estas diverxencias son froito da estrutura económica galega en décadas pasadas e dos niveis salariais máis baixos.

Así mesmo, eses contrastes son comúns ás catro provincias galegas, pois en todas elas a pensión media non chega á media estatal. Pero mentres nas provincias atlánticas se acadan os 975 euros en A Coruña e os 970 euros en Pontevedra, as pensións medias son especialmente baixas en Lugo e Ourense onde respectivamente non superan os 834 e os 807 euros.

Ante o escenario de dificultades para as familias pola suba dos prezos o Goberno de España ven de aprobar un conxunto importante de medidas que inclúe dende unha subvención de 20 céntimos por litro de carburante ata a redución dos impostos á electricidade, pero tamén unha suba extraordinaria dun 15% das pensións non contributivas de xubilación e invalidez ata o 31 de decembro, é dicir, unha medida de apoio ás pensións máis baixas ante o escenario de inflación. Cómpre que a política económica da Xunta de Galicia aposte tamén por medidas de apoio aos sectores vulnerables e particularmente a aqueles con pensións máis baixas que se ven en dificultades para chegar a fin de mes ao non dispor doutras rendas ou patrimonio.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas vai poñer en marcha a Xunta de Galicia ante a suba de prezos para apoiar aos e ás pensionistas galegas con pensións mais baixas como as non contributivas e de invalidez cando carecen doutros recursos dispoñibles?
2. Vai o goberno da Xunta de Galicia a actualizar e aumentar o complemento autonómico ás pensións non contributivas?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/01/2023 13:14:02

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/01/2023 13:14:12



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

A invasión de Ucraína por Rusia xera un novo escenario internacional de alta tensión nos eidos político e institucional que afecta á cidadanía e ao escenario de paz construído en Europa ao longo de décadas. Ademais, implica un novo escenario no ámbito económico marcado pola crise da oferta, con implicacións de carácter internacional.

No que vai de século XXI, a economía internacional experimentou ata o de agora dous episodios de crise de enorme intensidade. Por unha banda, a Gran Recesión que marcou a economía a partires do ano 2008 -a raíz da crise das hipotecas subprime en Estados Unidos- rachou coa etapa de bonanza e de crecemento económico anterior e derivou nunha profunda crise financeira e de demanda que requiriu da intervención na economía e de novos modelos de política económica.

Certo é que, se ben en distintos momentos da Gran Recesión se evidenciou a necesidade de intervención tanto para sanear e salvar os sistemas financeiros como para contrarrestar o desplome da demanda agregada, a crise tivo distintas etapas e puxo sobre a mesa en Europa unha tensión entre os defensores das políticas de austeridade e os defensores das políticas de demanda de corte keynesiano que non sempre foi axeitadamente resolta na medida en que ese segundo tipo de políticas debeu xogar un papel máis constante.

En segundo lugar, coa chegada da covid en 2020, as medidas de seguridade sanitaria e de confinamento implicaron a paralización da actividade económica e tamén un desplome de rendas e demanda. Había máis dun século que a economía internacional non vivía unha gran pandemia, e nesta ocasión asumíuse por parte de gobernos de todo o mundo a necesidade de poñer en marcha políticas económicas expansivas e programas de impulso público para salvar á cidadanía e impulsar a recuperación trala pandemia.



As leccións extraídas das políticas de austeridade tras a Gran Recesión, que causaron unha saída da crise máis lenta e máis inxusta, permitiron un maior consenso na pandemia sobre a necesidade de impulsar dende o público os niveis de demanda e investimento e de configurar programas de protección social. Esa dinámica tamén se asumiu polo goberno de España e marcou un novo tempo nas decisións das institucións europeas á hora de apostar por grandes paquetes de investimento, con programas como o Next Generation.

Agora, cando a economía enfilaba un ciclo de recuperación tras a pandemia, o escenario bélico en Ucraína marca unha nova etapa. A guerra implica un risco de crise derivado do encarecemento de materias primas como o gas e o petróleo, do posible desabastecemento de certos insumos, dun maior nivel de incerteza no ámbito xeopolítico internacional e dun escenario de estanflación que, combinando desemprego e crecemento de prezos, podería marcar o escenario económico.

Estamos agora ante unha crise de oferta na que se incrementan os custes de produción, na que pode existir desabastecemento de materias primas e insumos e que desemboca nunha crise enerxética. Ademais, no escenario de globalización no que vivimos, as tensións económicas derivadas de decisións como as sancións a Rusia poden acabar tendo efectos rebote no conxunto da economía global, afectando a fluxos comerciais, financeiros e de rendas. Todo isto afecta aos niveis de aforro e de investimento, mentres se baralla unha posible suba dos tipos de interese que xa iniciou o 16 de marzo a Reserva Federal de Estados Unidos.

Neste escenario, cómpre reformular a política económica para acertar no destino máis eficiente e dinamizador dos recursos públicos, así como para garantir niveis razoables de equidade e igualdade. Se os conservadores fracasaron coa receita da austeridade fronte á Gran Recesión e tiveron que amoldarse, non sen algunha reticencia, ante a necesidade de responder con gasto público fronte á pandemia, agora é tempo de definir políticas económicas que defendan á cidadanía, que salven ás empresas e que eviten engordar a espiral de estanflación que podería darse.



A Xunta de Galicia ten amplas competencias no eido económico de acordo co Estatuto de Autonomía de Galicia e, logo de 13 anos de carencia de orientación ante os grandes retos económicos, produtivos e de innovación do país, temos que acertar para afondar nunha liña de recuperación sostible e positiva. Nestes momentos son relevantes os acordos e pactos de rendas para distribuír custes e beneficios, pero tamén apostar por políticas de oferta no eido industrial e por reformular aspectos da política tributaria nun novo contexto. Así mesmo, faise necesario reformular a planificación estratéxica de Galicia ante o novo escenario, e facelo coa orientación axeitada para sacar Galicia adiante.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai adecuar o Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030 para o novo tempo que vén por diante froito da guerra de Ucraína e da situación económica xerada como consecuencia?
2. Vai acordar cos axentes sociais de Galicia as bases da política económica da Xunta de Galicia ante o novo escenario de crecemento dos prezos derivado da guerra en Ucraína?
3. Van elaborar unha nova política industrial que faga fronte aos retos da industria galega no novo contexto internacional de crise da oferta ante o risco de escaseza de certos insumos, encarecemento de custes e caída e recomposición da demanda?
4. Que plans económicos de acción sectorial está desenvolvendo a Xunta de Galicia para respaldar e salvar empresas, pemes e persoas autónomas ante o novo escenario económico derivado da guerra en Ucraína?
5. Van redefinir as liñas de acción do Igape no novo escenario macro e microeconómico para acertar nas políticas de ofertas e fortalecer a evolución e resiliencia do sistema produtivo galego nun escenario inflacionista?
6. Vai redefinir a política tributaria da Xunta nun contexto de alta inflación para protexer o poder adquisitivo da cidadanía, especialmente da que se atopa nunha situación máis vulnerable, e reforzar o carácter progresivo e



equitativo dos impostos, e abordar un tratamento fiscal axeitado para empresas, pemes e persoas autónomas especialmente afectados polo novo escenario?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/01/2023 13:15:46

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/01/2023 13:15:55



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O prezo de carburantes como a gasolina ou o gasóleo ten acadado en datas recentes máximos que implican un enorme custe tanto para o conxunto da cidadanía como especificamente para os e as autónomos/as e as pemes e para todo o sistema produtivo do país.

Existen análises e series de datos que evidencian que ao longo de 2021 rexistrouse un incremento do prezo dos carburantes superior ao 20 %, e esta tendencia alcista viuse aumentada nas últimas semanas a raíz da nova situación económica e enerxética derivada da guerra en Ucraína por mor da invasión rusa.

Ao igual que noutros países da contorna, a estrutura impositiva en España implica que os prezos que se pagan polos carburantes veñen determinados en boa medida polo imposto especial de hidrocarburos, cunha cota fixa de 47 céntimos por litro de gasolina e de 38 no caso do diésel, e tamén polo IVE, situado no 21 %. De feito, de acordo cos datos da Asociación Española de Operadores de Productos Petrolíferos, o 45% do que se paga por litro de diésel en España son impostos e esta porcentaxe ascendería ata o 49 % no caso da gasolina. É evidente que a política tributaria sobre combustibles determina os prezos á vez que neste escenario de escalada do prezo dos combustibles, tense detectado nos últimos anos un aumento da marxe bruta das empresas que comercializan carburantes no noso país. Cómpre tamén abordar como actuar nas distintas vías que afectan á importación, comercialización e distribución dos combustibles, na medida en que se poida conseguir unha redución de prezos.

Por iso, ante a situación preocupante derivada dun escenario de crecemento da inflación, na que son os factores da oferta -como o custe da enerxía e dos propios carburantes- os que desempeñan un factor determinante, resulta necesario que a política económica busque de forma prioritaria a redución dos prezos dos combustibles no noso país nestes momentos.



Esta redución faise necesaria non só para favorecer a mobilidade da cidadanía, senón que constitúe un elemento central na competitividade dos actores económicos e das empresas e autónomos, así como á hora de afianzar a fase de recuperación.

Ademais, asumindo que o incremento do prezo dos combustibles está producindo un incremento substancial da recadación impositiva derivada da venta de carburantes, cómpre abordar unha rebaixa fiscal para os combustibles que chegue ao conxunto da cidadanía e que afecte tanto ao imposto especial sobre hidrocarburos como ao imposto sobre o valor engadido.

No caso do primeiro destes gravames, as competencias do goberno de España son suficientes para minoralo; mentres que no caso do segundo cómpre facer todos os esforzos para acadar a redución do mesmo actuando coas institucións comunitarias.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Respalda a redución do imposto especial sobre hidrocarburos mentres exista o actual incremento desmesurado de prezos dos combustibles?
2. Apoia que se busquen fórmulas posibles para reducir o tipo de IVE que se aplica aos hidrocarburos mentres exista o actual incremento desmesurado de prezos dos combustibles?
3. Está o Goberno galego disposto a colaborar co Goberno do Estado para desenvolver un conxunto de medidas lexislativas, loxísticas, de importación, de comercialización, de distribución e de mercado que posibiliten o abaratamento do prezos e combustibles en España e Galicia ante o novo escenario enerxético e económico que se está producindo?
4. Que plan de acción e medidas propias está adoptando o Goberno galego ante o incremento dos prezos de combustibles que tamén afecta a Galicia?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Gonzalo Caballero Míguez na data 03/01/2023 13:19:31

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/01/2023 13:19:39



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

A invasión de Ucraína por parte de Rusia está xerando un novo escenario internacional de alta tensión nos eidos político e institucional que afecta non só á cidadanía e ao escenario de paz construído en Europa ao longo de décadas, senón que tamén ten amplas repercusións no eido económico. Vén por diante un tempo marcado por unha crise de oferta, no que se incrementan os custes de produción e no que empezamos a asistir a un desabastecemento de certas materias primas e insumos que leva aparelado tamén unha crise enerxética.

Ante a invasión por Rusia de Ucraína estanse tomando sancións económicas contra o país invasor por parte de diversos países e da propia UE. No mundo global no que vivimos, as sancións que a Unión Europea está impoñendo a Rusia por mor da agresión militar contra Ucraína, e que están sendo endurecidas dende finais do pasado mes de febreiro, son un camiño complexo pero que nesta ocasión está tendo efectos sobre Rusia.

Precisamente, en aplicación desas sancións impostas polas institucións europeas, xa son varias as actuacións que se teñen tomado no noso país, en comunidades autónomas como Baleares e Cataluña, inmovilizando propiedades de oligarcas rusos e de membros das elites próximas ao presidente Vladímir Putin. Segundo os datos de Registradores de España, un total de 862 persoas e 53 entidades son obxecto xa de medidas de inmovilización de bens e prohibición de viaxar.

Con estas medidas, a mensaxe que pretende lanzar o Consello Europeo é que quen ampare, colabore ou favoreza o ataque e a invasión de Ucraína pagará un prezo por esas accións. O obxectivo, por tanto, é realizar toda a presión para que Rusia retire as forzas militares de Ucraína e que respecte a integridade territorial, a soberanía e a independencia de Ucraína dentro das súas fronteiras.



Neste contexto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Ten constancia o goberno da Xunta de Galicia de cantas son as persoas físicas ou xurídicas con bens, propiedades ou sociedades en Galicia que son obxecto das medidas restritivas impostas pola Unión Europea en relación coa agresión militar de Rusia contra Ucraína?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/01/2023 13:20:31

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/01/2023 13:20:40



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez, Leticia Gallego Sanromán, Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O pasado luns 14 de marzo o presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, sinalaba que "un político es un ciudadano que cobra de los impuestos de los españoles y, por tanto, cuando dice que inaugura un hospital la pregunta que hay que hacerle es: “¿Lo deja usted a deber o está pagado? Porque, si lo deja usted a deber, haga el favor de marcharse rápidamente y empezar a pagarlo”.

O goberno da Xunta de Galicia construíu o hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo a través dunha fórmula de financiamento público-privado (PFI) pola cal o Sergas queda obrigado a abonar anualmente uns 73 millóns de euros durante 20 anos, así como a ceder ás empresas concesionarias toda a parte non sanitaria do hospital e a súa explotación.

Todo isto, como consecuencia da decisión de Feijóo á súa chegada ao goberno da Xunta de Galicia de paralizar o proxecto do executivo galego liderado por Emilio Pérez Touriño, de construción e financiamento do hospital a través da Sociedade Pública de Inversións. O cambio de modelo non só supuxo sobrecustes millonarios para as arcas da Xunta, senón tamén a redución do proxecto arquitectónico nun 40 %, pasando de 1.265 a 845 camas hospitalarias, así como a diminución das camas de UCI e os quirófanos.

Ademais, toda esa operación conduciu a situacións significativas, como que hai dous anos o 40 % do hospital pasou a mans dunha sociedade de investimento francesa.



Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Recoñece o Goberno galego que o hospital Álvaro Cunqueiro de Vigo non está plenamente pagado polo erario público?
2. Cales son as obrigas de pago que ten pendentes a Xunta de Galicia en relación ao hospital Álvaro Cunqueiro?
3. Cal é a estimación de beneficios da explotación de servizos vinculados ao hospital que están en mans das empresas concesionarias?
4. Como valora as declaracións do presidente da Xunta citadas na exposición de motivos?
5. Están dispostos a acadar xa un modelo 100 % público para o hospital Álvaro Cunqueiro?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez
Leticia Gallego Sanromán
Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/01/2023 13:21:27

María Leticia Gallego Sanromán na data 03/01/2023 13:21:36

Noelia Otero Lago na data 03/01/2023 13:21:45

Julio Torrado Quintela na data 03/01/2023 13:21:58





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/01/2023 13:48:24
Nº Rexistro: 46436
Data envío: 03/01/2023 13:48:24.668

Marina Ortega Otero na data 03/01/2023 13:22:07

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

A principios desta lexislatura constituíuse unha vez máis a Comisión das Caixas de Aforro Galegas, como en lexislaturas anteriores, mais a pesares de que nos acercamos ao ecuador desta lexislatura aínda esa comisión non se reuniu nin se puxo a traballar. Constituír a comisión e paralizala parece a estratexia do grupo parlamentario maioritario durante anos para non permitir aportar luz sobre as causas da fusión, o custe que implicou, o informe de KPMG e as responsabilidades políticas que implica o auto da Audiencia Nacional.

Desde que en setembro de 2010 se formalizara a fusión das caixas de aforro de Galicia, Caixa Nova e Caixa Galicia, alumeando unha nova entidade, Novacaixagalicia, que foi rescatada polo FROB para logo dar lugar a Novagalicia Banco S.A., que finalmente sería vendido dende o ámbito do público a mans privadas por un importe de 1.000 millóns de euros, mudou o sistema financeiro galego. Na páxina máis negra da nosa historia financeira, desapareceron as caixas e fíxose cun custe de 9.000 millóns de euros para o público (executado polo FROB) e a perda estimada de 3.700 empregos directos. O goberno da Xunta, co presidente Feijóo á cabeza, apadriñou aquela operación de fusión e desaparición das caixas.

A xustificación da fusión das caixas galegas amparábase, segundo manifestaba daquela o propio presidente da Xunta de Galicia e a súa conselleira de Facenda, nun informe de KPMG. Un informe nunca exhibido a pesares de ser reclamado insistentemente por este grupo parlamentario.

A realidade é que este informe de KPMG, que tivo un custe de 1 millón de euros, non avalaba a fusión de Caixa Galicia e Caixanova, segundo manifestou o Sr. Francesc Gibert na Comisión do Congreso dos Deputados, senón que se trataba dun informe acelerado, feito no prazo dun mes; un informe de trazo groso, sen realizar auditoría algunha e que en ningún caso analizaba escenarios de fusión ou



integración das caixas galegas. Mentres o goberno da Xunta forzaba aquela fusión, milleiros de cidadáns e cidadás opoñíanse nas rúas á mesma. O Parlamento merece unha explicación do que aconteceu e de por que Galicia quedou sen ningunha caixa de aforros pese ao enorme custe de fondos públicos.

A maiores, o pasado 1 de outubro de 2020, a Sala do Penal da Audiencia Nacional ditou un Auto Xudicial (Procedemento Abreviado 9/2019), no que destacaba que a situación económica na que se atopaba Caixa Galicia antes da fusión con

Caixanova foi a que propiciou o rescate da entidade resultante. O Auto Xudicial incidía de xeito expreso: "Caixanova nunca habría sido intervenida si no se hubiera visto obligada a fusionarse con Caixa Galicia". A Comisión parlamentaria debe poder abordar tamén as implicacións deste auto despois de que o goberno galego evitase calquera análise ou responsabilidade.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

Como valora o Goberno galego que a Comisión das Caixas estea inoperativa para explicar a fusión das extintas caixas galegas, a posición da Xunta nese proceso e a falla de asunción de responsabilidades tras o auto da Audiencia?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/01/2023 13:22:50

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/01/2023 13:23:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Paulo Ríos Santomé e Alexandra Fernández Gómez, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a obriga da recollida separada dos residuos nos edificios públicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O artigo 40 da lei 6/2021 de residuos e solos contaminados establece no artigo 40 o seguinte:

Artigo 40. Edificios públicos

1. En todos os edificios situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que sexan titularidade da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades instrumentais do sector público autonómico deberán adoptarse as medidas necesarias para facilitar a recollida separada dos residuos xerados neles, así como fomentarse a instalación e utilización de fontes de auga potable de carácter gratuíto e de envases reutilizables.

2. As medidas previstas no número anterior deberán adoptarse igualmente nos edificios situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que sexan de titularidade das entidades locais de Galicia, as universidades públicas do Sistema Universitario de Galicia e as entidades vinculadas ou dependentes delas, dentro do respecto á súa autonomía.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

3. No caso dos edificios situados no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia que sexan titularidade da Administración xeral do Estado, as administracións das demais comunidades autónomas e as entidades dos seus respectivos sectores públicos, as devanditas medidas terán carácter potestativo.

Transcorrido máis de un ano e medio desde a entrada en vigor da citada norma, cómpre coñecer o desenvolvemento da citada previsión, así como adoptar as medidas necesarias para levada a cabo en toda a súa amplitude.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Cal é o grao de cumprimento do previsto no artigo 40 da lei 6/2021 de residuos e solos contaminados, en relación coa obriga de recollida separada de residuos nos edificios públicos?

Que medidas implantou a Xunta ao longo do último ano e medio nos seus edificios para o cumprimento do previsto no citado artigo?

Que medidas implantou a Xunta no ámbito concreto da recollida separada e compostaxe in situ dos biorresíduos nos edificios da súa competencia?

Que medidas implantou ou prevé implantar o goberno galego para o cumprimento do previsto no citado artigo en relación cos edificios doutras administracións?

Santiago de Compostela, 11 de outubro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé
Alexandra Fernández Gómez
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 11/10/2022 11:50:44

Paulo Ríos Santomé na data 11/10/2022 11:50:48

Alexandra Fernández Gómez na data 11/10/2022 11:50:56



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

Exposición de motivos

A guerra de Ucraína implica un novo escenario económico con dificultades e riscos. O crecemento dos prezos, a crise enerxética e os problemas de subministros afectan ao comercio internacional tanto na vías das exportacións como das importacións e deste xeito tamén a cadea produtiva.

A economía galega vese afectada por estas dinámicas e debe facer fronte a un novo escenario, polo que corresponde ao goberno da Xunta de Galicia desenvolver todas as medidas posibles para favorecer á estrutura produtiva galega e neste contexto axudar ás empresas galegas a conseguir os insumos, enerxía e materias primas necesarias para a súa actividade produtiva, especialmente cando os subministros se cortan pola guerra, así como conseguir novos mercados para aqueles produtos galegos de exportación que deixen de ser demandados polos actuais compradores nun escenario de guerra e crise económica.

A Consellería de Economía e Empresa, o Igape e toda a administración económica e exterior da Xunta de Galicia debe converter o respaldo ás empresas galegas afectadas nun compromiso de acción preferente. Corresponde adecuar as liñas de acción preferente a novas circunstancias.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai aprobar o goberno da Xunta un plan de acción para fortalecer a posición das empresas galegas nos mercados exteriores ante o novo escenario derivado da guerra de Ucraína?
2. Vai o Igape desenvolver un conxunto de liñas de acción para garantir os insumos e importacións na industria, nos servizos e mercados galegos, especialmente onde hai dificultades de subministros pola guerra, buscando



e acadando tamén novos socios comerciais en mercados de orixe que poidan substituír aos que deixan de estar activos?

3. Vai o Igape desenvolver un conxunto de liñas de acción para conseguir novos mercados para produtos galegos, impulsando as exportacións no novo escenario internacional especialmente buscando novos destinos cando algún dos actuais poda debilitarse ou desaparecer por mor do escenario da guerra e da crise?
4. Vai o Igape adoptar unha posición proactiva de axuda real ao tecido empresarial mobilizando recursos e desenvolvendo un fondo de acción e de liquidez para empresas afectados pola crise derivada da guerra de Ucraína?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/01/2023 13:23:44

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/01/2023 13:23:52



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

No discurso de investidura como novo presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda sinalou que a comunidade galega ata a chegada da covid estaba máis cerca que nunca de converxer coa renda nacional e salientou o crecemento do PIB pc dos últimos anos. Sen embargo eses datos cabe interpretalos nun contexto no que, por unha banda, o PIB da economía galega aínda non recuperou o seu nivel precovid, a pesares de ser unha comunidade cunha estrutura produtiva menos afectada pola pandemia que a doutras autonomías con máis sector turístico e menos sector agroalimentario, e por outra, existe un severo retroceso demográfico que fai que nos últimos 13 anos gobernados por Feijóo haxa 100.000 habitantes menos en Galicia, á vez que reduciuse a poboación ocupada en máis de 60.000 traballadores. Deste xeito o peso da produción da economía galega dentro da economía española pasou de ser o 5.3 % a ser o 4.9 % durante os gobernos de Núñez Feijóo: a economía galega perdeu peso no conxunto da estatal e representa hoxe unha parte máis cativa que en 2009. A xeración de emprego de calidade é unha prioridade para a cidadanía galega.

Así mesmo, o forte incremento de prezos que estamos vendo en toda España vese aínda máis intenso na economía galega. Cos datos do recente mes de abril compróbase que a inflación volve a subir máis en Galicia que en España pois os prezos disparáronse neste mes nun 9,1 % na nosa comunidade, oito décimas por riba da media nacional.

Santiago de Compostela, 3 de xaneiro de 2022

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Paulo Ríos Santomé

Alexandra Fernández Gómez

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 03/01/2023 13:52:29

Alexandra Fernández Gómez na data 03/01/2023 13:52:37

Xosé Luis Bará Torres na data 03/01/2023 13:52:44



Á Mesa do Parlamento

Gonzalo Caballero Miguez e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

A inflación chegou en Galicia en outubro de 2022 a unha taxa do 7,8 %, por riba da media estatal, cunha alza aínda máis preocupante do 12,4% no que atinxe a alimentos e bebidas non alcohólicas. Os maiores prezos fan caer os niveis de consumo. Segundo o último balance do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación, isto tradúcese nun recorte na compra de alimentación dun 4.3 %, a pesares do cal o desembolso das familias medrou un 0.5 %. De feito, os datos reflicten unha caída na compra de carne, peixe, aceite, hortalizas e patacas que se sitúa na contorna do 10 %, con baixadas tan significativas como o 23 % da tenreira, o 10.9 % do polo, o 33% do salmón ou o 11.7 % da pescada.

A metade dos fogares galegos chegan con dificultade ou moita dificultade a fin de mes segundo os datos publicados polo Instituto Galego de Estatística en outubro deste ano.

O 43 % dos fogares galegos chega con dificultade a fin de mes e o 5,26 % faino con moita dificultade no terceiro trimestre, segundo a enquisa conxuntural do IGE.

Neste contexto, chama a atención que o presidente da Xunta de Galicia se limite a avanzar un inicio do vindeiro ano que vai ser “duro” especialmente para os colectivos máis vulnerables, no canto de concretar medidas axeitadas para paliar os efectos dunha suba dos prezos que se fai notar máis en Galicia que no resto de España. Ademais, mentres isto sucede, o goberno da Xunta anuncia rebaixas fiscais no imposto do patrimonio para as 7.700 persoas máis acaudaladas de Galicia, cun claro sesgo distributivo a favor dos mais ricos que tampouco favorece os niveis de consumo da maioría da cidadanía nin do consumo público das administracións.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que medidas está adoptando o goberno da Xunta de Galicia para facer fronte ao auxe da inflación e para respaldar os niveis de consumo da cidadanía galega máis afectada?

Pazo do Parlamento, 3 de xaneiro do 2023

Asdo.: Gonzalo Caballero Miguez

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Gonzalo Caballero Míguez na data 03/01/2023 13:43:56

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/01/2023 13:44:09





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a demanda de medidas de protección dos murais de Urbano Lugrís situados nun edificio da Rúa dos Olmos, número 25, da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Urbano Lugrís (1908-1973) é un dos pintores coruñeses máis significados do século XX, autor dunha plástica surrealista que nace da recreación onírica do mundo mariño, habitada por paisaxes imposibles rodeadas de seres míticos nunha atmosfera propia e recoñecida baixo a exclusiva sinatura lugrisiana.

Para alén doutras facetas artísticas, entre as que cómpre destacar a escrita, é autor dunha prolífica obra pictórica que ofrece unha singularidade: unha parte desta obra artística son orixinais murais realizados in situ nas paredes do interior de edificios públicos e privados.

O Museo de Castrelos ou a Colección AFundación da obra social ABANCA acubillan unha parte moi importante do capital artístico do pintor coruñés, mais tamén institucións públicas como este Parlamento, achegando ao público unha parte desa obra tan extraordinaria do Lugrís surrealista.

Outra parte da obra decora as paredes de establecementos privados como acontece co edificio situado na céntrica e coruñesa Rúa dos Olmos, número 25, que acolle oito





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

murais de Urbano Lugrís datados a comezos dos anos 50 e onde cómpre destacar unha vista da Coruña cinguida á arquitectura dunha arcada.

Na actualidade, este edificio presenta un lamentábel estado de abandono e deterioración con filtracións de auga no interior e caída de cascotes no exterior, unha situación que está a pór en perigo a conservación do tesouro artístico que representan os murais de Urbano Lugrís como parte do seu rico legado artístico, catalogado como Patrimonio Cultural de Galiza.

A preocupación da cidadanía pola conservación destes murais ficou explícita en diferentes ocasións a través do colectivo cultural In nave civitas e a asociación O Mural, que están a demandar que se activen os mecanismos de protección e conservación deste tesouro plástico senlleiro.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª:

Vai activar a Xunta medidas de protección dos murais de Urbano Lugrís que se achan no interior do edificio da Rúa dos Olmos, número 25, da Coruña, comezando pola incoación do expediente BIC?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 04/01/2023 10:17:54

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/01/2023 10:17:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz e Daniel Castro García, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A fins de maio do pasado ano 2022 abordabamos na comisión 7ª, a problemática dos procesos de reestruturación da propiedade da chamada Zona Norte do concello de Mondoñedo, chegando a un acordo transaccionado que dicía:

Que a Consellería do Medio Rural continúe co proceso e revise a chamada Zona Norte do concello de Mondoñedo que abranque as parroquias de Couboeira, Masma e Vilamor, e que acometa, ben de oficio ou a instancia dos novos propietarios, e en coordinación coa administración local os traballos necesarios para o acondicionamento de fincas e obras pendentes.

A iniciativa do BNG, en orixe, pretendía condiciona-la inminente entrega de títulos á realización previa das obras de acondicionamento nas novas parcelas das tres parroquias afectadas, imprescindibles para que, logo de máis de 30 anos de demora no proceso, este non resultase unha burla.

O artigo 60 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galiza indica que, “unha vez aprobadas as bases de reestruturación parcelaria, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, por proposta do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

servizo provincial correspondente, aprobará un plan de obras que reflectirá todas as actuacións en infraestruturas rurais colectivas indispensables para a reestruturación parcelaria”.

Estarán incluídas no plan as obras de acondicionamento e mellora da estrutura dos novos predios a eliminación de accidentes naturais ou artificiais que impidan ou dificulten o cultivo acaído dos predios de substitución, o saneamento de terras, as nivelacións e outros traballos de conservación do solo e, en xeral, calquera actuación que mellore a viabilidade do predio para o seu cultivo.

Pois ben, o pasado 2 de decembro anúnciase un investimento por parte da Xunta de Galiza dun total de 48.387,49 euros en algunhas obras complementarias ó proceso de concentración da Zona Norte do concello de Mondoñedo dentro do PIR (Plan de Infraestruturas Rurais) do 2022. As actuacións deste Plan consistirían na mellora, adecuación e ampliación de diferentes camiños.

Na realidade tratarase de cinco actuacións concretas que sendo necesarias non dan solución ás irregularidades múltiples observadas na finalización do proceso.

Polo que sabemos non foron revisadas as obras nin consultados os afectados para a elaboración dese Plan de Acondicionamento, co que resulta que, logo de máis de 30 anos, esta obra faraónica convértese nunha mofa ós veciños de parte dunhas administracións, local e autonómica, que incumpren a lei, a lóxica e o acordo parlamentario.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Por que razón o Plan de Acondicionamento proposto pola Consellería de Medio do Rural non contempla a totalidade das obras de acondicionamento necesarias nas parroquias de Vilamor, Couboeira e Masma?

-Cre a Consellería normal a finalización en precario deste proceso de reestruturación?

-Cal é a razón que leva á Consellería de Medio Rural a esta demora e abandono do proceso de Reestruturación da Propiedade da chamada Zona Norte de Mondoñedo?

-Que medidas pensa tomar nun prazo inmediato?

-Pensa depurar responsabilidades nestes retrasos inxustificados e neste pretendido irregular remate do proceso?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Daniel Castro García

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 04/01/2023 10:54:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 04/01/2023 10:54:34





Á Mesa do Parlamento

Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Adrián Pardo López, Moisés Rodríguez Pérez, Sandra Vázquez Domínguez e Borja Vereá Fraiz, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 6ª de Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Actualmente nos atopamos nun momento de crise enerxética e carestía de prezos como non se recordaba. De feito, o prezo medio no mercado diario en España foi de 115,6 euros o megavatio hora (MWh) en novembro, a pesares das baixadas nas últimas semanas grazas a unha maior participación das renovables, nomeadamente a eólica, e á baixada da demanda eléctrica. Así pois, as persoas consumidoras deben facer fronte a facturas da luz un 36% superiores ás do ano 2021, e case do dobre que no ano 2020.

A guerra en Ucraína agudizou a escalada de prezos da electricidade, pero non pode servir de excusa para unha subida que é constante desde moito antes por mor dunha política enerxética imposta desde o Goberno central sen planificación e sen diálogo coas Comunidades Autónomas e os sectores económicos e industriais afectados, o que se traduce nunha transición enerxética marcada por continuas improvisación e, sobre todo, polo seu impacto negativo na actividade empresarial e o emprego, así como nos fogares.

Segundo as últimas cifras publicadas polo Instituto Nacional de Estatística (INE) sobre condicións de vida, a porcentaxe de fogares españois que non poden manter a súa vivenda habitual cunha temperatura axeitada tense case duplicado nos últimos tempos, situándose no 15,2% o pasado anos 2021. En Galicia esta cifra é menor en 1,4 puntos grazas ás axudas ao Bono eléctrico establecidas pola Administración galega ao abeiro da Lei 7/2017, do 14 de decembro, de medidas da eficiencia enerxética e garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica, así como ao resto de actuacións que se están levando a cabo na nosa Comunidade Autónoma en materia de aforro e eficiencia enerxética.

Cómpre recordar que a devandita Lei, aprobada en solitario polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ten como obxectivo o fomento do aforro e a eficiencia enerxética para conseguir a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro, reducir a dependencia enerxética exterior e asegurar un abastecemento enerxético de calidade para toda a poboación de Galicia. En relación con este último propósito, no Título II dedicado á garantía de accesibilidade á enerxía eléctrica, redefiníronse as medidas sociais existentes na Comunidade Autónoma para combater a denominada pobreza





enerxética co gallo de impulsar o Bono Eléctrico galego e posibilitar o abono do 50% da contía do recibo eléctrico aos consumidores vulnerables severos en risco de exclusión social coa finalidade de recoñecer a subministración como esencial e, polo tanto, en ininterrompible.

Por todo isto, as deputadas e deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas en Comisión:

1. Cal é a valoración que fai o Goberno galego sobre o bono eléctrico logo de cinco anos que leva funcionando na nosa Comunidade Autónoma?
2. Cales son as novidades e expectativas para o ano 2023 deste programa de axudas dirixido a combater a pobreza enerxética?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 12:22:34
Nº Rexistro: 46504
Data envío: 04/01/2023 12:22:34.375

Marta Nóvoa Iglesias na data 04/01/2023 10:18:36

Cristina Sanz Arias na data 04/01/2023 10:19:16

José Antonio Armada Pérez na data 04/01/2023 10:20:24

Pardo López, Adrián na data 04/01/2023 10:20:59

Rodríguez Pérez, Moisés na data 04/01/2023 10:21:25

Sandra Vázquez Domínguez na data 04/01/2023 10:21:51

Borja Vereza Fraiz na data 04/01/2023 10:22:29

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal

CSV: BOPGDSPG-L2nzmhUJO-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A atención sanitaria en Cerdedo vén sufrindo nos últimos tempos un continuo proceso de deterioro, degradación, precarización e supresión de servizos. Debido a que non se cobren as baixas do único médico do centro de saúde, a veciñanza non conta con atención todos os días da semana. Por outra parte, non existe servizo de pediatría e para atender nenos e nenas é preciso desprazarse até Tenorio ou Forcarei.

En contra dos discursos oficiais de promoción dos investimentos e servizos no rural, a realidade é que se reducen continuamente as prestacións en xeral e nun servizo fundamental como é o da saúde. Con este proceder do goberno da Xunta, vivir no rural estase a converter nunha cuestión de vontade decidida e de heroísmo, o que explica os procesos de abandono e despoboación que caracterizan a moitos concellos do interior do noso país.

2. Esta situación de deterioro e de supresión de servizos básicos foi reiteradamente denunciada pola veciñanza de Cerdedo, sen que por parte da Xunta e do Concello se adoptasen as medidas necesarias para corrixila. Ao longo do ano 2022 leváronse a cabo varias mobilizacións por parte da veciñanza e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recentemente creouse a Plataforma Cerdedo Pola Sanidade Pública que ten como principais reivindicacións as seguintes:

- Atención sanitaria presencial todos os días en horario de mañá.
- Recuperación do Servizo de pediatría.
- Mellora na atención de urxencias.
- Dotación dunha ambulancia medicalizada para a comarca.

3. Como exemplo da desatención na atención pediátrica, no pasado mes de decembro unha veciña da parroquia de Figueroa con crianzas de sete, cinco e menos de un ano viuse obrigada a acudir á consulta privada de pediatría no Carballiño diante da imposibilidade de conseguir cita nos centros públicos de referencia. O servizo de pediatría foi suprimido en Cerdedo fai máis de 2 anos, polo que é necesario desprazarse até Forcarei onde dous días á semana e dúas horas cada día atende unha pediatra, que a cotío ten o cadro de citas saturado.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para corrixir o deterioro, a precarización e a supresión de servizos no centro de saúde de Cerdedo e prestar unha atención sanitaria digna á veciñanza?

Ten previsto o goberno galego prestar atención sanitaria presencial e garantir a atención médica todos os días?

Ten previsto a Xunta dotar de pediatra o centro de saúde de Cerdedo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto a Xunta mellorar a atención ás urxencias no ámbito do centro de saúde de Cerdedo?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2023 13:02:21

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 13:02:29



Á Mesa do Parlamento

Cristina Sanz Arias, Pedro Puy Fraga, Sandra Vázquez Domínguez, Paula Prado del Río, María Guadalupe Murillo Solís, Fernando Pérez Domínguez e Manuel Santos Costa, deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos**.

A internacionalización do tecido empresarial galego ten sido e seguirá a ser un dos eixos prioritarios de actuación dentro da política económica e industrial da Xunta de Galicia de cara a mellorar a súa competitividade e impulsar un crecemento sostido e a creación de emprego na Comunidade Autónoma. Unha aposta que se plasma na Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2021-2025, que persegue consolidar as medidas e actuacións emprendidas ao longo dos últimos anos para estimular, fortalecer e expandir as exportacións galegas de produtos e servizos.

De feito, Galicia continúa a mellorar os resultados positivos das súas vendas ao exterior, marcando rexistros históricos. Sirva de exemplo que as exportacións galegas nos primeiros dez meses deste ano xa roldan os 25.000 millóns de euros, o que representa un incremento do 20,6% con respecto ao mesmo período do ano pasado. Así pois, a falta de coñecer os datos de novembro e decembro, cabe prever que superaremos o récord alcanzado no total de 2021, cando as empresas galegas exportaron preto de 25.270 millóns de euros.

Cómpre, polo tanto, que desde a Xunta de Galicia se continúe a impulsar un modelo de estímulo e acompañamento á internacionalización das empresas galegas, a través da posta a disposición de información, servizos directos nos principais mercados internacionais, financiamento para a entrada neles, formación e especialización de recursos humanos, atracción de talento galego internacional ou calquera outras medidas que permitan anticipar e responder ás necesidades das empresas ante os novos retos do mercado global.

Por todo isto, as deputadas e deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

1. Que iniciativas e servizos ten Xunta para apoiar a internacionalización das pemes galegas?
2. Cal é o balance destas medidas e as previsións cara o futuro?





**PARLAMENTO
DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 13:05:12
Nº Rexistro: 46516
Data envío: 04/01/2023 13:05:12.156

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Cristina Sanz Arias na data 04/01/2023 13:01:26

Pedro Puy Fraga na data 04/01/2023 13:01:32

Sandra Vázquez Domínguez na data 04/01/2023 13:02:16

Paula Prado del Río na data 04/01/2023 13:02:21

María Guadalupe Murillo Solís na data 04/01/2023 13:03:03

Fernando Pérez Domínguez na data 04/01/2023 13:03:08

Manuel Santos Costa na data 04/01/2023 13:03:40

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: BOPGDSPG-L2nzmhUJO-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 26 de decembro o goberno enviou unha resposta parlamentaria ao grupo do BNG en relación coa “bonificación do recibo de SOGAMA aos concellos que implanten en 2023 o quinto colector ou colector marrón”.

O contido da resposta é o seguinte:

En relación coa pregunta con resposta escrita número 43797, formulada polo Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “a bonificación do recibo de SOGAMA aos concellos que implanten en 2023 o quinto colector ou colector marrón” (publicada no BOPG número 413 do 23 de novembro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que ten o seguinte contido:

“Tendo en conta o actual contexto económico, a Xunta decidiu apostar o vindeiro ano por ampliar ata o 15% a bonificación do canon de Sogama a todos aqueles concellos adheridos que:

-Promovan a redución de residuos e/ou o incremento da reciclaxe de envases lixeiros

- Trasladen a rebaixa ao recibo que pagan os usuarios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- E que, como novidade, asuman o compromiso de introducir a recollida separada dos biorresiduos antes do 31 de decembro de 2023”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galiza, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A información desta resposta non coincide coa enviada polo Presidente de SOGAMA aos concellos, nin co establecido na lei de acompañamento dos orzamentos de 2023, polo que que é necesario que o goberno aclare a súa posición ao respecto deste tema.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Cal é o criterio da Xunta para establecer a bonificación do 15% do canon de SOGAMA aos concellos adheridos?

-Vai obrigar a Xunta a recoller separadamente os biorresiduos mediante o colector marrón para poder beneficiarse da bonificación?

-Vai o goberno galego utilizar como un dos criterios para ter dereito á bonificación do 15% o compromiso de introducir a recollida separada dos biorresiduos antes do 31 de decembro de 2023?

-Comparte a Xunta o criterio defendido por moitas institucións, entre elas a deputación de Ourense, do sensentido que supón o establecemento da obriga do colector marrón como única alternativa para a xestión dos biorresiduos?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé
Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 13:30:07

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 13:30:11

Paulo Ríos Santomé na data 04/01/2023 13:30:19



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

A Xunta de Galicia anunciou no mes de febreiro do presente ano a convocatoria dun total de 525 prazas para alumnado de Bacharelato e outras 285 prazas para profesorado dirixidas a realizar estadias lingüísticas no estranxeiro co fin de mellorar as súas competencias noutros idiomas.

Tras dous anos interrompidas pola pandemia a Consellería de Educación anunciaba a volta deste programa que no caso das e dos estudantes de Bacharelato sufragaría entre o 87 % e o 50 % do custo das estancias para a mellora das súas competencias nos idiomas inglés, francés e portugués en réxime residencial ou familiar en Reino Unido, Francia, Portugal e Canadá no período estival.

Pero lamentablemente, a Consellería de Educación vén de suspender o programa para practicamente todas e todos os alumnos tras quedar deserta a prestación do servizo. Todo envolto nunha inxustificable falla de previsión e de información ás e aos afectados por parte da Consellería.

As familias denuncian que dende a Xunta de Galicia non se lles alertou do que estaba a ocorrer a pesar dos intentos de obter algo de claridade desde maio momento no que se publicou a lista de admitidos; e non foi ata última hora o 27 de xuño cando se lles comunicou a suspensión das viaxes.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que responsabilidades van asumir na Consellería de Educación ante a supresión do programa, a falta de previsión e claridade coas familias afectadas?
2. Porque non avisaron con tempo ás familias arredor dos problemas que derivaron na supresión das viaxes?
3. Que van facer para garantir que este problema non se repita no futuro?



4. Porque motivo ou motivos non buscaron alternativas para garantir as viaxes?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 12:41:19

Noa Susana Díaz Varela na data 04/01/2023 12:41:28



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A crise económica e social xerada pola pandemia da Covid-19 afectou de xeito moi preocupante á mocidade, entre outros aspectos, nos seus procesos de emancipación ou laboral.

Este mes de agosto, UGT-Galicia presentaba unha radiografía do mercado laboral galego centrada nas e nos máis mozos que amosaba a falta de oportunidades, a precariedade e a inestabilidade como principais lastres para desenvolver un proxecto vital independente e digno na nosa comunidade.

Ante esta situación, compre poñer sobre a mesa todo tipo de medidas para ofrecer ás mozas e os mozos galegos oportunidades no plano laboral, no acceso á unha vivenda digna pero ao mesmo tempo ofrecer de xeito inmediato solucións en materia de transporte. Neste contexto de crise, non se entende a limitación ata os 21 anos dos beneficios da tarxeta Xente Nova. Agora que son xa máis de 100.000 as usuarias e usuarios da mesma, e nun escenario socioeconómico delicado para a mocidade galega, compre dar sentido ás políticas en materia de transporte público e mocidade.

Por todo isto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o número de usuarias e usuarios beneficiarios da Tarxeta Xente Nova detallado por provincias, concellos e anos dende o seu inicio no ano 2016?
2. Cantas solicitudes teñen denegado dende a súa posta en funcionamento e cales foron os motivos que provocaron esa denegación dende o ano 2016?
3. Ten pensado a Xunta de Galicia ampliar este dereito a toda mocidade galega menor de 30 anos? En caso negativo, cal é motivo?
4. Cal é o motivo para que a Xunta de Galicia non incorpore os beneficios da Tarxeta Xente Nova dentro das vantaxes do Carné Xove?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 13:44:18
Nº Rexistro: 46528
Data envío: 04/01/2023 13:44:18.250

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 12:47:27

Julio Torrado Quintela na data 04/01/2023 12:47:34

Marina Ortega Otero na data 04/01/2023 12:47:43

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

As agresións LGTBIfóbicas non deixan de aumentar no conxunto do Estado.

Segundo os datos facilitados polo Ministerio do Interior, os delitos de odio denunciados aumentaron de 1.172 no ano 2013 a 1.706 no 2019 e, concretamente, os que atinxen á orientación sexual aumentaron un 8'6 %. Os datos dos observatorios Contra a Homofobia en Madrid, Cataluña ou no Observatorio da Coruña, ante a falta de actividade e datos do Observatorio galego, reflicten tamén un aumento do número de incidentes e todo indica que se trata dunha constante en toda a nosa xeografía, sen excepción.

Día tras día coñecemos novos casos de LGTBIfobia en España, un país pioneiro no recoñecemento e na protección dos dereitos civís e referente no resto do mundo en canto á defensa das persoas lesbianas, gais, persoas trans e bisexuais. Estas actitudes violentas, que causan un gran sufrimento ás vítimas e que, en moitos casos, nin se chegan a denunciar, están alentadas e precedidas polos discursos de odio, especialmente cando estes institucionalízanse ou normalízan no ámbito público. Sen ir máis lonxe, o acontecido este verán na nosa comunidade co terrible asasinato do mozo Samuel Luiz exemplifica esta preocupante realidade.

Por iso, nun país democrático, os discursos de odio, e en especial as agresións cara ao colectivo LGTBI non poden ter cabida, pero seguimos asistindo tamén na nosa comunidade a episodios de LGTBIfobia, o último na cidade de Vigo a ponte do un de novembro. A Fiscalía de delitos de odio da provincia de Pontevedra asumirá a investigación da denuncia presentada en Comisaría por un veciño de Cerceda que recibiu unha malleira homófoba en Vigo no barrio de O Berbés este mes de novembro. A vítima que levaba postas pulseiras LGBT relata que tras escoitar estas palabras: *“Pero ti, maricón de merda, que me vas a vacilar ti a min?”* recibiu unha malleira na rúa. O agresor, segundo denuncia a vítima non deixou de proferir insultos e descualificacións homófobas como *“maricona, maricona de merda, fillo de puta...”*



Ante esta situación, é imprescindible que desde todos os ámbitos e desde todas as institucións se dea visibilidade e apoio público e institucional ao colectivo LGTBI e aos seus dereitos como cidadáns e cidadás, e denúnciense estas agresións, así como tamén a posta en marcha de todas as ferramentas normativas necesarias para combatelas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do aumento das agresións contra persoas LGTBI?
2. Que medidas está a tomar ante o aumento dos casos de acoso, agresións e discurso de odio?
3. Vai dotar de contido, recursos e actividade regular ao Observatorio Galego?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 12:48:40

María Leticia Gallego Sanromán na data 04/01/2023 12:48:47

Julio Torrado Quintela na data 04/01/2023 12:48:54

Marina Ortega Otero na data 04/01/2023 12:49:03



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Arredor de un de cada tres adolescentes estivo involucrado en casos de acoso escolar e un de cada dez en casos de ciberacoso; un de cada catro xa se emborrachou e fumou a idade temperá e un de cada cinco consumiu cánnabis.

Ademais as mozas e mozos involucrados en casos de acoso escolar ou ciberacoso teñen taxas de consumos de risco ata tres veces superiores segundo os datos dun estudo "Análise da relación entre acoso escolar, ciberacoso e consumo de substancias" publicado na revista Children and Youth Services Review que analizou a relación entre o acoso escolar, o ciberacoso e o consumo de substancias estupefacientes realizado entre mozos de 12 a 17 anos. No estudo utilizouse unha metodoloxía selectiva, aplicando unha enquisa a alumnos de IES concertados de Galicia, e obtendo unha mostra de 3.173 adolescentes de 12 a 17 anos. O estudo foi aprobado polo Comité de Bioética da Universidade de Santiago de Compostela.

Unha das principais conclusións é que o acoso escolar, o ciberacoso, o consumo de drogas e alcohol e outras condutas problemáticas estarían interrelacionadas. Neste traballo desenvolvido polos investigadores Rafael Pichel, Sandra Feijóo, Manuel, Isorna, Jesús Varela e Antonio Rial, destacan que os esforzos de prevención e intervención deben realizarse desde unha idade máis temperá, antes de secundaria, xa que os nenos de 12 anos xa están inmersos no acoso escolar e nos consumos de risco.

Os datos deste estudo reflicten que un de cada tres adolescentes (34,4%) estivo involucrado en acoso escolar, no caso de ciberacoso o 14,1% das e dos adolescentes.

A conclusión dos expertos involucrados no traballo é que o bullying é un problema en aumento e as altas taxas de victimización atopadas no grupo de idade de 12-13 anos apoian a idea de que o acoso se está estendendo a idades máis novas

O pasado mes de setembro, o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade presentou no Consello Galego de Convivencia os principais resultados da



macroenquisa de convivencia escolar na que os datos en cambio confirmarían a mellora dos resultados de 2015. Diminúe a percepción de condutas negativas respecto do cuestionario realizado en 2019 e menos de 10 de cada 100 alumnos consideran que se produce acoso. Participaron preto de 218.600 membros da comunidade escolar, que mostraron un grao de satisfacción co centro de entre o 76 e o 90 %. Esta mellora, está baseada na percepción da comunidade educativa. Neste marco, xa hai meses que se anunciaba por parte do conselleiro a nova Estratexia Galega de Convivencia 2021-2025. Chegados a febreiro de 2022 e tratándose dun asunto tan sensible compre coñecer en que punto está e acelerar a súa posta en marcha.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que calendario ten previsto a Consellería para a posta en marcha da nova Estratexia Galega de Convivencia 2021-2025?
2. Que valoración fai sobre a situación do acoso e ciberacoso nos centros escolares galegos e sobre as advertencias das expertas e expertos arredor da existencia de condutas de acoso, ciberacoso e consumos de risco en idades máis temperás?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 13:44:59
Nº Rexistro: 46530
Data envío: 04/01/2023 13:44:59.453

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 12:52:32

Noa Susana Díaz Varela na data 04/01/2023 12:53:06

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O pasado mes de novembro cumpríronse dez anos desde que este Parlamento aprobou a Lei 9/2011 de medios públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia.

O seu incumprimento sistemático nesta década é algo que temos denunciado reiteradamente desde este grupo parlamentario, por parte dos sindicatos e moitas e moitos profesionais da CRTVG, así como desde outras entidades como a Federación Europea de Xornalistas.

Unha década, na que se seguen sen aplicar preceptos da lei coma a elección do director xeral por $\frac{2}{3}$ do Parlamento ou a creación do Consello de Informativos e do Estatuto Profesional.

Artigo 23. A directora ou director xeral.

3. O cargo de directora ou director xeral terá unha duración de cinco anos, e poderá ser reelixida ou reelixido no cargo unha vez por un período de idéntica duración.

Artigo 36. Estatuto profesional.

1. O estatuto profesional da Corporación RTVG é un instrumento destinado a fortalecer a calidade, profesionalidade e independencia dos contidos informativos ofrecidos polas distintas canles de radio, televisión e internet respondendo os principios xerais que inspiran a presente lei.

2. O estatuto profesional contemplará a creación dun consello de informativos como órgano interno de participación dos profesionais da información da Corporación RTVG, a fin de velar pola independencia, veracidade e obxectividade dos contidos informativos difundidos por todas as súas canles.

3. As normas de organización e funcionamento do consello de informativos aprobaranse polo consello de administración, tras escoitar ás organizacións sindicais representativas.



O pasado ano, no transcurso das comparecencias nesta Comisión dalgunha e dalgúns dos actuais conselleiros do Consello de Administración que estaban propostos para repetir mandato, trasladouse que o Estatuto estaba practicamente acordado e que vería a luz nun espazo curto de tempo. A mediados do mes de febreiro deste 2022 nada sabemos deste asunto prioritario.

Por este motivos, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

En que punto están os traballos para a aprobación do Estatuto Profesional e a creación do Consello de Informativos previstos na Lei 9/2011 de medios públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 12:57:08

Noa Susana Díaz Varela na data 04/01/2023 12:57:18



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Martín Seco García e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

O IES Alfredo Brañas de Carballo foi construído a finais dos anos sesenta entrando en servizo no curso 70-71. Durante máis de 20 anos este foi o único instituto dunha extensa comarca feito que o convertería nunha referencia da provincia. Esta singularidade provocou que a finais dos anos oitenta acadara unha sonada masificación, chegando a superar os 1200 alumnos e alumnas e que por el teñan pasado ademais todo tipo de personalidades do país.

No ano 1989 acometeuse unha ampliación para paliar o déficit de espazo, ao tempo que a Consellería de Educación iniciou os trámites para crear un novo centro en Ponteceso, e un pouco máis tarde nun segundo en Carballo. No ano 1995 realizouse a reposición da cuberta do edificio principal, a anterior era de placas de fibrocemento sobre viguetas de formigón, sen ningún tipo de illamento. Xa en 1996 executouse unha reforma en profundidade do edificio: toda a carpintería, aseos, instalación eléctrica e falsos teitos en todas as dependencias incluíndo o propio salón de actos.

O que non se fixo a pesar de que era tamén unha necesidade foi o tratamento das fachadas, xa daquela se detectaban fendas que permitían a entrada de auga con risco de danos para a estrutura do edificio.

No curso 96-97 reformouse o único e pequeno patio do centro converténdoo nunha zona cuberta co obxecto de albergar ó futuro alumnado da ESO. Ata entón os recreos facíanse polas rúas.

Todas elas foron actuacións importantes e que chegaron despois das reivindicacións da comunidade educativa e das veciñas e veciños de Carballo. Na actualidade o salón de actos que sempre foi o corazón das actividades extraescolares e complementarias do centro está inutilizado, o que afecta directamente non só ao propio instituto, senón a todo o Concello e asociacións da localidade que nestes anos se teñen beneficiado deste singular espazo.



Os problemas no salón de actos veñen de atrás, no ano 1997 detectouse unha praga de couza na totalidade da madeira, incluída a porta de entrada. As solucións achegadas naquel momento non deron resultado e o problema quedou latente. Finalmente o pasado mes de xuño parte do falso teito veuse abaixo como consecuencia da humidade e pola continuada acción da praga. Chegados aquí e á vista das graves deficiencias cómpre levar a cabo e con urxencia unha actuación profunda. Por outra banda, as filtracións de auga están a provocar caída de cascotes nas fachadas polo que a necesidade dunha intervención de calado no IES Alfredo Brañas ademais da reforma e as obras no salón de actos representa unha demanda xusta e prioritaria por razóns tamén de seguridade.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o motivo de que a Consellería de Educación non teña atendido en todos estes meses as necesarias reformas no IES Alfredo Brañas de Carballo?
2. Que ten feito a Xunta de Galicia para evitar os problemas que teñen derivado no peche do salón de actos desde que en xuño viuse abaixo o falso teito?
3. Vai arranxar a fachada do instituto para evitar que continúen a caer cascotes co risco que supón para a seguridade do alumnado e das profesoras e profesores?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago
Martín Seco García
Noa Díaz Varela

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 12:59:46

Martín Seco García na data 04/01/2023 12:59:54

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 13:45:30
Nº Rexistro: 46532
Data envío: 04/01/2023 13:45:30.969

Noa Susana Díaz Varela na data 04/01/2023 13:00:02

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-L2nzmhUJO-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O CEIP Francisco Vales Villamarín en Betanzos construído nos anos 70 é un dos que ten maior matrícula da comunidade leva anos agardando por unha urxente mellora e reforma integral do centro. Despois das obras de reforma executadas tan só nun dos bloques do colexio no que se actuou na adecuación de fachada, cambio de xanelas, pintado e mellora da iluminación, o outro bloque continúa a padecer serias deficiencias e precisando dunha mellora integral que non chega. O persoal docente e o alumnado padecen a diario as graves deficiencias derivadas da falta de illamento, filtracións, perdas térmicas e frío ou problemas de iluminación. As filtracións de auga son tamén unha constante no patio cuberto do colexio. Outra das problemáticas que presenta este edificio é a falta de espazo para as nenas e nenos que acoden a diario ao comedor escolar, tendo que habilitar espazo no salón de actos que se ten visto inutilizado.

A pesar de coñecer esta precaria situación que padece o persoal docente e o alumnado deste centro a Consellería de Educación segue amosando un enorme desleixo á hora de dar resposta as necesidades e as xustas demandas do Concello e da comunidade educativa.

O Concello de Betanzos vén de esixir o urxir as obras de acondicionamento do CEIP Vales Villamarín despois de anos de espera e continúaas reivindicacións á Xunta. Mentres o goberno galego si intervén noutros centros menos antigos e con menor número de alumnos/as o Vales Villamarín segue agardando e padecendo unha situacións a todas luces insostible.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son os motivos para non atender e completar a necesaria reforma integral do CEIP Francisco Vales Villamarín en Betanzos?
2. Considera a Consellería de Educación que as instalacións do CEIP Francisco Vales Villamarín en Betanzos son axeitadas para ofrecer unha educación de calidade e en condicións dignas?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 13:01:06

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/01/2023 13:01:14

Noa Susana Díaz Varela na data 04/01/2023 13:01:27



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Marina Ortega Otero e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten os ensinos establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece que a diversidade é unha realidade social e, por tanto, unha realidade en cada centro docente, en cada comunidade educativa. E a resposta educativa a esa diversidade debe concretarse en cada proxecto educativo, en cada ensino, na coordinación docente, na atención a cada alumna e a cada alumno, na oferta de recursos e medidas educativas, nos compromisos familiares e sociais e en todo o que contribúa ao máximo desenvolvemento persoal e social do alumnado e á súa preparación para convivir e participar, de modo autónomo, nunha sociedade democrática. Ese mesmo decreto dispón que por atención á diversidade no sistema educativo hai que entender o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Un decreto que se ten desenvolvido e actualizado na Orde do 8 de setembro de 2021.

Ese mesmo decreto dispón que por atención á diversidade no sistema educativo hai que entender o conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Do que se trata, como se indica no apartado uno do artigo único da Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, é de garantir unha educación de calidade para a totalidade do



alumnado, sen ningún tipo de discriminación, e a igualdade de oportunidades para o pleno desenvolvemento persoal.

Un sistema educativo plenamente inclusivo e de calidade será aquel que garanta a atención de cada alumna e de cada alumno segundo a súa realidade persoal e social, o que significa, entre outros aspectos, que as medidas organizativas, as curriculares e a dotación de recursos adáptense ao que cada alumna e cada alumno necesiten. E para que iso sexa así, a Administración educativa, o profesorado, as familias e o conxunto da sociedade teñen que promover as actuacións que permitan coñecer e comprender como pensa cada unha das alumnas e dos alumnos, como atende, como procesa os estímulos que recibe, como manifesta os seus sentimentos, como interactúa coas demais persoas, cales son os seus intereses, cal é o seu nivel de desenvolvemento, etc. Como se recolle na exposición de motivos da citada Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, a responsabilidade do éxito escolar do alumnado recae no seu esforzo persoal, no das familias, no do profesorado, no dos centros docentes, no das administracións educativas e, en última instancia, na implicación do conxunto da sociedade.

Nos últimos tempos nenos e nenas, familias e persoal docente veñen padecendo unha realidade complicada provocada polas sucesivas crises derivadas da pandemia a distintos niveis e que ten derivado nun aumento exponencial do alumnado con todo tipo de necesidades, tanto específicas de apoio educativo (NEAE) como necesidades educativas especiais (NEE). Na actualidade, ademais dos problemas para atender debidamente a este alumnado as familias tamén están a padecer dificultades á hora de solicitar unha praza para o alumnado con NEAE nos centros, tanto en primaria como en secundaria.

O Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia, coa creación dos departamentos de orientación nos centros docentes e os equipos de orientación específicos territoriais, garante que a orientación educativa e profesional ten que formar parte esencial da actividade educativa, establecendo un asesoramento permanente a alumnado, profesorado e familias, e entendendo a orientación como unha actuación profesional destinada a toda a comunidade educativa. Pero lonxe de garantir esta orientación esencial, as e os responsables dos centros educativos



galegos están a denunciar a pasividade da Xunta de Galicia ante este preocupante aumento este curso 2021/22 do alumnado con necesidades específicas e especiais.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten constancia a Consellería de Educación das dificultades que están a atravesar os centros polo aumento do alumnado con necesidades específicas e especiais?
2. Que está a facer para garantir prazas para o alumnado con NEAE e NEE nos centros de referencia de primaria ou secundaria?
3. Pensa reforzar ante esta tesitura o persoal e os departamentos de orientación para atender estas necesidades e o aumento do alumnado que precisa desta atención?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago
Marina Ortega Otero
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 13:02:31

Marina Ortega Otero na data 04/01/2023 13:02:38

Noa Susana Díaz Varela na data 04/01/2023 13:02:47



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

A mediados do pasado mes de marzo o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade e a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, desprazáronse a Vigo para anunciar o plan funcional para desbloquear tras anos de atrasos e incumprimentos a construción do novo instituto IES de Navia.

Nesa visita o conselleiro e a conselleira anunciaron un proxecto que contará “cun investimento de preto de 12 millóns de euros” por parte do Goberno galego. “Desde a Xunta temos vontade, temos compromiso, temos orzamento e temos proxecto”, subliñou o conselleiro de Cultura, Educación e Universidade.

No verán do 2021, o presidente da Xunta manifestaba pola contra durante unha visita a Vigo que o Goberno galego contaba “con 8 millóns de euros” para a construción desta demandada infraestrutura en Navia e que en breve se tiña “previsto licitar o proxecto construtivo”.

A data 5 de abril de 2022, e tras votar en contra en reiteradas ocasións na Comisión 4.^a neste Parlamento das iniciativas presentadas por este grupo parlamentario sobre a necesidade de impulsar esta obra, pouco se ten avanzado e orzamentado ao respecto. Neste contexto, temos que lembrar que nos orzamentos deste ano 2022 a Consellería de Educación contempla unha partida de unicamente 50.000 euros baixo o título “novo instituto” de Vigo.

Confiando en que esta pequena partida sexa a reservada para impulsar dunha vez por todas o IES de Navia, cómpre aclarar cal é e onde está o orzamento anunciado polos distintos responsables da Xunta de Galicia nas visitas a Vigo.



Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal é o orzamento previsto para a construción do novo IES de Navia e con cargo a que partidas, baixo que prazos de execución teñen previsto a realización do proxecto?
2. En que prazo estiman estará concluído proxecto e en que curso estará operativo?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 13:03:33

María Leticia Gallego Sanromán na data 04/01/2023 13:03:40

Noa Susana Díaz Varela na data 04/01/2023 13:03:48



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Paloma Castro Rey e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

Tras máis de 3 anos sen Consello Escolar Municipal en Marín, a comezos de abril tivo lugar unha xuntanza ao fin na que o punto máis importante dos tratados foi a presentación da proposta do xefe territorial da Xunta de Galicia da nova zonificación das áreas de influencia e adscrición de centros escolares. Un documento fundamental para definir as unidades escolares que terá cada centro nos próximos anos.

A proposta elaborada desde Educación vén de ser rexeitada de maneira unánime polas ANPA, representantes sindicais e grupos municipais da oposición en tanto acabaría con décadas de boa convivencia entre os colexios públicos e os privados concertados na localidade. Pasaría segundo o deseño da Consellería dunha situación onde o número de prazas ofertadas en infantil pola escola pública era similar á da concertada, a outra onde a concertada practicamente duplica o número de prazas da pública e que co tempo tamén acabaría producíndose nas etapas superiores do ensino. É dicir, os colexios públicos converteríanse de facto en subsidiarios ou complementarios dos colexios concertados. Doutra banda, entre os colexios públicos este plan deixa grandes prexudicados, moi especialmente o de Sequelo e o Grupo Escolar, os dous colexios públicos máis demandados para o centro urbano de Marín.

Ante esta situación, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Á vista do rexeitamento manifestado polos distintos actores representados no Consello Escolar e a comunidade educativa de Marín, considera que a proposta de zonificación elaborada pola Consellería é axeitada?
2. Cales son os motivos para propoñer un plan que rompe definitivamente a convivencia histórica entre a educación pública e a concertada favorecendo claramente a uns centros fronte a outros?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023



Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 13:04:34

Paloma Castro Rey na data 04/01/2023 13:04:41

Noa Susana Díaz Varela na data 04/01/2023 13:04:50



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Policía Nacional de Vigo atópase investigando o presunto ataque homófobo sufrido durante a Semana Santa a dous mozos de 22 e 23 anos cando se estaban a bicar nun banco da Praza de Portugal na contorna de Churruca. Os mozos agredidos presentaron denuncia pola malleira e os insultos recibidos, unha agresión que provocou que tiveran que ser atendidos no Hospital Álvaro Cunqueiro. Mentres os axentes investigan estes lamentables feitos, este grupo parlamentario volve a insistir na necesidade de que a Xunta de Galicia desenvolva todas as ferramentas a súa disposición para loitar contra a LGTBIfobia e avanzar na igualdade e a non discriminación das persoas LGTBI na nosa comunidade.

O acontecido en Vigo non é por desgraza un feito illado, as agresións LGTBIfóbicas non deixan de aumentar no conxunto do Estado e tamén en Galicia. Os datos dos observatorios contra a homofobia en Madrid, Cataluña ou no Observatorio da Coruña, ante a falta de actividade e datos do Observatorio galego, reflicten tamén un aumento do número de incidentes e todo indica que se trata dunha constante en toda a nosa xeografía, sen excepción. Estas actitudes violentas, que causan un gran sufrimento ás vítimas e que, en moitos casos, nin se chegan a denunciar, están alentadas e precedidas polos discursos de odio, especialmente cando estes institucionalízanse ou normalízan no ámbito público.

Por iso, nun país democrático, os discursos de odio, e en especial as agresións cara ao colectivo LGTBI non poden ter cabida, pero seguimos asistindo tamén na nosa comunidade a episodios de LGTBIfobia ante os que a Xunta de Galicia semella ficar impasible. Entre as medidas trasladadas temos solicitado en diversas iniciativas que dotasen de contido e actividade ao Observatorio Galego contra a Discriminación aprobado no 2018 e que non tivo apenas actividade. Tamén temos solicitado que desenvolvan a Lei 2/2014, do 14 de abril, aumentar a dotación orzamentaria na actualidade raquítica para soste aos colectivos que traballan pola igualdade e a non discriminación das persoas LGTBI, pero lamentablemente todas elas contan co muro do voto en contra do Grupo Popular. Cómpre pasar das boas palabras aos feitos.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai do goteo constante de casos e agresións de odio contra as persoas LGTBI na nosa comunidade?
2. Que ten feito estes meses para paliar o aumento destes delitos de odio na comunidade?
3. Considera que está a desenvolver e a dar cumprimento dos artigos da Lei 2/2014, do 14 de abril?
4. Cales son as razóns no que afecta á Consellería de Educación polas que non se está a cumprir a Lei 2/2014, do 14 de abril en canto a obriga de revisar os contidos e a inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos, a realización de actividades dirixidas a toda a comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios ou a elaboración dun informe ou memoria anual ao remate de cada curso escolar que permita avaliar o grao de cumprimento destes compromisos por parte da Consellería de Educación?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 13:05:37

María Leticia Gallego Sanromán na data 04/01/2023 13:05:44

Marina Ortega Otero na data 04/01/2023 13:05:52

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 13:47:03
Nº Rexistro: 46537
Data envío: 04/01/2023 13:47:03.047

Julio Torrado Quintela na data 04/01/2023 13:06:05

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-L2nzmhUJO-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Carmen Rodríguez Dacosta, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Na última semana na cidade de Ourense son dúas as agresións homófobas denunciadas. Por unha banda un grupo de música valenciano denunciou nas súas redes sociais a agresión sufrida por un dos seus integrantes, ao que aseguran rompéronlle o nariz e deixaron inconsciente. Ocorreu o pasado venres 8 de abril, segundo denunciou o grupo de música Amor que se atopaba na cidade para dar un concerto. Os músicos participaron no evento cultural Baixo Terra na praza Maior da cidade. Tal e como relatan na denuncia pendurada nas redes sociais un dos músicos foi agredido e increpado pola forma na que ía vestido e por estar maquillado. Poucos días despois, outro mozo á saída dunha discoteca na rúa Arturo Pérez Serantes foi agredido noutro incidente con tintes homófobos e que precisou de atención médica e foi denunciado ante a Policía Nacional.

Nestes momentos, na cidade de Vigo a Policía Nacional de Vigo atópase investigando o presunto ataque homófobo sufrido durante a Semana Santa a dous mozos de 22 e 23 anos cando se estaban a bicar nun banco da Praza de Portugal na contorna de Churruca. Os mozos agredidos presentaron denuncia pola malleira e os insultos recibidos, unha agresión que provocou que tiveran que ser atendidos no hospital Álvaro Cunqueiro. Mentres os axentes investigan estes lamentables feitos, este Grupo Parlamentario volve a insistir na necesidade de que a Xunta de Galicia desenvolva todas as ferramentas a súa disposición para loitar contra a LGTBIfobia e avanzar na igualdade e a non discriminación das persoas LGTBI na nosa comunidade.

As agresións LGTBIfóbicas non deixan de aumentar no conxunto do Estado e tamén en Galicia. Os datos dos Observatorios Contra a Homofobia en Madrid, Cataluña ou no Observatorio da Coruña, ante a falta de actividade e datos do Observatorio galego, reflicten tamén un aumento do número de incidentes e todo indica que se trata dunha constante en toda a nosa xeografía, sen excepción. Estas actitudes violentas, que causan un gran sufrimento ás vítimas e que, en moitos



casos, nin se chegan a denunciar, están alentadas e precedidas polos discursos de odio, especialmente cando estes institucionalízanse ou normalízanse no ámbito público.

Por iso, nun país democrático, os discursos de odio, e en especial as agresións cara ao colectivo LGTBI non poden ter cabida, pero seguimos asistindo tamén na nosa comunidade a episodios de LGTBIfobia ante os que a Xunta de Galicia semella ficar impasible. Entre as medidas trasladadas temos solicitado en diversas iniciativas que dotasen de contido e actividade ao Observatorio Galego contra a Discriminación aprobado no 2018 e que non tivo apenas actividade. Tamén temos solicitado que desenvolvan a Lei 2/2014, do 14 de abril, aumentar a dotación orzamentaria na actualidade raquíca para soste aos colectivos que traballan pola igualdade e a non discriminación das persoas LGTBI, pero lamentablemente todas elas contan co muro do voto en contra do Grupo Popular. Cómpre pasar das boas palabras aos feitos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai do goteo constante de casos e agresións de odio contra as persoas LGTBI na nosa comunidade?
2. Que ten feito estes meses para paliar o aumento destes delitos de odio na comunidade?
3. Considera que está a desenvolver e a dar cumprimento dos artigos da Lei 2/2014, do 14 de abril?
4. Cales son as razóns no que afecta á Consellería de Educación polas que non se está a cumprir a LEI 2/2014, do 14 de abril en canto a obriga de revisar os contidos e a inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos, a realización de actividades dirixidas a toda a comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios ou a elaboración dun informe ou memoria anual ao remate de cada curso escolar que permita avaliar o grao de cumprimento destes compromisos por parte da Consellería de Educación?



Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 13:07:14

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/01/2023 13:07:35

Marina Ortega Otero na data 04/01/2023 13:07:45

Julio Torrado Quintela na data 04/01/2023 13:07:55



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Día Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

Diversos estudos científicos sinalan que a música ten efectos positivos no desenvolvemento cognitivo, creativo, intelectual e psicolóxico dos nenos e das nenas. A comunidade científica ten por probado que a música estimula o hemisferio esquerdo do cerebro, o implicado na aprendizaxe da expresión oral, a lectura, escritura, os números, a lóxica ou o razoamento. A música é un compoñente humano de primeira orde, e como tal, ha de estar no sistema educativo.

Ante os indubidables beneficios das ensinanzas musicais na educación é decisión de cada autonomía xogar máis ou menos a favor desta materia nos distintos currículos educativos. Neste senso, cómpre que dende Galicia e no marco das competencias propias a Xunta de Galicia aposte decididamente polo dereito do alumnado, independentemente da súa condición socioeconómica, a recibir unha verdadeira educación integral, incluíndo nela a formación musical e que esta educación musical estea presente de forma continuada e suficiente en todos os cursos do ensino obrigatorio.

No mes de abril, a Asociación de profesores de Música Secundaria de Galicia, ASOMÚSICA, denunciaba o "trato" á materia de música en Secundaria e Bacharelato no currículo escolar presentado pola Consellería de Educación. Segundo salientaron, por primeira vez desde 1991 non se pode ofertar ningunha materia de Música en Bacharelato como optativa deixando como única posibilidade a de ofertar as materias propias da modalidade do Bacharelato de Artes como optativas no Bacharelato Xeral, nos escasos centros onde se poidan ofertar as dúas modalidades.

En canto a primaria, Galicia contempla unicamente unha hora semanal de música o que contrasta coa carga noutras comunidades como Extremadura ou Valencia onde dende hai tempo son dúas as horas á semana.



Neste contexto, a educación artística en xeral xa ten pouca presenza na Educación Primaria e na ESO, e se ademais desaparece do Bacharelato, o 95 % do alumnado non terá apenas formación musical, que será unicamente para o 5 % que se calcula asiste a escolas de música e conservatorios.

A Xunta de Galicia ten que ser quen de entender o papel que ten a ensinanza musical en colexios e institutos, a alfabetización musical non pode depender do nivel socioeconómico ou da cultura e importancia que lle dean as familias.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai do peso que se lle outorga dende a Consellería á materia de música nos distintos currículos educativos?
2. Non considera positivo camiñar como están a facer outras comunidades autónomas dende hai tempo no aumento da carga horaria da materia de música nas distintas etapas educativas tendo en conta os seus beneficios constatados cientificamente?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 13:08:55

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 13:47:36
Nº Rexistro: 46539
Data envío: 04/01/2023 13:47:36.953

Noa Susana Díaz Varela na data 04/01/2023 13:09:02

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

CSV: BOPGDSPG-L2nzmhUJO-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Carmen Rodríguez Dacosta, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Co gallo da celebración do Día internacional da Xuventude o pasado 12 de agosto, UGT-Galicia presentou unha radiografía do mercado laboral galego centrada nos máis mozos que amosa falta de oportunidades, a pesar de ter Galicia pouca poboación nesta franxa de idade, que se reflicte en taxas de actividade moi baixas, altos índices de desemprego e baixos salarios. A precariedade segue a ser tamén unha constante, aínda que a reforma laboral, froito do diálogo social, comeza a dar os seus froitos e está a facer posible que a contratación indefinida mellore tamén neste sector da poboación. Precisamente, UGT-Galicia considera que este é o camiño, o do diálogo e concertación para chegar a novos acordos que vaian na liña de mellora do mercado laboral en xeral e tamén dos máis mozos. En termos de poboación, Galicia ten cada ano que pasa menos mozos e mozas (de 16 a 35 anos), cun peso cada vez menor no conxunto de idades. Isto, inicialmente, podería levar a unha interpretación que resulta errónea. Ó existir menos poboación nesta franxa de idade as oportunidades no mercado laboral deberían ser máis e mellores pero isto non é así. Todo o contrario. Os máis mozos son o grupo diana das grandes eivas do mercado laboral galego.

Hai na nosa comunidade un total de 453.600 mozos e mozas (entre 16 e 35 anos), segundo os últimos datos da EPA, segundo trimestre de 2022. Esta cifra representa o 19,37 % sobre o total de idades, a porcentaxe máis baixa dos últimos anos, que contrasta, por exemplo, cos datos do terceiro trimestre de 2009, cando este grupo de poboación representaba o 27,2 % sobre o total. Estamos, polo tanto, entre as tres comunidades autónomas coa taxa de actividade xuvenil máis baixa do Estado, do 59 %, fronte ó 63,9 % de media ou datos como os de Cataluña ou Madrid, por enriba do 67 %. De aquí conclúese un dos datos máis destacable e negativo, rexistramos a terceira menor taxa de actividade no Estado entre a súa poboación máis nova (de 16 a 35 anos), sendo menor tan só en Asturias e Cantabria. A taxa de paro xuvenil sube aquí ata o 19,7 %, moi afastada do 11,2 % do conxunto de idades. Pero é que esta sube ata o 55,2 % no grupo de 16 a 19 anos.

Nun contexto de crise como o actual, cómpre lembrar que a mocidade galega xa viña soportan dun xeito máis incisivo o desemprego, baixas taxas de actividade,



baixos salarios e precariedade e unha das taxas máis baixas de emancipación a nivel estatal.

A radiografía é especialmente dramática entre os 30 e os 34 anos con 4 de cada 10 mozos e mozas galegas que non logran facer unha vida independente situándonos na segunda peor taxa de Estado só por detrás de Canarias. Xunto as dificultades laborais cabe salientar a falla de vivenda accesible na nosa comunidade como razón fundamental desta falla de independencia que está a hipotecar a toda unha xeración que ve afogado o seu desenvolvemento vital. Atendendo ao aumento desorbitado dos prezos da vivenda, á falla dun plan específico de acceso á vivenda asumible fundamentalmente en réxime de alugueiro, os gastos de luz e auga impide que mesmo tendo un traballo sexa viable pensar nun proxecto de vida independente para a maioría da mocidade o que redunda ao mesmo tempo na fonda crise demográfica que estamos a vivir.

Neste contexto, a Xunta de Galicia non pode mirar cara outro lado e ademais de aumentar de xeito considerable e urxente as axudas ao alugueiro nos vindeiros orzamentos debe poñer en marcha medidas de carácter estrutural.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas pensa desenvolver a Xunta de Galicia para mellorar a demoledora situación económica e laboral da mocidade galega?
2. Ante a preocupante crise demográfica e a falta de oportunidades para a emancipación da mocidade galega e o desenvolvemento dun proxecto de vida propio que política en materia laboral, económica e de vivenda vai tomar o Goberno da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago
Carmen Rodríguez Dacosta
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 13:10:26

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/01/2023 13:10:33

Julio Torrado Quintela na data 04/01/2023 13:10:42

Marina Ortega Otero na data 04/01/2023 13:10:51



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Noa Díaz Varela, Pablo Arangüena Fernández e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

O CPI Cruz de Sar de Bergondo acolle este curso a máis de 350 alumnas e alumnos, dos cales máis de 30 son nenas e nenos con necesidades específicas e especiais, alumnado entre o que existen casos de menores cun elevado grao de dependencia recoñecido. A filosofía do centro réxese polos principios de inclusión en canto á atención á diversidade. Cunha radiografía similar á do curso pasado e incluso con novas matrículas de alumnado NEE e NEA, o centro conta este 2022/2023 con dous profesores menos, un mestre de Educación Primaria e un de Pedagogía Terapéutica.

A pesar de telo solicitado con tempo, a Consellería de Educación denegou un segundo especialista en Pedagogía Terapéutica ademais de recortar nunha alta porcentaxe a xornada, insuficiente xa antes, na especialidade de Audición e Linguaxe. Segundo denuncia a ANPA e o conxunto da comunidade educativa, o colexio só conta cunha mestra de Pedagogía Terapéutica por catálogo con destino definitivo e non conta con mestre ou mestra de Audición e Linguaxe, xa que por catálogo non está asignada esta praza, e cada curso vén unha persoa distinta, o que repercute ademais negativamente na calidade educativa imposibilitando o necesario seguimento e continuidade no traballo. No final do curso pasado, e debido á previsión de incorporación deste alumnado novo con necesidades significativas, o departamento de orientación considerou imprescindible solicitar, ademais dunha mestra de Audición e Linguaxe, unha segunda mestra de Pedagogía Terapéutica. No canto de atender estas necesidades trasladadas con tempo de adianto, a Consellería de Educación non contestou ata comezado o mes de setembro e o fixo denegando a solicitude dun especialista en Pedagogía Terapéutica, recortando a xornada do de Audición e Linguaxe nunha alta porcentaxe de horas e prescindindo dun mestre de Primaria.

Educación fundamenta esta decisión na dispoñibilidade de horas coas que contan os docentes de Primaria, pero a realidade é que as necesidades específicas destas alumnas e alumnos con diversidade funcional non poden ser atendidas deste xeito. O impacto negativo non só afectará aos máis de 30 alumnos e alumnas ás que se lles nega un profesor especialista senón ao conxunto do alumnado. Dende



a ANPA do centro teñen iniciado un calendario de mobilizacións e lembran que esta decisión vulnera o establecido no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. O texto do decreto recolle no seu articulado a adopción de medidas extraordinarias e de atención á diversidade para dar resposta a necesidades educativas específicas que deberán ser aplicadas una vez esgotadas as de carácter ordinario ou resultar insuficientes. A demanda das familias, canalizada a través da APA As Mariñas conta co apoio da totalidade do equipo directivo e docente do CPI Cruz do Sar, así como de todas as asociacións do concello mariñán. Asemade, todos os grupos políticos da Corporación municipal amosaron a súa disposición para axudar a resolver este problema co Goberno municipal á cabeza. A propia alcaldesa se ten dirixido a Inspección para defender os intereses do centro e do alumnado e para denunciar o desleixo e a desatención ás demandas xustificadas do centro.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece a Consellería de Educación o aumento do alumnado con necesidades educativas matriculado este curso no CPI Cruz do Sar?
2. Considera que co recorte de docentes e horas están a garantir no centro unha educación inclusiva e de calidade?
3. Con que criterio a Consellería ten denegado a solicitude dun especialista en Pedagogía Terapéutica, recortado a xornada do profesional de Audición e Linguaxe e recortado o docente de Primaria?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Pablo Arangüena Fernández

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia



Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 13:11:43

Noa Susana Díaz Varela na data 04/01/2023 13:11:51

Pablo Arangüena Fernández na data 04/01/2023 13:12:00

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 04/01/2023 13:12:08



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela, Marina Ortega Otero e Paloma Castro Rey, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

As denuncias relacionadas con delitos de odio por orientación sexual ou identidade de xénero aumentaron un 67,63 % con respecto a 2019, ano previo á pandemia de COVID-19, segundo os últimos datos achegados polo Ministerio do Interior. Este acusado incremento da LGTBIfobia que se intuía e temía en consonancia cos casos que se veñen coñecendo e vimos trasladando a preocupación neste Parlamento, confirman a necesidade de actuar. No ano do 2021, un de cada catro delitos de odio investigados polas Forzas e Corps de Seguridade do Estado estiveron relacionados coa orientación sexual ou a identidade de xénero da vítima, un total de 466, o que supón un aumento de case o 70 % con respecto a 2019 (67,6 %) e 2020 (68,23 %). Eses delitos do que tiveron coñecemento as Forzas e Corps de Seguridade afectaron a 530 vítimas, das que ademais un 13 % eran menores de idade (47 mozas e 21 mozos).

A tendencia alcista da LGTBIfobia e contra a liberdade e dereitos fundamentais da sociedade confírmase a nivel estatal desde o ano 2014 e nunha problemática na que non podemos esquecer que existe un elevado nivel de infradenuncia que aínda que algo baixou se sitúa no 80 %. Tras esta preocupante problemática e tal e como vimos alertando dende o Partido Socialista atopamos entre outras causas o aumento e normalización dos discursos de odio. En Galicia contamos coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, unha lei de mínimos que aínda así, tal e como vimos denunciando as e os socialistas, a súa posta en práctica quedou na maior parte das iniciativas nada máis que en papel mollado.

Hai ademais un órgano impulsado e publicado no 2018 como é o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que apenas conta con actividade propia. Ante o preocupante avance e aumento das agresións e situacións de discriminación contra as persoas LGTBI, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:



1. Que valoración fai o Goberno galego do aumento dos delitos de odio contra as persoas LGTBI?
2. Ten previsto o Goberno galego algunha acción específica?
3. Cantas xuntanzas do Observatorio se teñen celebrado?
4. Con que contido e conclusións?
5. Vai incrementar o orzamento para os colectivos e asociacións que traballan pola igualdade das persoas LGTBI?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Paloma Castro Rey
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 13:13:11

Julio Torrado Quintela na data 04/01/2023 13:13:19

Marina Ortega Otero na data 04/01/2023 13:13:26

Paloma Castro Rey na data 04/01/2023 13:13:36



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Marina Ortega Otero e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.^a, Educación e Cultura**.

O Colexio de Traballo Social de Galicia vén de denunciar e amosar a preocupación polas prazas de Traballo Social que se van a amortizar nos Equipos de Orientación Específicos e a non cobertura nos centros de ensino por parte da Consellería de Educación. Unha figura fundamental e máis no contexto actual que estamos a vivir a nivel social, educativo e familiar. Nun documento elaborado e publicado desde o COTSG acusan á Xunta de deixar ás familias galegas “desamparadas”, ao tempo que lembran que nas escolas é onde está a primeira porta para a detección de indicadores de risco. Segundo datos do Colexio, na actualidade soamente unha das catro prazas previstas nos Equipos de Orientación Específicos está cuberta, en concreto a do E.O.E. da provincia de Lugo. No mes de abril, quedou sen cubrir a praza corresponde ao E.O.E da provincia de Ourense despois da xubilación da Traballadora Social correspondente, sen buscar a súa substitución ata a actualidade. O mesmo aconteceu na provincia da Coruña onde quedou sen cubrir despois do falecemento da traballadora social titular e finalmente no caso de Pontevedra, nunca chegou a ser cuberta desde a creación destes equipos.

O Decreto 120/1998, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia no seu artigo 5 regula a composición dos Equipos de Orientación Específicos que estarán compostos, entre outros profesionais, por un/ha traballador social e/ou educador social. Polo tanto, é irrefutable a importancia da intervención social nos centros educativos para mellorar a aprendizaxe, o rendemento académico e a integración escolar e social do alumnado. Pero lonxe de avanzar no apuntalamento desde servizo educativo básico, a Xunta de Galicia segue a implementar políticas de recortes e supresión de prazas.

Dende o Colexio de Traballo Social de Galicia queren amosar a gran preocupación polas prazas de Traballo Social que se van a amortizar nos Equipos de Orientación Específicos e que son tan necesarias dentro do contexto social, educativo e familiar que estamos vivindo. É preocupante como están as familias desamparadas nesta institución sendo a primeira porta de entrada para a detección de indicadores de risco.



Ante esta situación, desde o COTSG elabórase un documento salientando a falta de cobertura das prazas de Traballo social nos Equipos de Orientación Específicos dos Centros escolares, así como a súa posterior previsible amortización das mesmas por parte da Consellería de Cultura, Educación e Universidade. A este documento acompáñalle unha campaña en redes sociais visibilizando e denunciando esta situación, en adxunto encontraredes algunhas das imaxes empregadas.

Resulta fundamental ter en conta o Decreto 120/1998, de 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia xa que no artigo 5 regula a composición dos Equipos de Orientación Específicos que estarán compostos, entre outros profesionais, por un/ha traballador social e/ou educador social. Polo tanto, é irrefutable a importancia da intervención social nos centros educativos para mellorar a aprendizaxe, o rendemento académico e a integración escolar e social do alumnado, en virtude do cal, lonxe de implementar políticas de recortes e supresión de prazas do Traballo Social no eido educativo, resulta necesario avanzar na presenza destas profesionais nos centros escolares, posibilitando o traballo directo coas/os alumnas/os, as familias e o profesorado.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai atender a Consellería de Educación a demanda trasladada polo Colexio de Traballo Social de Galicia arredor da cobertura nos Equipos de Orientación Específicos?
2. Porque razón están sen cubrir as prazas correspondentes ás provincias de Lugo, Ourense e Pontevedra?
3. Porque non chegaron a cubrir nunca a praza que corresponde á provincia de Pontevedra?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago
Marina Ortega Otero
Noa Díaz Varela



Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 13:14:31

Marina Ortega Otero na data 04/01/2023 13:14:38

Noa Susana Díaz Varela na data 04/01/2023 13:14:48



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

As denuncias relacionadas con delitos de odio por orientación sexual ou identidade de xénero aumentaron un 67,63 % con respecto a 2019, ano previo á pandemia de COVID-19, segundo os últimos datos achegados polo Ministerio do Interior. Este acusado incremento da LGTBIfobia que se intuía e temía en consonancia cos casos que se veñen coñecendo e vimos trasladando a preocupación neste Parlamento, confirman a necesidade de actuar. No ano 2021, un de cada catro delitos de odio investigados polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado estiveron relacionados coa orientación sexual ou a identidade de xénero da vítima, un total de 466, o que supón un aumento de case o 70 % con respecto a 2019 (67,6 %) e 2020 (68,23 %). Eses delitos do que tiveron coñecemento as forzas e corpos de seguridade afectaron a 530 vítimas, das que ademais un 13 % eran menores de idade (47 mozas e 21 mozos).

A tendencia alcista da LGTBIfobia e contra a liberdade e dereitos fundamentais da sociedade confírmase a nivel estatal desde o ano 2014 e nunha problemática na que non podemos esquecer que existe un elevado nivel de infradenuncia que aínda que algo baixou se sitúa no 80 %. Tras esta preocupante problemática e tal e como vimos alertando dende o PSdeG-PSOE atopamos entre outras causas o aumento e normalización dos discursos de odio. En Galicia contamos coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, unha lei de mínimos que aínda así tal e como vimos denunciando as e os socialistas a súa posta en práctica quedou na maior parte das iniciativas nada máis que en papel mollado. Hai ademais un órgano impulsado e publicado no 2018 como é o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que apenas conta con actividade propia.

Os colectivos que traballan na nosa comunidade na defensa dos dereitos das persoas LGTBI denuncian a escasa colaboración económica por parte do goberno da Xunta ao tempo que observamos que xunto á ínfima partida contemplada nos orzamentos o nivel de execución a data 30 de xuño era de 0 %.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai o Goberno galego deste nivel de execución orzamentaria?
2. Cantas xuntanzas do Observatorio se teñen celebrado?
3. Con que contido e conclusións?
4. Vai incrementar o orzamento para os colectivos e asociacións que traballa pola igualdade das persoas LGTBI?
5. Que accións teñen impulsado desde a Xunta de Galicia, no ano 2022 no marco dos dereitos das persoas LGTBI?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 13:16:54

Julio Torrado Quintela na data 04/01/2023 13:17:03

Marina Ortega Otero na data 04/01/2023 13:17:11



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Noa Díaz Varela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

O alumnado de Silleda comezou este novo curso 2022/2023 padecendo as graves deficiencias que dende hai anos afectan aos dous CEIP do municipio e a pesar de que a Xunta anunciou e comprometeu unha reforma e o arranxo nos centros en diversas ocasións, a derradeira en maio do 2021. De feito, e unha pasado o verán sen telas executalas o Concello tivo que desenvolver traballos nos colexios titularidade da Consellería de Educación antes do comezo de curso para paliar algúns danos e o deterioro provocado polas humidades.

No caso do CEIP de Silleda as necesidades se remontan a hai máis dunha década de reclamacións por parte do Concello e da comunidade educativa, necesidades que co paso dos anos se agravaron precisando dunha reforma integral ambiciosa ou mesmo como se ten formulado a construción dun novo centro. Estamos a falar dun dos centros educativos máis antigos da comarca e que acolle a máis de 350 nenos e nenas. A última reclamación formal foi no ano 2018. Ao mesmo tempo que o alumnado desta escola padece humidades e filtracións, problemas de climatización, problemas estruturais, nos baños... deficiencias que precisan unha atención urxente desde hai anos, desde a consellería vemos como se prioriza o arranxo e a renovación doutros centros máis novos e con menos alumnado sen argumentos ou criterios técnicos que avalen este agravio comparativo.

Igualmente, no CEIP Ramón de Valenzuela da Bandeira tamén están pendentes de ser acometidos diversos traballos para evitar entre outros problemas a filtración de humidades.

A pesar de coñecer esta precaria situación que padece o persoal docente e o alumnado deste centro a Consellería de Educación segue amosando un enorme desleixo á hora de dar resposta as necesidades e as xustas demandas do Concello e da comunidade educativa.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son os motivos para non atender e completar as necesarias reformas dos CEIP Plurilingüe de Silleda e CEIP Ramón de Valenzuela da Bandeira en Silleda?
2. Considera a Consellería de Educación que as instalacións de ambos os dous colexios son axeitadas para ofrecer unha educación de calidade e en condicións dignas?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 13:18:07

Julio Torrado Quintela na data 04/01/2023 13:18:14

Noa Susana Díaz Varela na data 04/01/2023 13:18:23



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG**.

O pasado mes de novembro cumpríronse once anos desde que este Parlamento aprobou a Lei 9/2011 de medios públicos de Comunicación Audiovisual de Galicia.

O seu incumprimento sistemático nesta década é algo que temos denunciado reiteradamente desde este Grupo Parlamentario, por parte dos sindicatos e moitas e moitos profesionais da CRTVG, así como desde outras entidades como a Federación Europea de Xornalistas.

Unha década, na que se seguen sen aplicar preceptos da lei coma a elección do director xeral por dous terzos do Parlamento ou a creación do Consello de Informativos e do Estatuto Profesional.

Artigo 23. A directora ou director xeral.

3. O cargo de directora ou director xeral terá unha duración de cinco anos, e poderá ser reelixida ou reelixido no cargo unha vez por un período de idéntica duración.

Artigo 36. Estatuto profesional.

1. O estatuto profesional da Corporación RTVG é un instrumento destinado a fortalecer a calidade, profesionalidade e independencia dos contidos informativos ofrecidos polas distintas canles de radio, televisión e internet respondendo os principios xerais que inspiran a presente lei.

2. O estatuto profesional contemplará a creación dun consello de informativos como

órgano interno de participación dos profesionais da información da Corporación RTVG, a fin de velar pola independencia, veracidade e obxectividade dos contidos informativos difundidos por todas as súas canles.

3. As normas de organización e funcionamento do consello de informativos aprobaranse polo consello de administración, tras escoitar ás organizacións sindicais representativas.



Neste tempo, os tribunais condenaron á dirección por vulnerar desde o exercicio do dereito de folga ao dereito á conciliación, á non discriminación por razón de xénero e á libre expresión de ideas, e mesmo por violar a neutralidade política en plena campaña electoral, entre outras.

Un dos feitos máis graves e que polo que ningún responsable ten asumido responsabilidades, está constatado polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia nunha sentenza firme neste 2022 condenando e confirmando o fallo do Xulgado do Social número 1 de Santiago contra a Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) por vulnerar a liberdade de expresión e sancionar a un dos seus traballadores “pola súa participación activa nos Venres Negros”. Unha sentenza que deixa claro que hai censura e persecución de traballadores.

Para denunciar esta situación, centenares de persoas secundaron unha gran mobilización respaldada por medio centenar de organizacións en Santiago baixo o lema por una CRTVG "ao servizo do pobo.

Por todo o anteriormente exposto, as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. En que punto están os traballos para a aprobación do Estatuto Profesional e a creación do Consello de Informativos previstos na Lei 9/2011 de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia?
2. Ten algunha previsión para cumprir co compromiso e necesidade de contar co Plan de igualdade?
3. Que valoración fai, 11 despois da súa aprobación, do grao de cumprimento da Lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia?
4. A non depuración de responsabilidades ante unha sentenza firme de vulneración de dereitos fundamentais dun traballador represaliado segundo o TSXG lle parece aceptable?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago

Noa Díaz Varela

Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 13:50:43
Nº Rexistro: 46549
Data envío: 04/01/2023 13:50:43.312

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 13:19:30

Noa Susana Díaz Varela na data 04/01/2023 13:19:36

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O proxecto de orzamentos para o 2023, os máis expansivos da historia da comunidade, volve a poñer de manifesto que o compromiso e obriga de velar pola igualdade real en todos os ámbitos das persoas LGTBI non existe, polo menos a nivel orzamentario. A pesar de que os últimos datos oficiais sobre delitos de odio do Ministerio de Interior, e os feitos denunciados durante este 2022 en Galicia, amosan un incremento preocupante dos delitos de odio contra as persoas LGTBI recollidos na memoria de 2021 as cantidades contempladas son as mesmas que no 2022. Un de cada catro delitos de odio investigados polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado estiveron relacionados coa orientación sexual ou a identidade de xénero da vítima, un total de 466, o que supón un aumento de case o 70 % con respecto a 2019 (67,6 %) e 2020 (68,23 %). Os delitos de odio mostran unha tendencia alcista desde 2014 a pesar de seguir marcados pola infra denuncia.

Non só non abundan as cantidades, senón que a execución orzamentaria a 30 de xuño de 2022 era dun 0 % e as distintas asociacións e colectivos un exercicio máis denunciaron que non foi ata novembro cando reciben os escasos cartos consignados coas dificultades que esta falta de planificación e axilidade provoca.

Nos últimos tempos vimos observamos un retroceso tanto no discurso como nas actitudes e o intento de inxerencia dalgúns grupos políticos que enarborando a bandeira da liberdade, pretende conculcar os dereitos acadados. Convivimos con discursos de odio no día a día que derivan entre outras situacións lamentables e censurables, nun incremento neste último do número de agresións lgbtífóbicas na nosa comunidade.

En Galicia, contamos coa Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Se nestes momentos lemos o seus títulos a súa posta en práctica quedou na maior parte das iniciativas nada máis que en papel mollado.



Hai ademais un órgano impulsado e publicado no 2018 como é o Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que catro anos despois, e tal e como xa lamentamos en non ten apenas actividade propia.

Unha sola xuntanza en 2022.

En outubro do ano 2021 UGT presentaba un estudo sobre a situación das persoas LGTBI no traballo. No mesmo recollía que o 96% das persoas LGTBI en Galicia, o 90 % no Estado, consideran un inconveniente esta condición á hora de encontrar traballo. Tamén amosaba un dato demoledor, o 91 % na nosa Comunidade Autónoma considera necesario ocultar a súa orientación sexual e seis de cada dez traballadores en Galicia teñen vivido algunha agresión, dende comentarios de carácter despectivo, xestos ou agresións físicas.

É importante resaltar que Galicia se atopaba hai un ano entre as tres comunidades onde a percepción da discriminación é máis alta, e sobre estes índices estima este grupo parlamentario que o Goberno galego vese na obriga de actuar. Nunha interpelación sobre esta desigualdade no plano laboral do PSdeG a Conselleira de Igualdade aseguraba no mes de decembro no pleno deste Parlamento que se estaba a elaborar un estudo sobre a realidade laboral das persoas LGTBI que vería a luz nos primeiros meses de 2022. A piques de rematar este ano nada se sabe arredor deste traballo.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando van facer público o estudo anunciado hai xa un ano pola conselleira?
2. A que se deben os atrasos?
3. Que medidas teñen tomado a nivel laboral no marco das súas competencias para atallar a situación de desigualdade que denuncia as persoas LGTBI?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 13:20:26

Julio Torrado Quintela na data 04/01/2023 13:20:34

Marina Ortega Otero na data 04/01/2023 13:20:43



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

O proxecto de orzamentos para o 2023, os máis expansivos da historia da comunidade, volve a poñer de manifesto que o compromiso e obriga de velar pola igualdade real en todos os ámbitos das persoas LGTBI non existe, polo menos a nivel orzamentario. A pesar de que os últimos datos oficiais sobre delitos de odio do Ministerio de Interior, e os feitos denunciados durante este 2022 en Galicia, amosan un incremento preocupante dos delitos de odio contra as persoas LGTBI recollidos na memoria de 2021 as cantidades contempladas son as mesmas que no 2022. Un de cada catro delitos de odio investigados polas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado estiveron relacionados coa orientación sexual ou a identidade de xénero da vítima, un total de 466, o que supón un aumento de case o 70 % con respecto a 2019 (67,6 %) e 2020 (68,23 %). Os delitos de odio mostran unha tendencia alcista desde 2014 a pesar de seguir marcados pola infra denuncia.

Non só non abundan as cantidades, senón que a execución orzamentaria a 30 de xuño de 2022 era dun 0 % e as distintas asociacións e colectivos un exercicio máis denunciaron que non foi ata novembro cando reciben os escasos cartos consignados coas dificultades que esta falta de planificación e axilidade provoca.

Nos últimos tempos vimos observamos un retroceso tanto no discurso como nas actitudes e o intento de inxerencia dalgúns grupos políticos que enarborando a bandeira da liberdade, pretende conculcar os dereitos acadados. Convivimos con discursos de odio no día a día que derivan entre outras situacións lamentables e censurables, nun incremento neste último do número de agresións lgtbifóbicas na nosa comunidade. En Galicia, contamos coa LEI 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia. Se nestes momentos lemos o seus títulos a súa posta en práctica quedou na maior parte das iniciativas nada máis que en papel mollado.

Hai ademais un órgano impulsado e publicado no 2018 como é o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero que



catro anos despois, e tal e como xa lamentamos en non ten apenas actividade propia.

Unha sola xuntanza en 2022.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que actividades de información, formación e sensibilización ten feito este 2022 a Xunta de Galicia desde as distintas consellerías para paliar o aumento dos delitos e actitudes LGTBIfóbicas na comunidade e para avanzar na igualdade e non discriminación das persoas LGTBI?
2. Considera satisfactorio e axeitado, nun contexto de aumento das condutas e delitos lgtbifóbicos, que manter o orzamento dedicado aos colectivos e ao Observatorio no marco das contas máis expansivas da historia?
3. Porque non teñen cumprido coa previsión mínima de xuntanzas do Observatorio?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago
Julio Torrado Quintela
Marina Ortega Otero
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 13:21:24

Julio Torrado Quintela na data 04/01/2023 13:21:31

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 13:51:42
Nº Rexistro: 46553
Data envío: 04/01/2023 13:51:42.219

Marina Ortega Otero na data 04/01/2023 13:21:39

CSV: BOPGDSPG-L2nzmhUJO-8
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Noelia Otero Lago, Leticia Gallego Sanromán e Noa Díaz Varela, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

«Sempre dixen que os meus poemas eran para dicir. Pero non o nego, non son tan cerril, non me nego a que haxa letra impresa, pero quere dicir que fatalmente o animal queda anémico ao facer imprenta recollemos un animal forte, e quedou jadeante, quedou extenuado ante o libro; estivemos tratando cun animal fermosamente salvaxe, un animal da selva e, de súpeto, este animal converteuse nun animal doméstico, ou nun can de caza.»

Carlos Oroza sabía os seus versos de memoria. Nunca necesitou escribilos para lembrar. Sabíaos todos, centos deles, de memoria, mesmo manifestou en múltiples ocasións que lle parecía innecesario escribilos. Cando en 1974 publicou, Elencar na vangardista editorial Tres Catorce Dezasete, a súa práctica poética non se transformou, a súa dedicación esencial foi sempre recitar, xa que o espazo escénico é o lugar onde reside a incontestable oralidade da súa poesía.

Oroza practicou a poesía longa dos que non escriben sentados, dos que escriben camiñando. Da vida de Carlos Oroza (Viveiro, 1923 – Vigo, 2015) sabemos pouco, el mesmo diluíu calquera dato cotián da súa biografía. Viviu entre os anos corenta e os setenta en Madrid onde construíu o núcleo da súa obra: un extenso poema oral. A elaboración, o axuste da súa poesía dependeu sempre da súa oralidade radical.

Foi Premio Beat, Premio Internacional de Poesía UnderGround. Viaxou recitando dentro e fóra de España e viviu unha tempada en Eivissa. Durante os anos setenta residiu no Caurel (Lugo) e nos anos oitenta instalouse definitivamente en Vigo, moi preto do mar, o elemento que guiou a súa última poesía. Habitual da vida cultural da cidade, o rapsoda xa dá nome a unha rúa, a transversal entre Príncipe e Policarpo Sanz, un lugar que percorría no seu paseo diario habitual.

Poeta raro, figura e personaxe da bohemia madrileña, voz única da poesía española, con seguidores e sen discípulos. Non podemos poñer en valor e falar de



Oroza sen falar do traballo que con el en vida, e agora nestes anos desenvolveu para difundir a súa obra e achega a Editorial Elvira de Vigo. O editor Xabier Romero, amigo íntimo de Oroza e responsable de publicar a súa obra, Évame, na que escoitamos todos os seus versos.

Foi en Vigo onde publicou esta primeira antoloxía da súa obra completa, en 2012, “Évame”, coa editorial Elvira, un fito na súa traxectoria, xa que a súa creación caracterizábase pola transmisión oral con intencionalidade efémera, a través da montaxe de performance.

O vindeiro mes de maio de 2013, conmemórase o centenario do seu nacemento, e con este motivo vén de botar a andar a Asociación Évame Carlos Oroza impulsada e formada por representantes da cultura como Antón Lamazares, Menchu Lamas, Antón Patiño, Antón Beiras Cal, María Xosé Porteiro, Antón Pulido, Bieito Ledo, o actor Morris, Antón Reixa, Leticia Costas ou os xornalistas Jabois e Noelia Otero.

Desde o Grupo do PSdeG estamos ao tanto da importancia deste centenario, da necesidade de velar polo legado e a figura deste poeta único e do papel que para tal fin desenvolve a Editorial Elvira e agora desenvolverá esta Asociación. De feito, xa está a traballar nestes meses nunha programación e claro que a Xunta ten que estar aí. Entre outras actividades con motivo deste centenario se creará o Premio Internacional de Poesía co seu nome. A convocatoria incluírá un galardón para a mellor creación literaria en galego, a mellor en castelán e a mellor iniciativa musical con apoio literario en calquera de ambas as linguas.

Outra nova importante é que para este legado, a Asociación Évame-Oroza conta xa cun espazo físico no casco vello vigués, dedicado á investigación da escritura e a súa interacción coas artes, tanto en soportes tradicionais como da Intelixencia Artificial e das artes visuais. Ademais, os resultados dos traballos terán presenza permanente na sede da asociación desde onde se pretende convertan en mostras itinerantes.

A editorial Elvira capitanea o proceso de creación do padroado en honra ao poeta, o goberno da Xunta de Galicia e a Consellería de Cultura teñen que estar ao seu carón na difusión da figura do poeta e custodia o seu legado literario. Considerado como o último representante español do movemento beat ata o seu falecemento en Vigo en novembro de 2015. Oroza foi un autodidacta, un dos grandes creadores que viviu na nosa comunidade, na cidade de Vigo e con todo, o



seu nome e obra aínda son grandes descoñecidos. O centenario ten que ser unha oportunidade que non desaproveitemos desta vez.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

Que apoio ten pensado desenvolver a Consellería de Cultura a Asociación impulsada con motivo do vindeiro centenario do nacemento do poeta Carlos Oroza na difusión da súa obra e figura e conservación do seu legado?

Pazo do Parlamento, 4 de xaneiro do 2023

Asdo.: Noelia Otero Lago
Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noelia Otero Lago na data 04/01/2023 13:22:43

María Leticia Gallego Sanromán na data 04/01/2023 13:22:49

Noa Susana Díaz Varela na data 04/01/2023 13:22:58



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Noelia Otero Lago, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta escrita.

Un dos cometidos da CRTVG é funcionar de motor do audiovisual galego e por iso consideramos preciso coñecer de maneira pormenorizada a contratación de produción externa.

Por iso, as deputadas que asinan, solicitan en resposta escrita contestación ás seguintes preguntas:

1ª) Cal é a relación de empresas contratadas dende 2010 para produción externa da TVG e cal era o importe por ano de cada un deses contratos?

2ª) Cales foron os programas realizados por cada unha desas empresas en cada unha das anualidades dende 2010?

3ª) Cantos programas de produción externa foron realizados directamente por empresas galegas e cales por empresas de fóra de Galicia?

Pazo do Parlamento, 30 de decembro de 2022

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 30/12/2022 13:14:09

Noelia Otero Lago na data 30/12/2022 13:14:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza cubra a totalidade dos postos de traballo do Centro de Saúde de Riotorto.

O pasado doce de decembro o Centro de Saúde de Riotorto pasaba a non contar con ningún médico ou médica, deixando deste xeito a preto de 1200 veciñas e veciños abandonados, xa que pasaban a quedar sen unha asistencia sanitaria de calidade. Este feito evidentemente tivo consecuencias inmediatas como as demoras nas consultas ou na xestión das receitas.

Alén disto, a non cobertura das prazas de médicos no Centro de Saúde provocou e segue a provocar situacións máis que perigosas, como que a única solución para as urxencias sexa o 061, e todo isto debido a que a pesar do paso dos días a Xunta de Galiza segue sen cubrir as ausencias dos dous facultativos titulares.

Esta situación que supón un dos maiores ataques á sanidade pública do concello en anos tivo xa unha grande resposta por parte dos veciños e veciñas do concello, que seguen a ver como o Partido Popular continúa a atacar á sanidade pública galega e máis concretamente á nosa Atención Primaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodeGaliza.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

- Cal é a razón que explica que a día de hoxe a Xunta de Galiza siga sen cubrir as dúas prazas de médico/a do Centro de Saúde de Riotorto?
- Pensa a Xunta de Galiza cubrir canto antes as dúas prazas sen facultativos do Centro de Saúde de Riotorto?

Santiago de Compostela, 2 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Daniel Castro García**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 02/01/2023 18:14:29

Daniel Castro García na data 02/01/2023 18:14:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Manuel Lourenzo Sobral, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**, sobre a demanda de medidas de protección dos murais de Urbano Lugrís situados nun edificio da Rúa dos Olmos, número 25, da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Urbano Lugrís (1908-1973) é un dos pintores coruñeses máis significados do século XX, autor dunha plástica surrealista que nace da recreación onírica do mundo mariño, habitada por paisaxes imposibles rodeadas de seres míticos nunha atmosfera propia e recoñecida baixo a exclusiva sinatura lugrisiana.

Para alén doutras facetas artísticas, entre as que cómpre destacar a escrita, é autor dunha prolífica obra pictórica que ofrece unha singularidade: unha parte desta obra artística son orixinais murais realizados in situ nas paredes do interior de edificios públicos e privados.

O Museo de Castrelos ou a Colección AFundación da obra social ABANCA acubillan unha parte moi importante do capital artístico do pintor coruñés, mais tamén institucións públicas como este Parlamento, achegando ao público unha parte desa obra tan extraordinaria do Lugrís surrealista.

Outra parte da obra decora as paredes de establecementos privados como acontece co edificio situado na céntrica e coruñesa Rúa dos Olmos, número 25, que acolle oito





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

murais de Urbano Lugrís datados a comezos dos anos 50 e onde cómpre destacar unha vista da Coruña cinguida á arquitectura dunha arcada.

Na actualidade, este edificio presenta un lamentábel estado de abandono e deterioración con filtracións de auga no interior e caída de cascotes no exterior, unha situación que está a pór en perigo a conservación do tesouro artístico que representan os murais de Urbano Lugrís como parte do seu rico legado artístico, catalogado como Patrimonio Cultural de Galiza.

A preocupación da cidadanía pola conservación destes murais ficou explícita en diferentes ocasións a través do colectivo cultural In nave civitas e a asociación O Mural, que están a demandar que se activen os mecanismos de protección e conservación deste tesouro plástico senlleiro.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta escrita:

Vai activar a Xunta medidas de protección dos murais de Urbano Lugrís que se achan no interior do edificio da Rúa dos Olmos, número 25, da Coruña, comezando pola incoación do expediente BIC?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 04/01/2023 10:18:57

Mercedes Queixas Zas na data 04/01/2023 10:19:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz e Daniel Castro García, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A fins de maio do pasado ano 2022 abordabamos na comisión 7ª, a problemática dos procesos de reestruturación da propiedade da chamada Zona Norte do concello de Mondoñedo, chegando a un acordo transaccionado que dicía:

Que a Consellería do Medio Rural continúe co proceso e revise a chamada Zona Norte do concello de Mondoñedo que abrangue as parroquias de Couboeira, Masma e Vilamor, e que acometa, ben de oficio ou a instancia dos novos propietarios, e en coordinación coa administración local os traballos necesarios para o acondicionamento de fincas e obras pendentes.

A iniciativa do BNG, en orixe, pretendía condiciona-la inminente entrega de títulos á realización previa das obras de acondicionamento nas novas parcelas das tres parroquias afectadas, imprescindibles para que, logo de máis de 30 anos de demora no proceso, este non resultase unha burla.

O artigo 60 da Lei 4/2015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galiza indica que, “unha vez aprobadas as bases de reestruturación parcelaria, a dirección xeral competente en materia de desenvolvemento rural, por proposta do servizo provincial correspondente, aprobará un plan de obras que reflectirá todas as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

actuacións en infraestruturas rurais colectivas indispensables para a reestruturación parcelaria”.

Estarán incluídas no plan as obras de acondicionamento e mellora da estrutura dos novos predios a eliminación de accidentes naturais ou artificiais que impidan ou dificulten o cultivo acaído dos predios de substitución, o saneamento de terras, as nivelacións e outros traballos de conservación do solo e, en xeral, calquera actuación que mellore a viabilidade do predio para o seu cultivo.

Pois ben, o pasado 2 de decembro anúnciase un investimento por parte da Xunta de Galiza dun total de 48.387,49 euros en algunhas obras complementarias ó proceso de concentración da Zona Norte do concello de Mondoñedo dentro do PIR (Plan de Infraestruturas Rurais) do 2022. As actuacións deste Plan consistirían na mellora, adecuación e ampliación de diferentes camiños.

Na realidade tratarase de cinco actuacións concretas que sendo necesarias non dan solución ás irregularidades múltiples observadas na finalización do proceso.

Polo que sabemos non foron revisadas as obras nin consultados os afectados para a elaboración dese Plan de Acondicionamento, co que resulta que, logo de máis de 30 anos, esta obra faraónica convértese nunha mofa ós veciños de parte dunhas administracións, local e autonómica, que incumpren a lei, a lóxica e o acordo parlamentario.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Por que razón o Plan de Acondicionamento proposto pola Consellería de Medio Rural non contempla a totalidade das obras de acondicionamento necesarias nas parroquias de Vilamor, Couboeira e Masma?

-Cre a Consellería normal a finalización en precario deste proceso de reestruturación?

-Cal é a razón que leva á Consellería de Medio Rural a esta demora e abandono do proceso de Reestruturación da Propiedade da chamada Zona Norte de Mondoñedo?

-Que medidas pensa tomar nun prazo inmediato?

-Pensa depurar responsabilidades nestes retrasos inxustificables e neste pretendido irregular remate do proceso?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Daniel Castro García

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 04/01/2023 10:56:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/01/2023 10:57:40
Nº Rexistro: 46467
Data envío: 04/01/2023 10:57:40.469

Xosé Luis Rivas Cruz na data 04/01/2023 10:56:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

1. A atención sanitaria en Cerdedo vén sufrindo nos últimos tempos un continuo proceso de deterioro, degradación, precarización e supresión de servizos. Debido a que non se cobren as baixas do único médico do centro de saúde, a veciñanza non conta con atención todos os días da semana. Por outra parte, non existe servizo de pediatría e para atender nenos e nenas é preciso desprazarse até Tenorio ou Forcarei.

En contra dos discursos oficiais de promoción dos investimentos e servizos no rural, a realidade é que se reducen continuamente as prestacións en xeral e nun servizo fundamental como é o da saúde. Con este proceder do goberno da Xunta, vivir no rural estase a converter nunha cuestión de vontade decidida e de heroísmo, o que explica os procesos de abandono e despoboación que caracterizan a moitos concellos do interior do noso país.

2. Esta situación de deterioro e de supresión de servizos básicos foi reiteradamente denunciada pola veciñanza de Cerdedo, sen que por parte da Xunta e do Concello se adoptasen as medidas necesarias para corrixila. Ao longo do ano 2022 leváronse a cabo varias mobilizacións por parte da veciñanza e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

recentemente creouse a Plataforma Cerdedo Pola Sanidade Pública que ten como principais reivindicacións as seguintes:

- Atención sanitaria presencial todos os días en horario de mañá
- Recuperación do Servizo de pediatria.
- Mellora na atención de urxencias.
- Dotación dunha ambulancia medicalizada para a comarca.

3. Como exemplo da desatención na atención pediátrica, no pasado mes de decembro unha veciña da parroquia de Figueroa con crianzas de sete, cinco e menos de un ano viuse obrigada a acudir á consulta privada de pediatria no Carballiño diante da imposibilidade de conseguir cita nos centros públicos de referencia. O servizo de pediatria foi suprimido en Cerdedo fai máis de 2 anos, polo que é necesario desprazarse até Forcarei onde dous días á semana e dúas horas cada día atende unha pediatra, que a cotío ten o cadro de citas saturado.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galiza para corrixir o deterioro, a precarización e a supresión de servizos no centro de saúde de Cerdedo e prestar unha atención sanitaria digna á veciñanza?

Ten previsto o goberno galego prestar atención sanitaria presencial e garantir a atención médica todos os días?

Ten previsto a Xunta dotar de pediatra o centro de saúde de Cerdedo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten previsto a Xunta mellorar a atención ás urxencias no ámbito do centro de saúde de Cerdedo?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 04/01/2023 13:00:56

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 13:01:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Paulo Ríos Santomé, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta escrita.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 26 de decembro o goberno enviou unha resposta parlamentaria ao grupo do BNG en relación coa “bonificación do recibo de SOGAMA aos concellos que implanten en 2023 o quinto colector ou colector marrón”.

O contido da resposta é o seguinte:

En relación coa pregunta con resposta escrita número 43797, formulada polo Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre “a bonificación do recibo de SOGAMA aos concellos que implanten en 2023 o quinto colector ou colector marrón” (publicada no BOPG número 413 do 23 de novembro de 2022), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, que ten o seguinte contido:

“Tendo en conta o actual contexto económico, a Xunta decidiu apostar o vindeiro ano por ampliar ata o 15% a bonificación do canon de Sogama a todos aqueles concellos adheridos que:

-Promovan a redución de residuos e/ou o incremento da reciclaxe de envases lixeiros

- Trasladen a rebaixa ao recibo que pagan os usuarios





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- E que, como novidade, asuman o compromiso de introducir a recollida separada dos biorresiduos antes do 31 de decembro de 2023”.

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galiza, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A información desta resposta non coincide coa enviada polo Presidente de SOGAMA aos concellos, nin co establecido na lei de acompañamento dos orzamentos de 2023, polo que que é necesario que o goberno aclare a súa posición ao respecto deste tema.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta escrita:

-Cal é o criterio da Xunta para establecer a bonificación do 15% do canon de SOGAMA aos concellos adheridos?

-Vai obrigar a Xunta a recoller separadamente os biorresiduos mediante o colector marrón para poder beneficiarse da bonificación?

-Vai o goberno galego utilizar como un dos criterios para ter dereito á bonificación do 15% o compromiso de introducir a recollida separada dos biorresiduos antes do 31 de decembro de 2023?

-Comparte a Xunta o criterio defendido por moitas institucións, entre elas a deputación de Ourense, do sentido que supón o establecemento da obriga do colector marrón como única alternativa para a xestión dos biorresiduos?

Santiago de Compostela, 4 de xaneiro de 2023





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Paulo Ríos Santomé
Deputada e deputados do G.P. do BNG


Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 04/01/2023 13:33:47

Alexandra Fernández Gómez na data 04/01/2023 13:33:52

Xosé Luis Bará Torres na data 04/01/2023 13:34:00





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

